



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 155
16 de xuño de 2021

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de xuño de 2021, polo que se admite a trámite a Proposición de lei de reforma do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

[59268](#)

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de xuño de 2021, polo que se admite a trámite a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico

[59275](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

17223 (11/MOC-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 15774, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 9 de xuño)

[59296](#)

17244 (11/MOC-000050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 16363, publicada no BOPG num. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 9 de xuño)

[59299](#)

17245 (11/MOC-000051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector da automoción (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 14348, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 9 de xuño)

[59301](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 17046 (11/PNP-001664)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Suárez Sarmiento, María Elena e 14 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia á Administración Xeral do Estado da inclusión da parada en Vilagarcía de Arousa no seu servizo diario de tren Alvia que a partir do luns 14 de xuño sairá da estación de Vigo-Urzaiz ás 8.55 horas con destino a Madrid-Chamartín [59303](#)

I 17091 (11/PNP-001669)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero [59306](#)

I 17164 - 17173 (11/PNP-001676)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro e 14 máis

Sobre a postura do Parlamento respecto da utilización con fins partidistas da figura do indulto [59311](#)

I 17258 (11/PNP-001687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o peche de camas e a redución da actividade hospitalaria durante os meses de verán na Área Sanitaria de Vigo e a súa derivación a Povisa [59318](#)

I 17268 (11/PNP-001688)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 13 máis

Sobre a postura que debe defender a Xunta de Galicia perante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación respecto da negociación da política agraria común 2023-2027 [59325](#)

I 17277 (11/PNP-001689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 17 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para manter a atención sanitaria e hospitalaria durante os meses de verán [59333](#)

I 17291 (11/PNP-001690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para ampliar a rede de puntos de encontro familiar e actualizar a súa normativa [59340](#)

Admisión a trámite e publicación

I 16911 (11/PNP-001651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da construción do Centro de Interpretación do castro Cociñadoiro, de Arteixo [59346](#)

I 16925 (11/PNP-001652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a demanda da Xunta de Galicia á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para que leve o control da despregadura de fibra óptica nos concellos de Galicia [59350](#)

I 16938 (11/PNP-001653)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para seguir as recomendacións do grupo de expertos que elaboraron o Ditame da Comisión parlamentaria sobre incendios forestais [59353](#)

I 16950 (11/PNP-001654)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar as posibles modificacións estruturais do sistema de urxencias de atención primaria [59356](#)

I 16956 (11/PNP-001656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o cumprimento por parte das empresas dedicadas á actividade mineira da normativa vixente 9ue lle atinxe [59359](#)

I 16963 (11/PNP-001657)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para continuar incorporando vantaxes ao Carné Xove [59367](#)

I 16978 (11/PNP-001659)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para consensuar coa Federación Galega de Municipios e Provincias os criterios de financiamento das entidades locais [59371](#)



I 17000 (11/PNP-001660)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado do aboamento das cantidades pendentes derivadas da negociación colectiva e do incremento salarial determinado para 2020 para o persoal das autoridades portuarias da Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo [59375](#)

I 17003 (11/PNP-001661)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para atender a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero que viven no rural [59379](#)

I 17012 (11/PNP-001662)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación coa situación de precariedade da Oficina Agraria Comarcal da Rúa [59383](#)

I 17027 (11/PNP-001663)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha defensa, ante a Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio, para frear a proposta de prohibir determinadas subvencións á pesca [59387](#)

I 17057 (11/PNP-001665)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para avaliar o estado da infraestrutura do Hospital Álvaro Cunqueiro e negociar coa empresa concesionaria unha solución aos problemas da cociña do hospital [59390](#)

I 17068 (11/PNP-001666)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación ao centro de arte rupestre de Campo Lameiro [59392](#)

I 17080 - 17116 (11/PNP-001667)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre o rexeitamento da Xunta de Galicia da proposta da Organización Mundial do Comercio respecto da eliminación das subvencións do combustible á pesca [59395](#)

I 17081 (11/PNP-001668)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa cobertura das prazas vacantes de radioxía no Hospital da Mariña [59398](#)

I 17108 (11/PNP-001670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de arquivos [59400](#)

I 17117 (11/PNP-001671)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego ante o peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo [59403](#)

I 17137 (11/PNP-001672)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para atenuar o impacto das inclemencias meteorolóxicas de febreiro na actividade marisqueira das rías galegas [59407](#)

I 17147 (11/PNP-001673)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cubrir todas as prazas vacantes do Centro de Saúde de Burela [59412](#)

I 17148 (11/PNP-001674)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar o Centro de Saúde de Baiona e o punto de atención continuada da Xunqueira no verán, recuperar a atención presencial e dotar de recursos humanos e técnicos a atención médica telefónica [59414](#)

I 17160 (11/PNP-001675)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a xestión ambiental de lodos mineiros [59417](#)

I 17167 (11/PNP-001677)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aplicar a lexislación ambiental á tramitación dos proxectos de parques eólicos na comarca da Terra de Montes e proceder á elaboración consensuada nun novo marco legal para o desenvolvemento eólico [59420](#)

I 17177 - 17215 (11/PNP-001678)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas á atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde [59429](#)

I 17187 (11/PNP-001679)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a remisión semestral ao Parlamento de Galicia do programa de asignación de recursos en materia de dependencia [59435](#)

I 17206 (11/PNP-001680)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica [59438](#)

I 17207 (11/PNP-001681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do financiamento da atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde [59441](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a unha comisión e publicación

I 17047 (11/PNC-001732)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Suárez Sarmiento, María Elena e 14 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia á Administración Xeral do Estado da inclusión da parada en Vilagarcía de Arousa no seu servizo diario de tren Alvia que a partir do luns 14 de xuño sairá da estación de Vigo-Urzaiz ás 8.55 horas con destino a Madrid-Chamartín [59443](#)

I 17092 (11/PNC-001738)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero [59446](#)

I 17165 - 17173 (11/PNC-001745)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 14 máis

Sobre a postura do Parlamento respecto da utilización da figura do indulto con fins partidistas e a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de respecto ás decisións dos xuíces para non utilizar con fins partidistas a figura do indulto [59450](#)



I 17175 (11/PNC-001747)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e 15 máis**

Sobre a postura do Parlamento respecto da utilización da figura do indulto con fins partidistas e a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de respecto ás decisións dos xuíces para non utilizar con fins partidistas a figura do indulto

[59457](#)**I 17259 (11/PNC-001758)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 4 máis**

Sobre o peche de camas e a redución da actividade hospitalaria durante os meses de verán na Área Sanitaria de Vigo e a súa derivación a Povisa

[59461](#)**I 17267 (11/PNC-001759)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 13 máis**

Sobre a postura que debe defender a Xunta de Galicia perante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación respecto da negociación da política agraria común 2023-2027

[59466](#)**I 17276 (11/PNC-001760)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para manter a atención sanitaria e hospitalaria durante os meses de verán

[59474](#)**I 17290 (11/PNC-001761)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para ampliar a rede de puntos de encontro familiar e actualizar a súa normativa

[59479](#)**Admisión a trámite, asignación a unha comisión e publicación****I 16912 (11/PNC-001716)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da construción do Centro de Interpretación do castro Cociñadoiro, de Arteixo

[59484](#)**I 16926 (11/PNC-001719)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para que leve o control da despregadura de fibra óptica nos concellos de Galicia

[59488](#)

I 16939 (11/PNC-001720)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para seguir as recomendacións do grupo de expertos que elaboraron o Ditame da Comisión parlamentaria sobre incendios forestais [59491](#)

I 16951 (11/PNC-001721)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar as posibles modificacións estruturais do sistema de urxencias de atención primaria [59494](#)

I 16957 (11/PNC-001722)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para exixir á empresa San Finx, en Lou-same, a execución das medidas de prevención e reparación dos danos ambientais e a regularización da explotación mineira [59497](#)

I 16962 (11/PNC-001723)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para continuar incorporando vantaxes ao Carné Xove [59505](#)

I 16966 (11/PNC-001724)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a realización de obras de eficiencia enerxética e mellora dos espazos no Colexio de Educación Infantil e Primaria Xacinto Amigo Lera, no concello de Val do Dubra [59509](#)

I 16967 (11/PNC-001725)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 6 máis**

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno español da concreción dos criterios de selección dos proxectos no ámbito da mobilidade sostible, a dixitalización do transporte e as comunicacións que serán financiados con cargo aos fondos Next Generation [59511](#)

I 16969 (11/PNC-001726)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de modificar a tramitación e autorización de proxectos eólicos en Galicia [59513](#)

I 16977 (11/PNC-001727)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para consensuar coa Federación Galega de Municipios e Provincias os criterios de financiamento das entidades locais [59518](#)

I 17001 (11/PNC-001728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado do aboamento das cantidades pendentes derivadas da negociación colectiva e do incremento salarial determinado para 2020 para o persoal das autoridades portuarias da Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo [59522](#)

I 17004 (11/PNC-001729)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para atender a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero que viven no rural [59526](#)

I 17013 (11/PNC-001730)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación coa situación de precariedade da Oficina Agraria Comarcal da Rúa [59530](#)

I 17026 (11/PNC-001731)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha defensa, ante a Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio, para frear a proposta de prohibir determinadas subvencións á pesca [59534](#)

I 17058 (11/PNC-001733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para avaliar o estado da infraestrutura do Hospital Álvaro Cunqueiro e negociar coa empresa concesionaria unha solución aos problemas da cociña do hospital [59537](#)

I 17062 (11/PNC-001734)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar ao concello da Rúa dunha motobomba para a extinción de incendios forestais [59539](#)

I 17069 (11/PNC-001735)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación ao centro de arte rupestre de Campo Lameiro [59542](#)



I 17079 - 17116 (11/PNC-001736)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre o rexeitamento da Xunta de Galicia da proposta da Organización Mundial do Comercio respecto da eliminación das subvencións do combustible á pesca [59545](#)

I 17082 (11/PNC-001737)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa cobertura das prazas vacantes de radioloxía no Hospital da Mariña [59548](#)

I 17107 (11/PNC-001739)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de arquivos [59550](#)

I 17118 (11/PNC-001740)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 4 máis**

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego ante o peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo [59553](#)

I 17138 (11/PNC-001741)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para atenuar o impacto das inclemencias meteorolóxicas de febreiro na actividade marisqueira das rías galegas [59557](#)

I 17146 (11/PNC-001742)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cubrir todas as prazas vacantes do Centro de Saúde de Burela [59562](#)

I 17149 (11/PNC-001743)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar no verán a asistencia sanitaria en Baiona e o Val Miñor [59564](#)

I 17159 (11/PNC-001744)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para poñer en marcha un plan de xestión respecto do xabaril e dos danos que produce [59567](#)



I 17168 (11/PNC-001746)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aplicar a lexislación ambiental á tramitación dos proxectos de parques eólicos na comarca da Terra de Montes e proceder á elaboración consensuada nun novo marco legal para o desenvolvemento eólico

[59570](#)**I 17178 - 17215 (11/PNC-001748)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas á atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde

[59579](#)**I 17188 (11/PNC-001749)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a remisión semestral ao Parlamento de Galicia do programa de asignación de recursos en materia de dependencia

[59585](#)**I 17205 (11/PNC-001750)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica

[59588](#)**I 17208 (11/PNC-001751)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do financiamento da atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde

[59591](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 10 de xuño de 2021 de nomeamento dun funcionario da escala técnica de tecnoloxías da información do corpo de xestión do Parlamento de Galicia

[59266](#)

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 10 de xuño de 2021 de nomeamento dun funcionario da escala técnica de tecnoloxías da información do corpo de xestión do Parlamento de Galicia

[59267](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de xuño de 2021, polo que se admite a trámite a Proposición de lei de reforma do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 17222 (11/PPL-000008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de reforma do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de reforma do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de xuño de 2021, polo que se admite a trámite a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 17257 (11/PPLC-000003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 17223 (11/MOC-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 15774, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 9 de xuño)



- 17244 (11/MOC-000050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 16363, publicada no BOPG num. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 9 de xuño)

- 17245 (11/MOC-000051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector da automoción (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 14348, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 9 de xuño)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 17046 (11/PNP-001664)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Suárez Sarmiento, María Elena e 14 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia á Administración Xeral do Estado da inclusión da parada en Vilagarcía de Arousa no seu servizo diario de tren Alvia que a partir do luns 14 de xuño sairá da estación de Vigo-Urzaiz ás 8.55 horas con destino a Madrid-Chamartín

- 17091 (11/PNP-001669)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero

- 17164 - 17173 (11/PNP-001676)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 14 máis

Sobre a postura do Parlamento respecto da utilización con fins partidistas da figura do indulto

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 17173.

- 17258 (11/PNP-001687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o peche de camas e a redución da actividade hospitalaria durante os meses de verán na Área Sanitaria de Vigo e a súa derivación a Povisa



- 17268 (11/PNP-001688)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 13 máis

Sobre a postura que debe defender a Xunta de Galicia perante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación respecto da negociación da política agraria común 2023-2027

- 17277 (11/PNP-001689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 17 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para manter a atención sanitaria e hospitalaria durante os meses de verán

- 17291 (11/PNP-001690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para ampliar a rede de puntos de encontro familiar e actualizar a súa normativa

Admisión a trámite e publicación

- 16911 (11/PNP-001651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da construción do Centro de Interpretación do castro Cociñadoiro, de Arteixo

- 16925 (11/PNP-001652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a demanda da Xunta de Galicia á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para que leve o control da despregadura de fibra óptica nos concellos de Galicia

- 16938 (11/PNP-001653)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para seguir as recomendacións do grupo de expertos que elaboraron o Ditame da Comisión parlamentaria sobre incendios forestais

- 16950 (11/PNP-001654)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar as posibles modificacións estruturais do sistema de urxencias de atención primaria

- 16956 (11/PNP-001656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre o cumprimento por parte das empresas dedicadas á actividade mineira da normativa vixente que lle atinxe

- 16963 (11/PNP-001657)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para continuar incorporando vantaxes ao Carné Xove

- 16978 (11/PNP-001659)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para consensuar coa Federación Galega de Municipios e Provincias os criterios de financiamento das entidades locais

- 17000 (11/PNP-001660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado do aboamento das cantidades pendentes derivadas da negociación colectiva e do incremento salarial determinado para 2020 para o persoal das autoridades portuarias da Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo

- 17003 (11/PNP-001661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para atender a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero que viven no rural

- 17012 (11/PNP-001662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación coa situación de precariedade da Oficina Agraria Comarcal da Rúa

- 17027 (11/PNP-001663)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha defensa, ante a Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio, para frear a proposta de prohibir determinadas subvencións á pesca

- 17057 (11/PNP-001665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para avaliar o estado da infraestrutura do Hospital Álvaro Cunqueiro e negociar coa empresa concesionaria unha solución aos problemas da cociña do hospital



- 17068 (11/PNP-001666)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación ao centro de arte rupestre de Campo Lameiro

- 17080 - 17116 (11/PNP-001667)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre o rexeitamento da Xunta de Galicia da proposta da Organización Mundial do Comercio respecto da eliminación das subvencións do combustible á pesca

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 17116.

- 17081 (11/PNP-001668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa cobertura das prazas vacantes de radioxía no Hospital da Mariña

- 17108 (11/PNP-001670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de arquivos

- 17117 (11/PNP-001671)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego ante o peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

- 17137 (11/PNP-001672)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para atenuar o impacto das inclemencias meteorolóxicas de febreiro na actividade marisqueira das rías galegas

- 17147 (11/PNP-001673)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cubrir todas as prazas vacantes do Centro de Saúde de Burela

- 17148 (11/PNP-001674)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre as actuacións de debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar o Centro de Saúde de Baiona e o punto de atención continuada da Xunqueira no verán, recuperar a atención presencial e dotar de recursos humanos e técnicos a atención médica telefónica

- 17160 (11/PNP-001675)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a xestión ambiental de lodos mineiros

- 17167 (11/PNP-001677)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aplicar a lexislación ambiental á tramitación dos proxectos de parques eólicos na comarca da Terra de Montes e proceder á elaboración consensuada nun novo marco legal para o desenvolvemento eólico

- 17177 - 17215 (11/PNP-001678)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas á atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 17215.

- 17187 (11/PNP-001679)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a remisión semestral ao Parlamento de Galicia do programa de asignación de recursos en materia de dependencia

- 17206 (11/PNP-001680)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica

- 17207 (11/PNP-001681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do financiamento da atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde



1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a unha comisión e publicación

- 17047 (11/PNC-001732)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Suárez Sarmiento, María Elena e 14 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia á Administración Xeral do Estado da inclusión da parada en Vilagarcía de Arousa no seu servizo diario de tren Alvia que a partir do luns 14 de xuño sairá da estación de Vigo-Urzaiz ás 8.55 horas con destino a Madrid-Chamartín

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17092 (11/PNC-001738)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 17165 - 17173 (11/PNC-001745)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro e 14 máis

Sobre a postura do Parlamento respecto da utilización da figura do indulto con fins partidistas e a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de respecto ás decisións dos xuíces para non utilizar con fins partidistas a figura do indulto

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

A Mesa admíteaa coa corrección de erros formulada no doc. núm. 17173.

- 17175 (11/PNC-001747)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro e 15 máis

Sobre a postura do Parlamento respecto da utilización da figura do indulto con fins partidistas e a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de respecto ás decisións dos xuíces para non utilizar con fins partidistas a figura do indulto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17259 (11/PNC-001758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre o peche de camas e a redución da actividade hospitalaria durante os meses de verán na Área Sanitaria de Vigo e a súa derivación a Povisa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 17267 (11/PNC-001759)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 13 máis

Sobre a postura que debe defender a Xunta de Galicia perante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación respecto da negociación da política agraria común 2023-2027

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17276 (11/PNC-001760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para manter a atención sanitaria e hospitalaria durante os meses de verán

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17290 (11/PNC-001761)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para ampliar a rede de puntos de encontro familiar e actualizar a súa normativa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión a trámite, asignación a unha comisión e publicación

- 16912 (11/PNC-001716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da construción do Centro de Interpretación do castro Cociñadoiro, de Arteixo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16926 (11/PNC-001719)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a demanda da Xunta de Galicia á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para que leve o control da despregadura de fibra óptica nos concellos de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 16939 (11/PNC-001720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para seguir as recomendacións do grupo de expertos que elaboraron o Ditame da Comisión parlamentaria sobre incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16951 (11/PNC-001721)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar as posibles modificacións estruturais do sistema de urxencias de atención primaria
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16957 (11/PNC-001722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para exixir á empresa San Finx, en Lousame, a execución das medidas de prevención e reparación dos danos ambientais e a regularización da explotación mineira

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16962 (11/PNC-001723)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para continuar incorporando vantaxes ao Carné Xove

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16966 (11/PNC-001724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a realización de obras de eficiencia enerxética e mellora dos espazos no Colexio de Educación Infantil e Primaria Xacinto Amigo Lera, no concello de Val do Dubra

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16967 (11/PNC-001725)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno español da concreción dos criterios de selección dos proxectos no ámbito da mobilidade sostible, a dixitalización do transporte e as comunicacións que serán financiados con cargo aos fondos Next Generation

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16969 (11/PNC-001726)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de modificar a tramitación e autorización de proxectos eólicos en Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 16977 (11/PNC-001727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para consensuar coa Federación Galega de Municipios e Provincias os criterios de financiamento das entidades locais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 17001 (11/PNC-001728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado do aboamento das cantidades pendentes derivadas da negociación colectiva e do incremento salarial determinado para 2020 para o persoal das autoridades portuarias da Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 17004 (11/PNC-001729)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para atender a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero que viven no rural

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17013 (11/PNC-001730)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación coa situación de precariedade da Oficina Agraria Comarcal da Rúa

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17026 (11/PNC-001731)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha defensa, ante a Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio, para frear a proposta de prohibir determinadas subvencións á pesca

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 17058 (11/PNC-001733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para avaliar o estado da infraestrutura do Hospital Álvaro Cunqueiro e negociar coa empresa concesionaria unha solución aos problemas da cociña do hospital

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17062 (11/PNC-001734)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar ao concello da Rúa dunha motobomba para a extinción de incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17069 (11/PNC-001735)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación ao centro de arte rupestre de Campo Lameiro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17079 - 17116 (11/PNC-001736)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre o rexeitamento da Xunta de Galicia da proposta da Organización Mundial do Comercio respecto da eliminación das subvencións do combustible á pesca

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 17116.

- 17082 (11/PNC-001737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa cobertura das prazas vacantes de radioloxía no Hospital da Mariña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17107 (11/PNC-001739)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de arquivos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17118 (11/PNC-001740)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego ante o peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17138 (11/PNC-001741)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para atenuar o impacto das inclemencias meteorolóxicas de febreiro na actividade marisqueira das rías galegas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 17146 (11/PNC-001742)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cubrir todas as prazas vacantes do Centro de Saúde de Burela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 17149 (11/PNC-001743)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións de debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar no verán a asistencia sanitaria en Baiona e o Val Miñor

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17159 (11/PNC-001744)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para poñer en marcha un plan de xestión respecto do xabaril e dos danos que produce

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17168 (11/PNC-001746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aplicar a lexislación ambiental á tramitación dos proxectos de parques eólicos na comarca da Terra de Montes e proceder á elaboración consensuada nun novo marco legal para o desenvolvemento eólico

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17178 - 17215 (11/PNC-001748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas á atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 17215.

- 17188 (11/PNC-001749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a remisión semestral ao Parlamento de Galicia do programa de asignación de recursos en materia de dependencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17205 (11/PNC-001750)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 17208 (11/PNC-001751)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do financiamento da atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 10 de xuño de 2021 de nomeamento dun funcionario da escala técnica de tecnoloxías da información do corpo de xestión do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 24 maio de 2021 (BOPG núm.151, do 8 de xuño de 2021), acordou a resolución e aprobación do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do corpo de xestión do Parlamento de Galicia, unha delas a favor de Antonio Nieto Moure.

O 9 de xuño de 2021 o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior emitiu informe sobre o cumprimento do interesado de todos os requisitos para ingresar na dita praza, segundo o estipulado nas bases da convocatoria aprobada por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de xullo de 2019 (DOG núm.142, do 29 de xullo de 2019 e BOPG núm. 511 do 26 de xullo de 2019).

De acordo coas bases da convocatoria e no uso das facultades que me confire o Estatuto de persoal e o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

1º. Nomear funcionario de carreira para cubrir unha praza da escala técnica de tecnoloxías da información do corpo de xestión do Parlamento de Galicia a Antonio Nieto Moure (DNI núm. XXX5603XX).

2º. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

3º. Notificar esta resolución ao interesado, ao servizo de Persoal e Réxime Interior e a Intervención e Asuntos Económicos.

Contra esta resolución poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Presidencia do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro,



do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 10 de xuño de 2021 de nomeamento dun funcionario da escala técnica de tecnoloxías da información do corpo de xestión do Parlamento de Galicia.

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 24 maio de 2021 (BOPG núm.151, do 8 de xuño de 2021), acordou a resolución e aprobación do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do corpo de xestión do Parlamento de Galicia, unha delas a favor de Esteban García Paz.

O 9 de xuño de 2021 o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior emitiu informe sobre o cumprimento do interesado de todos os requisitos para ingresar na dita praza, segundo o estipulado nas bases da convocatoria aprobada por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de xullo de 2019 (DOG núm.142, do 29 de xullo de 2019 e BOPG núm. 511 do 26 de xullo de 2019).

De acordo coas bases da convocatoria e no uso das facultades que me confire o Estatuto de persoal e o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

1º. Nomear funcionario de carreira para cubrir unha praza da escala técnica de tecnoloxías da información do corpo de xestión do Parlamento de Galicia a Esteban García Paz (DNI núm. XXX9251XX)

2º. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

3º. Notificar esta resolución ao interesado, ao servizo de Persoal e Réxime Interior e a Intervención e Asuntos Económicos

Contra esta resolución poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Presidencia do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **Proposición de lei de reforma do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante séculos, a organización social e familiar distinguíu os roles públicos e privados entre mulleres e homes, outorgando aos segundos os de maior autoridade e/ou responsabilidade. Isto respondía a un modelo de organización tradicional no que as mulleres asumían as tarefas dos coidados e da atención doméstica, mentres que os homes eran os encargados de asegurar a estrutura económica familiar.

Debido á plena incorporación das mulleres ao mercado laboral e a comezar a formar parte decisoria do resto de ámbitos sociais que transcenden o privado, esta organización social xa non ten validez algunha. Mais a pesar de que a muller forma xa parte de todas as esferas da vida pública, isto non se fai patente no seu acceso a postos de responsabilidade, que na súa gran maioría seguen a ocupar os homes.

Diante desta disfuncionalidade, faise preciso pór todos os medios para garantir que a metade da sociedade teña a mesma responsabilidade e visibilidade que a metade restante. Incrementar e consolidar a participación equilibrada das mulleres nas estruturas políticas, sociais e económicas debora ser hoxe, pois, obrigado para a consecución da igualdade real e efectiva.

Rachar cos teitos de cristal que impiden ás mulleres ocupar postos de responsabilidade non é só unha cuestión de xustiza social senón que ademais contribúe a romper os estereotipos sobre os que se asenta o machismo. A ausencia de mulleres en postos de toma de decisións xeran modelos que perpetúan as desigualdades e que en nada facilitan o bo funcionamento da democracia.

A este respecto, á propia Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia, que xa recollen como principio dos poderes públicos a garantía da igualdade real e efectiva, súmanse tamén outros marcos normativos. Así, a Lei Orgánica 3/2007 para a Igualdade efectiva de mulleres e homes xa asume como



criterio xeral de actuación dos poderes públicos a participación equilibrada de mulleres e homes nas tomas de decisións, para o que se procurará atender o principio de presenza equilibrada nos nomeamentos e designacións dos cargos de responsabilidade que lles correspondan. A tal efecto, na súa disposición adicional primeira determina que por composición equilibrada se entende a presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto ao que se refira, as persoas de cada sexo non superen o sesenta por cento nin sexan inferior ao corenta por cento. Este mesmo marco normativo xa establece tamén o principio de presenza equilibrada na Administración Xeral do Estado e nos organismos públicos vencellados ou dependentes dela.

Tamén a Comisión Europea na Estratexia para a Igualdade de Xénero: 2020-2025 establece que a Comisión pulará para que se adopte a proposta de Directiva de 2012 relativa á mellora do equilibrio de xénero nos consellos de administración, nas mesmas porcentaxes que regula a Lei Orgánica 3/2007.

Así mesmo, no que respecta a Galicia, o Decreto Lexislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade apunta no seu artigo 5.2 apartado d) como criterio xeral da actuación da Xunta de Galicia “o fomento dunha participación equilibrada das mulleres e homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres”.

O marco normativo galego xa apela ao necesario cumprimento dese equilibrio en ámbitos concretos, como os sindicatos, as organizacións empresariais, o cadro de persoal da administración pública e os seus órganos de representación ou a Unidade Administrativa de Igualdade do Goberno galego, pero non especificamente nos postos de responsabilidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, algo que si teñen xa definido legalmente practicamente todas as comunidades autónomas do Estado.

Xa no 2007 incorporouse na lexislación galega reguladora da Xunta de Galicia e o seu presidente o principio de presenza equilibrada no nomeamento do Consello da Xunta e dos altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia sen establecer especificamente as porcentaxes que garanten este principio. Consideramos, agora, obrigado que a nosa lexislación desenvolva e lle dea contido efectivo ao concepto de presenza equilibrada, adaptando a normativa aos termos actualmente vixentes e se axuste á do resto do Estado para avanzar no imparabile camiño das mulleres na representación política e social.



Para isto, propónse a modificación legislativa do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma en materia de igualdade de xeito que se introduza nos artigos 1.3 e 5.2 da citada norma como novos principios de actuación e integración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade a participación e representación equilibrada de mulleres e homes nos distintos órganos de representación ou de toma de decisións, o que deberá garantirse como criterio de actuación da Xunta de Galicia.

Ademais, propónse engadir un novo capítulo I bis que recolle á súa vez un artigo 10 bis no que se desenvolve a representación equilibrada nos órganos da Administración xeral da nosa Comunidade Autónoma. Esta nova regulación garante ese principio nos órganos superiores e de dirección así como nos órganos dos entes instrumentais dependentes, nos Colexiados, os comités de persoas expertas e comités consultivos. Queda, así mesmo, lexislada a esixencia de representación equilibrada nos consellos de administración nos que participe a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera dos seus órganos dependentes.

O principio de participación equilibrada incorpórase tamén nos tribunais e órganos de selección de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos entes que integran o seu sector público instrumental así como nas comisións de valoración de méritos para a provisión de postos de traballo.

Recóllese na modificación legislativa que as administracións públicas deberán promover o equilibrio nos órganos de dirección e decisión nos ámbitos sociais, político, económico, educativo, da saúde, cultural e deportivo, entre outros.

Por último, introdúcese unha disposición final para adaptar a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa presidencia ao contido recollido na presente proposición de lei, establecendo a definición exacta do que se entende por presenza equilibrada.

Artigo único

Introdúcense as seguintes modificacións no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.



Un. Engádesse unha nova letra no apartado 3º do artigo 1 co seguinte contido:

“f) A participación e representación equilibrada de mulleres e homes nos distintos órganos de representación ou de toma de decisións.”

Dous. Modifícase o apartado d) do artigo 5.2 quedando redactado como segue:

“Garantir unha participación equilibrada das mulleres e dos homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres.”

Tres. Engádesse un novo capítulo do Título I que inclúe un novo artigo coa seguinte redacción:

“Capítulo I. bis A representación equilibrada na Administración.

Artigo 10. Bis Representación equilibrada no sector público autonómico.

1. Aos efectos da presente, enténdese por representación equilibrada a presenza de mulleres e homes de modo que ningún sexo supere o 60 % do conxunto de persoas ás que se refire nin sexa inferior ao 40 %.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia garantirá o principio de representación equilibrada de homes e mulleres referido no apartado precedente, tanto na titularidade de todos e cada un dos órganos superiores e de dirección da Administración xeral, así como dos seus órganos instrumentais dependentes.

3. Garantirase a representación equilibrada de homes e mulleres na composición dos órganos colexiados da Comunidade Autónoma de Galicia. Este mesmo criterio de representación observarase na modificación ou renovación de ditos órganos. Do cómputo exclúiranse aquelas persoas que formen parte en función do cargo específico que desempeñen.

4. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e os organismos públicos vencellados ou dependentes dela designarán ao seus representantes nos órganos colexiados, comités de persoas expertas ou comités consultivos, de acordo co principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.



5. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e os entes instrumentais dependentes dela observarán o principio de presenza equilibrada nos nomeamentos que lles corresponda efectuar nos consellos de administración das empresas en cuxo capital participe. En calquera caso, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os seus entes instrumentais dependentes dela non participarán en ningunha sociedade que non garanta a presenza equilibrada entre homes e mulleres no seu consello de administración.

6. Todos os tribunais e órganos de selección de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos entes que integran o seu sector público instrumental, así como as comisións de valoración de méritos para a provisión de postos de traballo, respectarán o principio de representación equilibrada de mulleres e homes, agás por razóns fundamentadas e obxectivas debidamente motivadas.

7. As administracións públicas promoverán a presenza de mulleres nunha proporción equilibrada nos órganos de dirección e decisión nos ámbitos sociais, político, económico, educativo, da saúde, cultural e deportivo, entre outros.

8. As medidas de representación equilibrada non terán efecto para os órganos constituídos para a promoción dos dereitos e intereses das mulleres.

Disposición final única. Modificación da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Un. Modifícase o parágrafo 4º do artigo 2 ficando redactado como segue:

“Na composición da Xunta deberá respectarse o principio de equilibrio por sexos, de forma que as persoas de cada sexo non superen o sesenta por certo nin sexan menos do corenta por cento.”

Dous. Modifícase o apartado 13 do artigo 4 quedando redactado como segue:

“Nomear e destituír, por proposta de quen posúa a titularidade das consellarías respectivas, os altos cargos da Administración pública galega de rango igual ou superior a dirección xeral, así como aqueloutros que legalmente se estableza. Nos nomeamentos atenderase ao principio de equilibrio por sexos, de forma que, no conxunto ao que se refira, as persoas de cada sexo non superen o sesenta por certo nin sexa menos do corenta por cento.”



Disposición adicional única. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición transitoria única. Adaptación da composición dos cargos e órganos actuais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes dependentes.

Os cargos e órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes dependentes xa escollidos no momento da publicación da presente norma deberán adaptar a súa composición no prazo dun ano dende a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Fican derogadas as disposición de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI POLA QUE SE REFORMA O DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 12 DE FEBREIRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DAS DISPOSICIÓNS LEGAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN MATERIA DE IGUALDADE

1. Constitución española.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
3. Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
4. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
5. Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.
6. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2021





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/06/2021 13:10:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei para garantir que o papel de Galiza como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico**, para a súa elevación ao Congreso dos Deputados e Deputadas, consonte o artigo 87.2 da Constitución.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enerxía é un factor esencial no desenvolvemento das sociedades, sen o que non poden entenderse as súas pautas sociais nin a actividade económica, pois están altamente condicionadas polo grao, concreción e calidade do acceso aos servizos enerxéticos. Máis aínda, para Galiza é un sector aínda máis relevante debido a que tivo e ten un papel de produtor de enerxía con importantes consecuencias sociais, territoriais, medioambientais e económicas.

É necesario recordar que o rol produtor de Galiza non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dun cúmulo de decisións alleas, unha parte fundamental delas impostas durante a ditadura franquista e continuadas posteriormente a través dun marco centralista para o sector eléctrico que afondou nese rol ao tempo que reservaba para outras partes do territorio o rol industrial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No contexto actual, o sector enerxético en particular e os sectores económicos en xeral experimentan unha fase que prevé acelerar profundas transformacións por mor das necesidades derivadas da descarbonización e por mor do novo contexto mundial, económico e social, xerado polo impacto da pandemia da covid-19. Galiza debe ter voz propia neste marco de mudanzas e intervir respecto dun sector que era, é e será esencial para artellar o desenvolvemento social e económico e definir a posición como nación nun contexto globalizado.

Previamente á pandemia Galiza atopábase xa a nivel enerxético nunha encrucillada. Entre os factores máis relevantes cómpre sinalar, por unha banda, a permanencia do papel especializado de Galiza na xeración enerxética e, por outra banda, importantes cambios a nivel internacional con repercusións no territorio baixo o paraugas da denominada Transición enerxética. Podemos sinalar, pola súa relevancia, o Marco europeo para o clima e a enerxía 2030, o denominado *Green Deal*, a Estratexia Europea de Enerxías Renovábeis e Clima e o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC) que establece obxectivos, políticas e medidas para, segundo o goberno do Estado, alcanzar a neutralidade climática antes de 2050. Estes elementos configuran o marco legal, político e ideolóxico da denominada enerxía verde, vinculada á economía verde. Porén, na transición da teoría á práctica, xa antes da pandemia víronse as costuras deste modelo e a axenda oculta desde os propios *lobbies* económicos responsábeis da emerxencia climática.

Polo tanto, Galiza estaba xa antes da pandemia diante dunha operación de cambio artellada novamente de costas ás necesidades sociais, territoriais e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medioambientais de Galiza. A isto sumábase a falta de ambición e planificación do goberno galego, que renunciara á participación pública en beneficios do sector, a dar prioridade aos intereses ambientais, a planificar unha descarbonización ordenada nin a impulsar Galiza como referente da enerxía renovábel e da investigación no sector.

Así as cousas, Galiza experimentaba xa unha ralentización económica que se vía singularmente no sector industrial altamente dependente da enerxía e no impacto do peche político-administrativo e/ou de mercado das dúas térmicas de carbón (Meirama e As Pontes). Así mesmo, respecto do acceso á enerxía do punto de vista das e dos consumidores domésticos e de PEMES e colectivos de autónomos e autónomas é de sinalar tamén como Galiza experimentaba xa unha consolidación da precariedade e empobrecemento dunha parte moi importante da sociedade, case un cuarto da poboación galega estaba xa antes da pandemia en risco de exclusión social segundo os datos da Rede Galega contra a pobreza, amosando a profunda ferida da crise de 2008.

Co escenario descrito anteriormente, o impacto da pandemia da covid-19 e dunha descarbonización artellada baixo intereses alleos aos de Galiza e das maiorías sociais, estes problemas agraváronse. O prezo da enerxía é un dos problemas máis graves do punto de vista social e económico, tanto para os fogares como para PEMES e persoal autónomo como para a gran industria. Neste sentido, cómpre recordar que o tan agardado Estatuto de Electointensivas tivo un resultado nefasto, desoíndo as reclamacións feitas desde os ámbitos sociais, institucionais e políticos de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, prevense consecuencias lesivas para os fogares que antigamente tiñan discriminación horaria e colectivos vulnerábeis como PEMES e explotacións gandeiras por mor das modificacións impulsadas ao abeiro da Real Decreto polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos cargos do sistema eléctrico que, xunto aos peaxes do sistema fixados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) na circular 3/2020 forman a parte regulada da factura de enerxía eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Diante do novo escenario que abren as necesidades sociais e económicas derivadas da pandemia da covid-19 así como a necesaria transición enerxética, é necesario transformar as regras do sistema eléctrico de forma que estas se adecúen ás diferentes realidades territoriais e reforcen o papel de intervención na economía das administracións públicas.

O pasado 12 de marzo de 2021 Red Eléctrica de España facía públicos os datos referentes ao Avance do Informe do sistema eléctrico do Estado español para o ano 2020, que recolle diferentes datos referentes á posición de Galiza que deben levar a unha mudanza na orientación da política enerxética para garantir que o papel de Galiza como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico.

Neste informe sinálanse cuestións relevantes, entre as que está que Galiza é a segunda comunidade autónoma que máis enerxía renovábel xerou no ano 2020, só por detrás de Castela e León. Neste sentido, cabe salientar ademais o liderado das enerxías hidráulica e eólica. De feito, é a segunda zona con meirande produción eólica, tamén só por detrás de Castela e León, acadando un máximo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

histórico para o noso país no mix enerxético. Isto acontece nun contexto no que o impulso de proxectos industriais por parte do goberno galego e central baixo un paraugas legal obsoleto e unha óptica enfocada só ao aumento da produción sen ter en conta os principios de cautela ambientais e a harmonía cos tecidos socioeconómicos está ocasionando unha gran contestación social que reclama un novo marco para o desenvolvemento da enerxía dunha forma ordenada, consensuada, xusta e sostíbel. Neste sentido, unha vez o avance tecnolóxico permite impulsar parques de máis de 50MW debe corrixirse a anomalía de que tendo Galiza competencias na materia sexa o Estado quen regule aquelas instalacións superiores a esta cifra. A xestión debe ser integramente galega no marco dun novo modelo de desenvolvemento eólico.

Así mesmo, cómpre sinalar que malia o impacto da práctica paralización das centrais térmicas de Meirama e As Pontes, Galiza continúa destacando polo seu papel produtor e exportador, cifrándose nun 29,2% a enerxía subministrada fóra do noso país, na liña da tendencia histórica que vimos sinalando desde o nacionalismo galego. É de sinalar tamén que, por primeira vez, a xeración con renovábeis (18.562 XWh) superou ao consumo galego (17.383 Xwh) polo que Galiza é líder en produción, líder en renovábeis e debe polo tanto adquirir maior capacidade de que isto reverta en atallar a crise socioeconómica e a reorientación dos sectores produtivos aproveitando esta vantaxe competitiva.

Galiza ten dereito a definir de forma negociada, dialogada e transparente cal é o modelo enerxético da Galiza do futuro e que papel e peso deben ter as diferentes tecnoloxías, ademais de impulsar medidas que garantan que o papel





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produtor se corresponda cun impulso económico á industria e a proxectos de valor engadido que teñan un retorno que compense o impacto ambiental e socioeconómico deste rol. A xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que a lexislación debe compensar. Conforme a isto, nesta lei desenvólvese unha fixación do prezo asociada á situación de territorio excedentario ou deficitario, de xeito que nos territorios excedentarios este feito repercute positivamente mediante unha tarifa eléctrica máis reducida.

Coa perspectiva da necesaria transición ecolóxica, contéplanse medidas de impulso ás enerxías renovábeis para liderar a redución de gases contaminantes e avanzar nas cotas de produción das fontes de enerxía máis sostíbeis. Así mesmo, diante da incerteza que este camiño abre e tendo en conta que Galiza ten no seu territorio dúas importantes centrais termoeléctricas que traballan con carbón importado, Meirama e As Pontes, prevese un novo marco que permita que estas comarcas sexan compensadas pola discriminación que os gobernos centrais aplicaron no marco das axudas ao carbón.

Diante da profunda crise industrial determinada en boa parte polo prezo enerxético, propónse unha tarifa industrial estábel para as grandes industrias electrointensivas, de grande importancia no noso país e que non poden seguir dependendo dun sistema con tantas incertezas e riscos. Cómpre adecuar un novo marco estábel onde ademais se teña en conta a nosa posición produtora. Así mesmo, é imprescindible ligalo a un marco de planificación industrial, actualización dos mecanismos de produción e mantemento do emprego baixo condicións de traballo dignas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, o impacto da pandemia da covid-19 na capacidade económica dos fogares é incuestionábel e agrava unha situación que de partida era precaria e desigual. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o tócket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación. É preciso tomar medidas máis ambiciosas que supoñan unha rebaixa real da factura final a través dunha rebaixa nas peaxes para os territorios produtores.

Por todas estas razóns, a presente proposición de lei busca adecuar a política enerxética e fiscal a estas premisas e a unha nova concepción da enerxía que facilite cambios no sistema económico e social, contribuíndo a que a produción eléctrica cumpra unha función elemental no desenvolvemento económico e na xeración de emprego e riqueza na Galiza. Con base a estes parámetros, esta proposición de lei conta cun único artigo, o artigo UN, que modifica diferentes aspectos da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

O apartado Un modifica a exposición de motivos da citada lei reguladora do sector eléctrico de forma que se incorpora a definición do subministro de enerxía eléctrica como un servizo de carácter público, suprimíndose varios parágrafos referentes ao réxime especial (renovábeis, coxeración e residuos), que é onde teñen competencias as Comunidades Autónomas por ser unha inxerencia no autogoberno.

En coherencia co arriba afirmado, establécese no apartado 2 que o tratamento que debe recibir o subministro da enerxía eléctrica é o de servizo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carácter público, superando a redacción vixente no momento de redactar esta proposta na que se mantén unha óptica mercantilista deste ben esencial. Baixo o punto de vista de quen impulsa esta lei, o subministro de enerxía debe ser considerado como un ben de servizo público. Desta forma, o vindeiro marco legal do sector eléctrico debe ser superador non só do conceptualizado na lei de 2013, senón tamén da caracterización da Lei 54/1997, que o consideraba unicamente un servizo esencial.

O punto Tres establece de forma clara a participación das Comunidades Autónomas na regulación e o control das actividades destinadas ao subministro de enerxía eléctrica. Desta forma, búscase mellorar a norma vixente tendo en conta tanto o marco competencial existente como a necesidade de superar a recentralización imposta pola vía dos feitos por pare dos gobernos centrais en detrimento da capacidade decisoria das comunidades.

O punto Catro asenta un novo marco para o desenvolvemento eólico, racionalizando a duplicidade administrativa existente e clarificando que a competencia debe ser das comunidades para harmonizar coa planificación e co desenvolvemento previo desta tecnoloxía.

En coherencia co anterior, o punto Cinco busca dar cobertura, no marco da transición enerxética, á necesidade de establecer un Mapa de necesidades que dimensione a planificación de renovábeis e a descarbonización.

O apartado Seis suprime determinados custos do sistema eléctrico, pois neste momento histórico o encarecemento da factura para as e os consumidores, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recuperación de recadación do Estado e a necesaria transformación do sistema eléctrico deben levar a unha racionalización dos conceptos incorporados á tarifa eléctrica e determinar de forma clara que cuestións deben ser directamente incorporadas aos Orzamentos Xerais do Estado da mesma forma que outros elementos pertencentes á política industrial.

O apartado Sete ten como obxectivo modificar o actual sistema de custos marxinais no sistema de oferta e demanda do mercado maiorista, introducindo modificacións cara un sistema de custos recoñecidos. Neste sentido, estableceranse custos diferenciados para cada tecnoloxía do sector eléctrico, da mesma forma que se recolle para as actividades de produción ás instalacións non peninsulares.

No apartado Oito introdúcese cambios conducentes a que o impulso das enerxías renovábeis, coxeración de alta eficiencia e residuos non teña un carácter excepcional, senón que deba ser unha dinámica a seguir polo Goberno.

O apartado Nove establece que o prezo da tarifa eléctrica nun territorio teña en conta a súa situación de territorio excedentario ou deficitario, de cara a, no caso de tratarse dun territorio excedentario, repercutir positivamente na tarifa dese territorio e asumir así algún beneficio en compensación das externalidades negativas que produce a xeración eléctrica.

O contemplado nos apartados Dez e Once pon fin á posibilidade de que os impostos que poidan determinar as comunidades produtoras de electricidade poidan acabar repercutindo na factura final da electricidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No apartado Doce inclúense aquelas modificacións que contribúen a adecuar o texto legislativo á Directiva 2009/28/CE, que obriga a dar prioridade de despacho ás instalacións de xeración que utilicen fontes de enerxía renovábeis, sen que permita esixir que iso só teña lugar “a igualdade de condicións económicas no mercado”.

No apartado Trece avánzase na protección social do acceso á enerxía determínase que será a Administración Xeral do Estado quen asuma o custo económico destas medidas.

O apartado Catorce incorpora unha nova Disposición Adicional, a vixésimo cuarta, onde se establece o procedemento para substituír o actual sistema de poxas de interrompibilidade por unha tarifa industrial que sexa predicíbel e estábel e superadora das eivas do Estatuto de Electointesivas.

No apartado quince, prevese a inclusión nos marcos reguladores para a transición enerxética os ámbitos xeográficos con instalacións xeradoras de electricidade que usan carbón importado, de forma que estes territorios afectados sexan compensados pola exclusión de plans de axudas anteriores.

Por último, o apartado dezaseis incorpora unha nova Disposición Transitoria, que contempla a elaboración por parte do estado dun novo marco de cargos e peaxes que corrixa o abuso tarifario das modificacións aplicadas a sectores vulnerábeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo único. Modificación da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

Un. Modificacións na Exposición de Motivos.

1. Modifícase a primeira frase do primeiro parágrafo da Exposición de motivos I., de forma que figure a seguinte redacción:

“O subministro de enerxía eléctrica constitúe un servizo público, pois...”
(continúa igual)

2. Suprímense os parágrafos 26, 27, 28 e 30 da exposición de motivos, II,

Dous. No apartado 2. do artigo 2 propónse a seguinte redacción:

“O subministro de enerxía eléctrica constitúe un servizo público”.

Tres. No apartado 3. do artigo 2., propónse a seguinte modificación na redacción:

“3. Corresponde ao Goberno Central, ás Comunidades Autónomas e ás Administracións Públicas a regulación e o control das actividades destinadas ao subministro de enerxía eléctrica. Así mesmo, o operador do mercado e o operador do sistema terán as funcións que expresamente se lle atribúan”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Catro. Engádesse un novo punto 13 bis ao punto 13 do Artigo 3, co seguinte texto:

“13 bis.- Quedan exceptuadas destas previsións as instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica, incluíndo as súas infraestruturas de evacuación, de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos, de cara a que as comunidades autónomas con competencia na materia poidan ter unha planificación integral do desenvolvemento desta tecnoloxía sen distorsións.”

Cinco. Engádesse un novo punto, o 5., ao artigo 5., quedando a súa redacción da seguinte forma:

“5. Sen prexuízo do previsto nos apartados anteriores, o Goberno aprobará un Mapa de necesidades enerxéticas en colaboración coas comunidades autónomas de cara a planificar a transición enerxética e o aproveitamento enerxético das fontes de enerxía renovábeis así como a eficiencia enerxética no sector eléctrico, co obxecto de planificar e garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos para o Estado Español nestas materias”.

Seis. No apartado 3., do artigo 13., suprímense as letras b), c), d), e), f), g) e h).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sete. Modifícase a redacción da letra a) do punto 5. o artigo 14, quedando redactado da seguinte maneira:

“a) A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados de contratación bilateral ou física ou a prazo que se retribuirá sobre a base do prezo das operacións contratadas en firme nos mencionados mercados.

Este concepto retributivo definirase considerando as perdas incorridas nas redes e os custos derivados das alteracións do réxime normal de funcionamento do sistema de ofertas”

Oito. Modifícase a redacción do punto 7. do artigo 14, quedando redactado da seguinte maneira:

“7. O Goberno poderá establecer un réxime retributivo específico para fomentar a produción a partir de fontes de enerxía renovábeis, coxeración de alta eficiencia e residuos, cando exista unha obrigaón de cumprimento de obxectivos enerxéticos derivados de Directivas ou outra normas de Dereito da Unión Europea ou cando a súa introdución supoña unha redución do custo enerxético e da dependencia enerxética exterior.

Este réxime retributivo, adicional á retribución pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción, estará composto por un termo por unidade de potencia instalada, que cubra, cando cumpra, os custos de investimento dunha instalación tipo que non poden ser recuperados pola venda da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enerxía e un termo á operación que cubra, no seu caso, a diferenza entre os custos de explotación e os ingresos pola participación no mercado de produción de devandita instalación tipo.

Para o cálculo de dita retribución específica consideraranse, para unha instalación tipo, ao longo da súa vida útil regulatoria e en referencia á actividade realizada por unha empresa eficiente e ben xestionada:

- a) Os ingresos estándar pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción.
- b) Os custos estándar de explotación.
- c) O valor estándar do investimento inicial.

Como consecuencia das singulares características dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, poderán definirse excepcionalmente instalacións tipo específicas para cada un deles.

O réxime retributivo non excederá o nivel mínimo necesario para cubrir os custos que permitan competir ás instalacións en nivel de igualdade co resto de tecnoloxías no mercado e que posibiliten obter unha rendibilidade razoábel por referencia á instalación tipo en cada caso aplicábel. Esta rendibilidade razoábel virará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario das Obrigacións do Estado a dez anos aplicando o diferencial adecuado. Excepcionalmente o réxime retributivo poderá incorporar ademais un incentivo ao investimento e á execución en prazo determinado cando a súa instalación supoña





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha redución significativa dos custos nos sistemas dos territorios non peninsulares. Este réxime retributivo será compatíbel coa sustentabilidade económica do sistema eléctrico de acordo co disposto no artigo 13 e estará limitado, en todo caso, aos obxectivos de potencia que se establezan na planificación en materia de enerxías renovábeis e de aforro e eficiencia.

A enerxía eléctrica imputábel á utilización dun combustíbel nunha instalación de xeración que utilice como enerxía primaria algunha das enerxías renovábeis non consumíbeis non será obxecto de réxime retributivo específico, salvo no caso de instalacións híbridas entre fontes de enerxía renovábeis non consumíbeis e consumíbeis, nese caso a enerxía eléctrica imputábel á utilización da fonte de enerxía renovábel consumíbel si poderá ser obxecto de réxime retributivo específico.

A estes efectos, por orde da persoa Ministra competente en materia de Enerxía publicarase a metodoloxía para o cálculo da enerxía eléctrica imputábel aos combustíbeis utilizados”.

Nove. Modifícase a redacción do apartado 3. do artigo 16, que pasa a ter o seguinte tenor literal:

“As peaxes e cargos así calculados serán diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas Comunidades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción”.

Dez. Suprímese o apartado 4 do artigo 16.

Once. Suprímese o apartado 6 do artigo 17.

Doce. Modificacións no artigo 26.

1. No apartado 1., engádese un segundo parágrafo co seguinte tenor literal:

“A utilización deste mecanismo será repercutida entre todas as tecnoloxías de produción do sector eléctrico, de forma proporcional á súa achega ao sistema, sen que poida penalizar exclusivamente a unha determinada tecnoloxía”.

2. Substitúese o establecido no apartado 2. polo seguinte parágrafo:

“2. A enerxía eléctrica procedente de instalacións que utilicen fontes de enerxía renovábel e, tras elas, a das instalacións de coxeración de alta eficiencia, terá prioridade de despacho, sen prexuízo dos requisitos relativos ao mantemento da fiabilidade e a seguridade do sistema, e con arranxo a criterios transparentes e non discriminatorios, nos termos que regulamentariamente se determinen polo Goberno”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trece. Modificacións no artigo 52.

1. Adición dunha nova letra l) o punto 4. redactada do seguinte xeito:

“j) Complementariamente ao punto anterior, nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente, aqueles subministros a consumidores acollidos a prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas último recurso por falta de pago, se todos os membros da unidade familiar están en paro ou teñen ingresos máis baixos que o salario mínimo interprofesional”.

2. O último parágrafo do punto 4. queda redactado da seguinte maneira:

“Salvo no suposto previsto no parágrafo j) k) e l) as empresas distribuidoras ou comercializadoras poderán aplicar recargas ou afectar os pagos que perciban daqueles dos seus clientes que teñan subministros vinculados a servizos declarados como esenciais en situación de morosidade, ao abono das facturas correspondentes a devanditos servizos, con independencia da asignación que o cliente, público ou privado, atribuíse a estes pagos. A asunción dos custos derivados dos parágrafos anteriores serán asumidos pola Administración Xeral do Estado nos termos nos que se estipule regulamentariamente”.

Catorce. Adición da **Disposición Adicional vixésimo cuarta.** No prazo de tres meses dende a aprobación da presente lei, o Goberno substituirá o actual sistema de poxas de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial que sexa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estábel no tempo e con variacións predicíbeis para a subministración da industria electrointensiva, que se poderá acoller sempre e cando cumbran as seguintes condicións que serán desenvoltas mediante un decreto específico:

- a) Sobrepasar un mínimo de consumo e de potencia contratada.
- b) Disponibilidade de interrupción do subministro de ser preciso como ferramenta de xestión da demanda para dar resposta rápida e eficiente ás necesidades do sistema eléctrico.
- c) Obriga de realización de investimentos periódicos que garantan a viabilidade e modernización dos procesos produtivos, así como obriga de mantemento do emprego e do nivel adquisitivo dos cadros de persoal.
- d) Presentación dun Plan de Desenvolvemento Industrial por cada período de cinco anos, que será revisado anualmente polos mecanismos de seguimento que arbitre a administración.

As peaxes e cargos desta tarifa industrial serán diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas Comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Quince. Adición da Disposición Adicional vixésimo quinta.

Incluirase nos marcos reguladores para a transición enerxética xusta e o desenvolvemento sostíbel das comarcas mineiras aqueles ámbitos xeográficos con instalacións xeradoras de electricidade por medio do uso de carbón importado, de forma que estes territorios afectados polo cambio de modelo enerxético tamén se poidan beneficiar dos recursos económicos, sociais e de impulso industrial que se oferten e compensarase economicamente pola exclusión das medidas compensatorias habilitadas desde o ano 2011 das que foran excluídos estes territorios.

Dezaseis. Adición da Disposición transitoria decimosétima

Diante do incremento da factura da luz para determinados sectores por mor das peaxes aprobadas na circular 3/2020 da CNMC e pola orde pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultaron de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021, no prazo dun mes o goberno central iniciará un novo procedemento de revisión das peaxes e dos cargos que permita acometer a reconsideración da repartición de custos e peaxes, singularmente na tarifa 2.0 TD de forma que o impacto nos consumidores domésticos con consumos térmicos a base de efecto joule, explotacións gandeiras e sectores como a hostalaría ou as PEMES non sufran o impacto que o actual deseño ten





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Adicionalmente, no marco das modificacións do cálculo dos cargos do sistema eléctrico o goberno central acompañará o proceso da reconsideración dos impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a revisión do tipo aplicado no imposto de valor engadido.

Disposición adicional única

O Goberno aprobará as modificacións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento da presente Lei no prazo de tres meses dende a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición Final Primeira

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOE.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEGISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI PARA GARANTIR QUE O PAPEL DE GALIZA COMO PRODUTORA DE ENERXÍA ELÉCTRICA REVERTA NO SEU DESENVOLVEMENTO SOCIAL E ECONÓMICO

-Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2021 12:17:53

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2021 12:18:04





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 9 de xuño, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico (doc. núm **15774**, [**11/INT-000896**]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías habilitando maiores zonas de exclusión que incorporen como mínimo as zonas previstas de ampliación da Rede Natura e adaptando as áreas de investigación eólica ás dimensións da tecnoloxía na actualidade.

2. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que garanta o retorno económico para Galiza e incorpore as seguintes medidas:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.1 Obrigatoriedade do impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.

2.2. Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola participación pública dos beneficios do sector por parte da Xunta de Galiza e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras).

2.3 Impulsar e dotar orzamentariamente un Plan de Impulso de fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

3. Diante da proliferación de proxectos eólicos de ámbito estatal en colisión cos intereses e as competencias galegas, adoptar as seguintes medidas:

3.1 Demandar do goberno central a paralización de calquera proxecto eólico superior a 50MW que colida co Plan sectorial eólico ou con calquera categoría de protección ambiental comunitaria que podan ocasionar irreversible afectación sobre a calidade paisaxística, a fragilidade e a vulnerabilidade ambiental nas fases de construción, explotación e desmantelamento e graves prexuízos ambientais, económicos e sociais sobre o territorio e as súas comunidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.2 Demandar do goberno central a realización das modificacións oportunas no Artigo 3 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico para que Galiza poida exercer as competencias respecto das instalacións de produción de enerxía eléctrica, singularmente eólica, incluíndo as súas infraestruturas de evacuación, de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos, de cara a poder ter unha planificación integral e exercer o seu autogoberno sen inxerencias ou distorsións.”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2021 13:23:27

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2021 13:23:39



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 8 E 9 de xuño do 2021, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde (11/INT-000940, documento número 16363).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe sobre a situación laboral específica da eventualidade no Sergas, que sinale os perfís de casos similares aos que veñen dando lugar a sentencias contra o goberno da Xunta de Galicia, tanto sobre a situación eventual de traballadores/as que exercen labores en postos estruturais como a concatenación de contratos.
2. Iniciar no durante o ano 2021 un plan estratéxico de reforzo do cadro de persoal e mellora da estabilidade no Sergas cos obxectivos de incrementar en 5.000 novas prazas o cadro de persoal e reducir a un obxectivo dun 5 % o nivel de eventualidade no 2024.
3. Incorporar ao cadro de persoal, cando menos, a todo o persoal que teña encadeado contratos eventuais de maneira regular no Sergas por un volume igual ou superior aos 300 días durante os últimos dous anos.

Pazo do Parlamento, 11 de xuño do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/06/2021 16:34:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/06/2021 16:34:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 9 de xuño, sobre a política do Goberno galego en relación co sector da automoción (doc. núm **14348**, [11/INT-000828]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Constituír unha Mesa Galega da Automoción na que estean presentes a Xunta de Galiza, o actual clúster empresarial, as tres centrais sindicais máis representativas de Galiza, e as tres universidades.

- Impulsar un Plan Galego pola Automoción, que promova a instalación na Galiza de novos actores e actividades industriais relacionados co sector, que rachen coa excesiva dependencia actual dun único gran fabricante, e que garantan a produción na Galiza de aqueles compoñentes críticos e de máis valor engadido en función dos novos sistemas de mobilidade: fábrica de celas de baterías eléctricas, fábrica de semicondutores, fábrica de pillas de hidróxeno, motores de tracción, cargadores de bordo, novos sistemas de tracción, inversores, controladores, portos de carga,...

- Impulsar unha Tarifa eléctrica galega competitiva que reverta no sector industrial do país os beneficios de sermos produtores de electricidade





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Impulsar un pacto polo emprego no sector que garanta a protección da saúde, o rexuvenecemento dos cadros de persoal, a contratación por xornadas completas, e a aplicación do convenio provincial do metal para empresas sen convenio propio como chan salarial.”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/06/2021 18:24:15

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2021 18:24:37



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados **María Elena Suárez Sarmiento, Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, M^a Felisa Rodríguez Carrera, Guadalupe Murillo Solís, M^a Corina Porro Martínez, Paula Prado del Río, Borja Vereá Fraiz, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias, Raquel Arias Rodríguez e Rubén Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de saber a posición en Sede Parlamentaria nun asunto de actualidade coma este.

Exposición de Motivos:

A partir do luns 14 de xuño, Renfe ten previsto poñer en marcha un novo servizo diario de conexión Vigo-Madrid no que non se contempla facer parada na estación de Vilagarcía de Arousa a pesar de que esta estación forma parte do seu percorrido e de que o establecemento dunha escala en Vilagarcía tan só engadiría catro minutos ao total da viaxe.

Vilagarcía ten a entidade indiscutible dentro da provincia de Pontevedra e da Comunidade Autónoma de Galicia como para que esta cidade sexa incluída no mapa de paradas deste tren, xa que ademais a súa estación funciona como punto de conexión de toda a comarca do Salnés, cun ámbito de influencia de máis de 100.000 habitantes.

Non hai ningunha dúbida de que este é o momento clave para que todas as administracións amosen o seu claro compromiso para que a estación ferroviaria de Vilagarcía sexa incluída como parada neste traxecto. No contexto actual de crisis socioeconómica derivada da pandemia e co panorama turístico xerado grazas ao Xacobeo 21/22, sería fundamental que o Goberno de España contribuíse á promoción de Galicia apostando por mellorar e potenciar as súas comunicacións ferroviarias.



Polo exposto, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario presentar esta proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao Xunta de Galicia a demandar da Administración Xeral do Estado que inclúa a parada en Vilagarcía de Arousa no seu servizo diario de tren Alvia que a partir do luns 14 de xuño sairá da estación de Vigo-Urzaiz ás 8.55 horas con destino a Madrid-Chamartín”

Santiago de Compostela, 8 de xuño 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/06/2021 13:59:22

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/06/2021 13:59:38

Diego Calvo Pouso na data 08/06/2021 13:59:57

Teresa Egerique Mosquera na data 08/06/2021 14:00:10

María Felisa Rodríguez Carrera na data 08/06/2021 14:00:31

María Guadalupe Murillo Solís na data 08/06/2021 14:00:39

María Corina Porro Martínez na data 08/06/2021 14:00:59

Paula Prado del Río na data 08/06/2021 14:01:08

Borja Vereza Fraiz na data 08/06/2021 14:01:23

Carmen María Pomar Tojo na data 08/06/2021 14:01:54

Ramón Carballo Páez na data 08/06/2021 14:02:05

José Manuel Balseiro Orol na data 08/06/2021 14:02:21

María Sol Díaz Mouteira na data 08/06/2021 14:02:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Marta Nóvoa Iglesias na data 08/06/2021 14:03:00

Raquel Arias Rodríguez na data 08/06/2021 14:03:13

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/06/2021 14:03:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a valoración da Xunta de Galiza acerca do cumprimento da lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento e a Xunta se posicionen canto antes sobre o cumprimento da lei 2/2014 e o funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, persoas trans, bisexuais e intersexuais de Galiza foi pola altura unha medida avanzada con respecto a outras comunidades do estado, a pesar de que xa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

daquela ten recibido críticas por considerarse escasa. Desde o comezo da súa aplicación, soamente se ten remitido un informe de aplicación desta lei ao Parlamento de Galiza, no que se analizan as actividades desenvolvidas desde a Xunta de Galiza neste eido ata xuño de 2018.

Máis tarde, mediante o decreto 131/2018 creouse e regulamentouse o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, que non foi constituído ata xuño de 2019. Organizacións LGBT de todo o país teñen manifestado en diferentes ocasións certo escepticismo e o temor de que este órgano viñese a funcionar como un “órgano pantasma”. Temores que non resultaron desencamiñados dada a escaseza de xuntanzas que se ten dado do dito organismo desde a súa creación ata a actualidade.

Tristemente e a pesar destas ferramentas, seguimos constatando que a LGBTfobia aínda non foi erradicada da nosa sociedade. Informes actuais como o publicado polo Observatorio Coruñés contra a LGBTfobia alertan das denuncias recibidas en relación a acoso, agresións verbais, agresións físicas, ataques contra o patrimonio, así como difusión e publicidade de pseudoterapias que anuncian a posibilidade de mudar a orientación sexual das persoas. Aínda que a maior parte destes incidentes se produciron na vía pública, tamén teñen importancia os sucedidos no fogar ou a través das redes sociais. Tamén é importante sinalar as denuncias feitas por agresións dentro da Administración pública, que aínda que se reduciron a respecto do informe do ano previo, continúan a darse en Galiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Dar cumprimento á totalidade do recollido na lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, persoas trans, bisexuais e intersexuais de Galiza.
2. Potenciar o funcionamento do Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, con máis atribucións e capacidade executiva.
3. Elaborar plans de formacións para todo o cadro de persoal da Administración en temática LGBT, co fin de poder erradicar actuacións LGBTfóbicas coma as que se teñen denunciado.”

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/06/2021 09:21:37

Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/06/2021 09:27:23

Mercedes Queixas Zas na data 09/06/2021 09:27:31

Rosana Pérez Fernández na data 09/06/2021 09:27:40

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/06/2021 09:27:50

Daniel Pérez López na data 09/06/2021 09:27:59

Iria Carreira Pazos na data 09/06/2021 09:28:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 09/06/2021 09:28:20

Daniel Castro García na data 09/06/2021 09:28:28

María del Carmen Aira Díaz na data 09/06/2021 09:28:35

Noa Presas Bergantiños na data 09/06/2021 09:28:45

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/06/2021 09:28:51

María González Albert na data 09/06/2021 09:28:58

Xosé Luis Bará Torres na data 09/06/2021 09:29:05

María Montserrat Prado Cores na data 09/06/2021 09:29:13

Alexandra Fernández Gómez na data 09/06/2021 09:29:21

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/06/2021 09:29:28

María do Carme González Iglesias na data 09/06/2021 09:29:36

Paulo Ríos Santomé na data 09/06/2021 09:29:43



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Elena Candia López, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, José Manuel Rey Varela, Ana Belén García Vidal, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Guadalupe Murillo Solís, José Manuel Balseiro Orol, e Marta Nóvoa Iglesias**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

Durante os últimos 40 anos, España viviu a máis longa época de crecemento, progreso e paz da súa historia, gracias ao esforzo conxunto que a sociedade e todas as forzas políticas realizaron durante a transición. Unha realidade que reflexou notablemente en Galicia, que iniciou unha etapa de desenvolvemento e prosperidade sen precedentes.

Por estas razóns, a sociedade galega no seu conxunto manifesta habitualmente a súa vontade de manter a unidade, a solidariedade interterritorial e a redistribución interspersal en España, que son as bases do Estado das Autonomías que establece a nosa Carta Magna, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia.

En outubro de 2017, diversos partidos e membros do Goberno de Cataluña organizaron un referendo ilegal co obxectivo de atacar esta unidade territorial e separar esta comunidade autónoma do resto de España. Ademais, proclamaron de forma ilegal a independencia, constituíron unha suposta república catalá e utilizaron recursos públicos para tal fin.

Unha operación que, ademais de ser contraria á Constitución, puxo en risco as bases da nosa convivencia democrática e do Estado de Benestar no que Galicia ten prosperado coma nunca antes na súa historia contemporánea.

Dous anos despois os impulsores destes actos foron condenados polo Tribunal Supremo a penas que oscilaban entre os 9 e os 13 anos de prisión así como a penas



de inhabilitación. O alto tribunal considerou probado que as devanditas persoas cometeran delitos de sedición e/ou malversación.

No momento de coñecerse a sentenza, o Presidente Sánchez "garantía tanto á cidadanía catalá como ao conxunto da cidadanía española que esa sentenza íase cumprir na súa totalidade" posto que "ninguén está por encima da lei" mentres que outros membros do seu goberno defendían que as penas impostas debían cumprirse integramente.

Pero tanto Sánchez como o seu goberno seguían necesitando os votos dos partidos independentistas cataláns para manterse no poder; unha necesidade que se fixo máis perentoria tras as eleccións xerais celebradas en novembro de 2019 nas que o PSOE perdeu case 800.000 votos e 3 escanos respecto ás celebradas no mes de abril do mesmo ano.

Esa necesidade pode verse detrás da decisión do goberno de realizar unha modificación do delito de sedición, incluída dentro unha reforma máis ampla do Código penal, que supoñería unha rebaixa das penas aos condenados polo 1-O.

Unha reforma que como explicou en setembro de 2020 o actual Ministro de Política Territorial e Función Pública, Miquel Iceta, era necesario abordar porque "é importante que o Goberno demostre que quere ir resolvendo temas concretos" (dito en referencia á situación dos condenados polo 1-O).

Agora, en 2021, o Presidente Sánchez e o seu goberno non esconden a súa vontade de indultar a uns condenados que non só non mostraron ningún arrepentimento, senón que deixaron claro (tanto no xuízo, ao exercer o seu dereito á última palabra, como en declaracións posteriores) que teñen intención de reincidir nos delitos cometidos.

Ademais, tanto a Fiscalía como o Tribunal Supremo opóñense ao indulto.

O alto tribunal, nun demoledor e clarísimo informe aprobado por unanimidade dos seus membros, explica que o que pretenden o Presidente Sánchez e o seu goberno é retorcer a natureza do indulto e cuestionar "o lexítimo exercicio da función xurisdiccional".

É dicir, o goberno está a poñer en dúbida, do mesmo xeito que o fan os líderes independentistas, o funcionamento da xustiza española, co que iso significa de ataque a un poder do Estado cuxa independencia constitúe un pilar fundamental da nosa democracia.



Por último, destacar que o Tribunal Supremo deixa en evidencia a verdadeira intención do Goberno ao defender o indulto, que non é outra que a súa mera supervivencia política, ao lembrar que "algúns dos que aspiran ao beneficio do dereito de graza son precisamente líderes políticos dos partidos que, neste momento, garanten a estabilidade do Goberno chamado ao exercicio do dereito de graza".

Por todo o exposto, e fronte á fundada sospeita de que non nos atopamos ante un indulto senón ante un pago político. E desde a convicción de que a paz social e a democracia só se poden acadar desde o máximo respecto ao Estado de Dereito que a nosa Constitución garante, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia:

1. Expresa o seu respaldo absoluto á Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico como garantes do estado de dereito e da democracia no noso país.
2. Manifesta o seu apoio ao labor que realizan todos os días os diferentes tribunais de xustiza, con especial mención ao Tribunal Supremo, de maneira independente, responsable e sometidos unicamente ao imperio da lei como establece o artigo 117 da Constitución Española.
3. Insta o Goberno de España a respectar as decisións dos xuíces, non utilizando a figura do indulto con fins partidistas, para beneficiar a aqueles que vulneraron a Constitución e cometeron múltiples delitos nos que, como manifestaron publicamente, pretenden reincidir.”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/06/2021 13:16:17

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/06/2021 13:16:39

Diego Calvo Pouso na data 10/06/2021 13:16:57

María Elena Candia López na data 10/06/2021 13:17:16

Paula Prado del Río na data 10/06/2021 13:17:35

María Sol Díaz Mouteira na data 10/06/2021 13:17:56

José Alberto Pazos Couñago na data 10/06/2021 13:18:10

Noelia Pérez López na data 10/06/2021 13:18:21

José Manuel Rey Varela na data 10/06/2021 13:18:35

Ana Belén García Vidal na data 10/06/2021 13:19:14

Borja Vereza Fraiz na data 10/06/2021 13:19:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Antonio Armada Pérez na data 10/06/2021 13:19:47

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/06/2021 13:20:10

José Manuel Balseiro Orol na data 10/06/2021 13:20:29

Marta Nóvoa Iglesias na data 10/06/2021 13:20:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, solicita que se incorpore unha corrección de erros nas iniciativas con números de rexistro **17.164** e **17.165** co seguinte contido:

No punto 3, da parte resolutiva, onde di “*Insta o Goberno de España a respectar as decisións dos xuíces, (...)*” debe dicir “*Insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que respecte as decisións dos xuíces, (...)*”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/06/2021 14:33:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/06/2021 14:33:26

Diego Calvo Pouso na data 10/06/2021 14:33:46

María Elena Candia López na data 10/06/2021 14:33:55

Paula Prado del Río na data 10/06/2021 14:34:06

María Sol Díaz Mouteira na data 10/06/2021 14:34:16

José Alberto Pazos Couñago na data 10/06/2021 14:34:57

Noelia Pérez López na data 10/06/2021 14:35:07

José Manuel Rey Varela na data 10/06/2021 14:35:23

Ana Belén García Vidal na data 10/06/2021 14:35:32

Borja Vereá Fraiz na data 10/06/2021 14:35:39

José Antonio Armada Pérez na data 10/06/2021 14:35:50

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/06/2021 14:36:28

José Manuel Balseiro Orol na data 10/06/2021 14:36:54

Marta Nóvoa Iglesias na data 10/06/2021 14:37:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o peche de camas hospitalarias e redución da actividade hospitalaria durante os meses de verán na Área Sanitaria de Vigo e derivación a Povisa.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento e a Xunta se posicionen canto antes sobre o peche de camas e a redución da actividade hospitalaria nos meses de verán na Área Sanitaria de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos ás portas do verán e asistimos de novo ao anuncio do peche de camas por parte do Sergas, é unha constante que ano tras ano se repite pola decidida vontade do Partido Popular de seguir recortando a sanidade pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vemos, polo tanto, como a Xunta persiste na súa política de redución da actividade nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza a pesares das listas de espera que se viron enormemente incrementadas pola paralización ou relentización da actividade durante a pandemia. Temos que lembrar que en 2020 a actividade veuse moi reducida, o ano rematou con 8.500 intervencións cirúrxicas menos que no 2019.

Seguindo esta liña a Xerencia da Área Sanitaria de Vigo ven de comunicar que durante os meses de verán van a proceder ao peche de 75 camas no Hospital Álvaro Cunqueiro e 60 no Meixoeiro, ás que hai que sumar as 120 que están continuamente inactivas neste último. 255 camas entre os dous hospitais inoperativas.

O peche de camas, ter os quirófanos baixo mínimos, a diminución de consultas e de probas diagnósticas ten moi graves consecuencias no eido asistencial. Esta decisión vai significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias tanto hospitalarias como nos PACS.

Ao tempo que se dá a coñecer a información do peche de camas na Área Sanitaria de Vigo, que leva parella o redución da actividade hospitalaria en xeral, a Consellería de Sanidade negocia cos propietarios do Hospital Povisa, Ribera Salud, a empresa da multinacional Centene Corporación, un contrato de varios millóns de euros para que opere a lista de espera da Área Sanitaria de Vigo.

É inaceptábel que o Sergas na vez de adicar estes recursos á sanidade pública para dar resposta ás necesidades sanitarias, opte por deixala baixo mínimos mentres destina millóns de euros a unha multinacional para facer unha actividade que se pode e debe realizar nos hospitais públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta sorprendente que ano tras ano se paralice a actividade durante o verán nos hospitais públicos mentres nos hospitais privados non se produce ese peche de recursos.

Hai que lembrar que Povisa é un grande perceptor de diñeiro público a través do concerto de máis de 80 millóns de euros anuais, supón arredor do 40% da totalidade da actividade sanitaria que o Sergas concerta con entidades privadas, para que xestione a asistencia sanitaria de 140 mil persoas da Área Sanitaria de Vigo. A pesar disto rematou 2020 con 2.911 persoas en lista de espera cirúrxica e con tempos superiores aos hospitais do Sergas. A pesar desta situación, o Sergas na vez de esixirlle responsabilidades, decida premiar a este hospital, aumentar aínda máis a súa financiación, cun máis cartos.

As decisións do Partido Popular en materia de sanidade non son inocentes, ao final sempre está a sanidade privada e o negocio.

É claro o obxectivo da Xunta de deixar unha sanidade pública esnaquizada en mans das multinacionais que son as que pretenden manexar os nosos recursos, tanto económicos como asistenciais, e obter substanciosos beneficios a costa da saúde dos cidadáns.

O período do verán, que en xeral supón menos presión de determinadas patoloxías, tiña que ser unha oportunidade para incrementar o número de cirurxías e probas diagnósticas para acortar as listas de espera que padecemos, tanto a histórica que arrastramos como a ocasionada pola diminución de actividade durante a pandemia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Destinar a contía do convenio que o Sergas ten previsto destinar ao Hospital Povisa para rebaixar as listas de espera da Área Sanitaria de Vigo, a dotala de recursos, e realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao peche de camas, nin rebaixar a actividade cirúrxica nin de probas diagnósticas nos centros hospitalarios do Sergas.

2.- Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas na Área Sanitaria, camas, quirófanos, probas diagnósticas...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, sen ser usados nos centros públicos.

3.- Presentar no Parlamento Galego, no prazo dun mes, un informe coas derivacións realizadas polo Sergas na Área Sanitaria de Vigo a centros privados nos últimos cinco anos, desagregadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas.

4.- Esixirlle ao Hospital Povisa un Plan para a eliminación das súas listas de espera no referido á poboación que ten asignada polo concerto asinado co Sergas.

Realizar unha auditoría das contas e da xestión de Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas da que se derive un informe detallado no que conste:

a) Rateo profesionais/doentes, profesionais por servizos e planta, permanencia nos mesmos, situación laboral, mobilidade horaria e entre servizos, número de contratos con redución de xordana con detalle por categoría profesional.

b) Información desagregada do gasto que destina a atender a doentes públicos e a privados. O número e distribución de camas do hospital destinadas a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atención pública e privadas. Persoal destinado a prestar a asistencia sanitaria pública e privada, horarios e servizos.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2021 12:20:44

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/06/2021 12:21:15

Mercedes Queixas Zas na data 14/06/2021 12:21:26

Rosana Pérez Fernández na data 14/06/2021 12:21:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/06/2021 12:21:41

Daniel Pérez López na data 14/06/2021 12:21:50

Iria Carreira Pazos na data 14/06/2021 12:21:57

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2021 12:22:12

Daniel Castro García na data 14/06/2021 12:22:20

María del Carmen Aira Díaz na data 14/06/2021 12:22:29

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2021 12:22:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/06/2021 12:22:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 14/06/2021 12:22:52

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2021 12:22:59

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2021 12:23:29

Alexandra Fernández Gómez na data 14/06/2021 12:23:37

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/06/2021 12:23:44

María do Carme González Iglesias na data 14/06/2021 12:23:51

Paulo Ríos Santomé na data 14/06/2021 12:23:57



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera, Daniel Vega Pérez, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Borja Verea Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Encarna Amigo Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O pasado martes, 25 de maio, o conselleiro do Medio Rural comparecía no Parlamento de Galicia para dar conta do estado das negociacións sobre o deseño e aplicación da Política Agraria Común –coloquialmente coñecida por todos polas súas siglas PAC– para o vindeiro período de execución 2023-2027.

Unha comparecencia na que se fixo unha petición de consenso da que é fundamental partir, de cara á defensa dos intereses de agricultores e gandeiros galegos, nos vindeiros debates e negociacións para a configuración da futura PAC. Neste sentido, este consenso foi mantido, como se puido observar na práctica, coas organizacións agrarias e cooperativas galegas, así como na posición conxunta acordada polas comunidades da Cornixa cantábrica –Asturias, Cantabria, País Vasco, e a nosa propia, Galicia–, reflectida nun documento subscrito por todas elas, acordo histórico que foi feito público recollendo as demandas destas Comunidades Autónomas ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), co obxecto de que se tiveran en conta as características e particularidades propias das mesmas.

Ao respecto, é preciso continuar avanzando nas negociacións e, para iso, Galicia debe partir dun consenso, que se materialice non só coas restantes comunidades da España húmida, senón tamén cos grupos parlamentarios, xa que neste punto os nosos intereses son os mesmos, os intereses do sector agropecuario galego. Polo tanto, propoñemos manter a posición construtiva e de colaboración institucional que tivo a Xunta de Galicia no transcurso das negociacións respecto do Goberno central, pero coa máxima firmeza na defensa das especificidades e intereses do noso sector agrario,

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



como son unha maioría de explotacións de tamaño pequeno ou mediano, de carácter profesional, pero eminentemente familiar e unha clara orientación produtiva cara a sectores gandeiros como o lácteo e o cárnico, que nos diferencia, e moito, doutras zonas de España, partindo para iso dun posicionamento conxunto do Goberno e grupos parlamentarios.

Esta postura común susténtase na evidencia de que existen unha serie de cuestións , no tocante ao primeiro piar (aproximadamente 170 millóns de euros correspondentes aos pagamentos directos da PAC cada ano), que constitúen intereses esenciais do sector en Galicia, tales como:

- A necesidade de que o MAPA nos faga coñecedores do contido concreto da súa proposta sobre a delimitación e os importes das novas rexións da PAC que se van aplicar na axuda básica, en particular daquelas nas que estarían as explotacións galegas, posto que, sen esta información é imposible facer ningún cálculo nin valoración das propostas formuladas polo Ministerio acerca do deseño da futura PAC.
- No que se refire á superficie con dereito a cobro da axuda básica á renda dos agricultores, Galicia parte dunha superficie con dereitos de pago moi inferior á media española. Demandamos que se corrixa este desequilibrio antes de ampliar esta superficie, como propón o MAPA, a novos cultivos de viñedos, froitos e hortalizas, localizados, fundamentalmente, nas Comunidades Autónomas do sueste español. Así mesmo, tamén demandamos que se facilite a entrada de superficies e sistemas produtivos de pastoreo.
- Con respecto ás axudas asociadas, a posición de Galicia é a de que se manteñan para os sectores de vacún de leite, vacún de carne e ovino-caprino, cunha dotación polo menos similar ao período 2014-2020. Para iso, deberanse destinar a esas axudas o 13% dos fondos dispoñibles para axudas directas do primeiro piar (+2% para cultivos proteicos).
- Ante a posición de apertura dun programa sectorial para a oliveira tradicional, que contará cun 0,62% dos fondos, Galicia demanda un programa similar para a recuperación dos soutos tradicionais ou que se inclúa o castaño nas axudas asociadas para froitos de cáscara.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



- Sobre o *capping* ou límite de axudas, é preciso que o MAPA precise a fórmula que vai utilizar para aplicalo e o destino dos fondos resultantes, tamén a metodoloxía para o cálculo e asignación do pago redistributivo, así como datos sobre os resultados que se derivarían nas diferentes “rexións PAC”.

De forma adicional, deféndese a inclusión dos seguintes puntos no deseño da aplicación da PAC 2023-2027 en España:

- Aplicación no *capping* e a *degresividade* das máximas porcentaxes de redución das axudas aos maiores perceptores que permita o regulamento finalmente aprobado.
- Para a aplicación deses mecanismos non deben deducirse os custos laborais, coa única excepción das explotacións asociativas, nin tampouco os pagos a empresas externas (servizos externos contratados).
- Damos por suposto que, en canto ao destino dos fondos, o *capping* e a *degresividade* vanse aplicar a nivel nacional e non dentro de cada “rexión PAC”.
- O pago redistributivo debe contar cunha dotación orzamentaria ambiciosa, aplicarse a nivel nacional, non dentro de cada “rexión PAC”, e priorizar aos agricultores profesionais (de pequena e mediana dimensión en relación á media española).

Neste sentido, consideramos que debера haber un maior pago ás primeiras hectáreas co obxecto de beneficiar as pequenas e medianas explotacións, e dentro delas aos agricultores e gandeiros cunha dependencia significativa dos ingresos agrarios, dando prioridade sobre todo aos agricultores profesionais.

- Sobre a definición de “agricultor xenuíno”, en canto que destinatario das axudas do primeiro piar da PAC e dalgunhas do segundo piar, esta debe basearse nunha porcentaxe mínima dos ingresos agrarios sobre os totais, que propoñemos no 30% (se ben podería aceptarse o 25% que propón o MAPA), incluíndo tamén as persoas afiliadas á Seguridade Social como traballadores por conta propia no sector agrario.
- Sobre os ecoesquemas:
 - Apoiamos que se destine a estas axudas o 20% do montante dispoñible para pagos directos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



- Porén, constatamos con preocupación que nos ecoesquemas propostos polo MAPA denótase un marcado carácter mediterráneo, abordando problemáticas e realidades produtivas principalmente do centro e do sur peninsulares, quedando a España húmida moito máis desatendida.
- Por iso, é preciso engadir outros ecoesquemas adicionais, nos que se contemplan as realidades da Cornixa cantábrica, e introducir, de modo transversal:
 - ✓ Aplicar en todos os ecoesquemas nos que sexa pertinente un complemento vinculado á prevención de incendios.
 - ✓ Estender o complemento previsto para as superficies en Rede Natura ás zonas con limitacións naturais.
 - ✓ Introducir en todos eles unha modulación da axuda por estratos de tamaño.
- En relación á converxencia intrarrexional da axuda básica á renda, temos que manernos na demanda dunha converxencia progresiva e gradual. Ademais, posicionámonos en contra dunha tarifa plana por hectárea, pretensión doutras CCAA do centro e sur peninsular. E demandamos que a contía da axuda básica por hectárea nas diferentes “rexións PAC” teña en conta as diferentes realidades existentes, no plano agronómico e socioeconómico, en especial o emprego agrario xerado por unidade de superficie.

Estamos fronte a unha cuestión transcendental que beneficia a preto de 26.000 galegos e galegas cada ano cunha contía que se elevaba, no pasado 2020, aos 205 millóns de euros de axudas directas ás explotacións, 170 millóns correspondentes aos pagamentos directos do primeiro piar da PAC e 35 millóns de euros de medidas de desenvolvemento rural (ademais do apoio a diferentes tipos de investimentos esenciais para o noso medio rural, dentro do segundo piar da PAC), polo que este consenso, máis ca nunca, é vital.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que na negociación da PAC 2023-2027 ante o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación defenda a seguinte postura:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



- 1.- Con carácter previo ao peche das negociacións deberá demandarse ao Goberno central que se traslade á Xunta de Galicia todos os datos necesarios para poder determinar a afectación aos agricultores e gandeiros galegos do modelo que se propón polo MAPA. En especial, é imprescindible que o MAPA nos faga coñecedores de todos os datos da súa proposta sobre a delimitación, as superficies e os importes da axuda básica nas novas rexións PAC, en particular daquelas nas que estarían as explotacións galegas.
- 2.- A definición de agricultor xenuíno, como receptor das axudas do primeiro piar da PAC e dalgunhas do segundo piar, debe basearse no requisito de que unha porcentaxe significativa dos seus ingresos totais (como mínimo o 25%) sexan ingresos procedentes da actividade agraria, admitindo tamén como agricultor xenuíno a aquel que se atope dado de alta na seguridade social como traballador por conta propia no réxime agrario.
- 3.- No relativo ao debate sobre a superficie con dereito a cobro das axudas da PAC, non é admisible a apertura a novos cultivos, viñedo, froitas e hortalizas, localizados maioritariamente no sudeste español, sen antes regularizar o déficit de superficie admisible con dereitos que ten Galicia respecto da media nacional.
- 4.- Demandamos que a contía da axuda básica por hectárea nas diferentes “rexións PAC” teña en conta as diferentes realidades existentes, no plano agronómico e socioeconómico, en especial o emprego agrario xerado por unidade de superficie.
- 5.- Deben asignarse ás axudas asociadas o máximo de fondos que permita o regulamento europeo (13% + 2% cultivos proteicos) e manter como mínimo para os sectores de vacún de leite, vacún de carne e ovino-caprino unha dotación similar ao período 2014-2020, incluíndo ademais o castaño nas axudas asociadas para froitos de cáscara.
- 6.- Demandamos unha aplicación intensa do pago redistributivo en canto á porcentaxe de fondos que se destinen ao mesmo. O pago redistributivo deberá aplicarse considerando a superficie media por explotación a nivel nacional e non

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



dentro de cada “*rexión PAC*”. Sobre esa base, deberá haber un maior pago ás primeiras hectáreas co obxecto de beneficiar as pequenas e medianas explotacións, en especial aquelas de agricultores e gandeiros cunha dependencia significativa dos ingresos agrarios, dando prioridade sobre todo aos de carácter profesional.

- 7.- En canto ao límite das axudas por explotación (capping) e a degresividade, defendemos a súa aplicación nas máximas porcentaxes de redución das axudas aos maiores perceptores que permita o regulamento europeo finalmente aprobado. Para a aplicación deses mecanismos non deben deducirse os custos laborais, coa única excepción das explotacións asociativas, nin tampouco os pagos a empresas externas (servizos externos contratados). O destino dos fondos derivados do capping e a degresividade deberá aplicarse a nivel nacional e non dentro de cada “*rexión PAC*”.
- 8.- Defendemos a introdución de **novos** ecoesquemas e a modificación dos que propón o MAPA, para que respondan á realidade da agricultura e gandería galegas, de xeito particular os que favorezan a extensificación da gandería e a recuperación dos sistemas agroforestais. Os ecoesquemas propostos polo MAPA deberán adaptarse ás características da agricultura e gandería galegas, introducindo de forma transversal as seguintes características:
- Aplicar en todos os ecoesquemas nos que sexa pertinente un complemento vinculado á prevención de incendios.
 - Estender o complemento previsto para as superficies en Rede Natura ás zonas con limitacións naturais.
 - Introducir en todos eles unha modulación da axuda por estratos de tamaño”.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/06/2021 13:27:34

María Elena Candia López na data 14/06/2021 13:27:53

José Antonio Armada Pérez na data 14/06/2021 13:28:11

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/06/2021 13:28:28

Raquel Arias Rodríguez na data 14/06/2021 13:28:38

Ramón Carballo Páez na data 14/06/2021 13:28:58

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/06/2021 13:29:18

Daniel Vega Pérez na data 14/06/2021 13:29:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/06/2021 13:29:42

Paula Prado del Río na data 14/06/2021 13:29:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Borja Vereza Fraiz na data 14/06/2021 13:30:18

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/06/2021 13:30:35

Ovidio Rodeiro Tato na data 14/06/2021 13:30:51

Cristina Sanz Arias na data 14/06/2021 13:31:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/06/2021 13:31:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Luis Bará Torres, Carmen Aira Díaz, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ao peche de camas hospitalarias e baixada na actividade de quirófanos, probas diagnóstica e consultas durante os meses de verán.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes diante do peche de camas hospitalarias e a baixada na actividade de quirófanos, probas diagnóstica e consultas durante os meses de verán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos ás portas do verán e asistimos de novo ao anuncio do peche de camas por parte do Sergas, é unha constante que ano tras ano se repite pola decidida vontade do Partido Popular de seguir recortando a sanidade pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vemos polo tanto como a Xunta persiste na súa política de redución da actividade nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza a pesares das listas de espera que se viron enormemente incrementadas pola paralización ou ralentización da actividade durante a pandemia.

O peche de camas, ter os quirófanos baixo mínimos, a diminución de consultas e de probas diagnósticas ten moi graves consecuencias no eido asistencial. Esta decisión significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias tanto hospitalarias como nos PACS.

A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados e aumento das xa avultadas listas de espera.

O sistema sanitario público galego ten un número moi deficiente de camas hospitalarias. Galiza ten 3,14 camas por cada 1000 habitantes. Estamos á cola do Estado en número de camas hospitalarias, e por suposto moi lonxe do que establece a Organización Mundial da Saúde, entre 8 e 10 por cada mil habitantes. Nos 10 anos de Goberno do PP perdéronse máis do 7%, 449.

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

Un país coas listas de espera brutais como as que hai no Sergas, e máis cos efectos demoledores da pandemia na falta de atención, non pode permitirse o luxo de estar baixo mínimos durante todo o verán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Pechar camas, ter baixo mínimos quirófanos, equipos de diagnóstico e persoal non é inocuo, ten contraindicacións e efectos secundarios.

O período do verán, que en xeral supón menos presión de determinadas patoloxías, podería ser unha oportunidade para incrementar o número de cirurxías e probas diagnósticas para acortar as listas de espera que padecemos, tanto a histórica que arrastramos como a ocasionada pola diminución de actividade durante a pandemia.

Resulta sorprendente que ano tras ano se paralice a actividade durante o verán nos hospitais públicos mentres nos hospitais privados non se produce ese peche de recursos.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Non pechar unidades de hospitalización durante o verán, e a realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao peche de camas, diminución de actividade nos quirófanos e probas diagnósticas nos centros hospitalarios do Sergas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos, probas diagnósticas...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, sen ser usados nos centros públicos.

-Facer públicas de inmediato as listas de espera globais (tanto as priorizadas, como as non estruturais que están nos buzóns) de intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas e consultas.

-Presentar no Parlamento galego a estratexia para rebaixar as listas de espera, especialmente aumentadas coa pandemia pola Covid 19.

-Presentar no Parlamento galego, o informe en base ao cal a Consellería de Sanidade fai a planificación da atención sanitaria no verán (listas de espera, persoal dispoñíbel para ser contratado, repercusión nas listas de espera do parón dos catro meses...).

-Presentar no Parlamento galego, a menor brevidade, un informe coas contratacións realizadas nos centros hospitalarios para substituír ao persoal nas catro meses de verán, desagregadas por centro, mes ou quincena, e por categorías profesionais.

-Presentar no Parlamento galego, no prazo dun mes, un informe coas derivacións realizadas polo Sergas á centros privados nos últimos cinco anos, desagregadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2021 16:38:50

Paulo Ríos Santomé na data 14/06/2021 16:39:02

María do Carme González Iglesias na data 14/06/2021 16:39:09

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/06/2021 16:39:15

Alexandra Fernández Gómez na data 14/06/2021 16:39:22

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2021 16:39:30

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2021 16:39:38

María González Albert na data 14/06/2021 16:39:45

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/06/2021 16:39:53

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2021 16:40:06

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/06/2021 16:40:15

Daniel Castro García na data 14/06/2021 16:40:25

María del Carmen Aira Díaz na data 14/06/2021 16:40:34

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2021 16:40:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 14/06/2021 16:40:52

Daniel Pérez López na data 14/06/2021 16:41:01

Rosana Pérez Fernández na data 14/06/2021 16:41:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/06/2021 16:41:20

Mercedes Queixas Zas na data 14/06/2021 16:41:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Luis Bará Torres, Carmen Aira Díaz, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a ampliación da rede de Puntos de Encontro Familiar e a actualización da normativa que os regula especialmente nos casos de violencia machista.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie ao respecto coa maior celeridade tendo en conta que se trata dunha medida que afecta aos dereitos da infancia.

Exposición de motivos

En Galiza existe na actualidade unha rede de Puntos de Encontro Familiar (PEF) conformada por sete centros situados nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Compostela). Un número claramente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

insuficiente porque deixa sen servizo de proximidade a moitas comarcas do país obrigando as persoas usuarias dos mesmos, especialmente crianzas, a percorrer máis de cen quilómetros nalgúns casos para acceder a el.

Recentemente a Xunta de Galiza licitou a construción dun novo Punto de Encontro Familiar no Concello de Ribeira que dará servizo á comarca da Barbanza. Porén, sendo un avance, o certo é que resulta imprescindible ir máis alá e garantir este servizo noutras comarcas.

De acordo coa normativa que os regula, nomeadamente o Decreto 94/2014, do 3 de xullo os Pontos de Encontro Familiar son un “servizo que facilita, preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procura a seguridade e o benestar das e dos menores, favorece a relación coas súas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas”

Neste senso, “os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo”.

Os Pontos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo esencial para o conxunto da poboación mais xogan un papel aínda máis relevante nos casos de violencia machista polo que é urxente revisar os procedementos de intervención e os protocolos que rexen nos centros para garantir a máxima protección das crianzas e das nais que se atopan ou poidan atopar nesta situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A violencia vicaria é unha forma máis de violencia machista. O Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego preocupado por esta cuestión impulsou unha proposición de lei encamiñada ao recoñecemento legal deste tipo de violencia exercida contra as mulleres a través das súas fillas/os e outras persoas próximas, porén, á par que se modifica o marco lexislativo é necesario impulsar tamén outras medidas que permitan actuar na prevención, detección e intervención nestes casos.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Ampliar a rede de Puntos de Encontro Familiar (PEF) a través do impulso de novos centros públicos nas comarcas de:

- A Mariña
- Terra de Lemos
- Valdeorras
- Verín
- O Morrazo
- O Salnés
- A Costa da Morte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Elaborar un protocolo que permita a valoración de risco nos Puntos de Encontro Familiar fronte situacións de violencia machista así como deseñar canles de comunicación e colaboración inter-institucionais que garantan a protección das e dos menores e das súas nais.

3. Introducir as modificacións regulamentarias oportunas para unificar e harmonizar os criterios de intervención nos Puntos de Encontro Familiar así como introducir os mecanismos necesarios de seguimento e avaliación que garantan unha atención acorde ás necesidades das familias e, especialmente, das crianzas e mulleres en situación de violencia machista.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2021 18:18:18

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/06/2021 18:18:31

Paulo Ríos Santomé na data 14/06/2021 18:18:42

María do Carme González Iglesias na data 14/06/2021 18:18:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/06/2021 18:18:56

Alexandra Fernández Gómez na data 14/06/2021 18:19:04

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2021 18:19:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2021 18:19:22

María González Albert na data 14/06/2021 18:19:30

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/06/2021 18:19:38

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2021 18:19:46

María del Carmen Aira Díaz na data 14/06/2021 18:20:00

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2021 18:20:09

Daniel Castro García na data 14/06/2021 18:20:19

Iria Carreira Pazos na data 14/06/2021 18:20:29

Daniel Pérez López na data 14/06/2021 18:20:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/06/2021 18:20:47

Rosana Pérez Fernández na data 14/06/2021 18:20:55

Mercedes Queixas Zas na data 14/06/2021 18:21:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a restitución do Castro Cociñadoiro (Arteixo-A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2004, a Autoridade Portuaria da Coruña convocou o concurso para a adxudicación das obras de construción das Novas Instalacións Portuarias en Punta Langosteira.

En xaneiro de 2005 iniciouse a escavación do castro. Coa chegada do verán de 2005, máis concretamente o 7 de xullo, o proceso estaba concluído e o 100% do sitio arqueolóxico estaba á vista ou liberalizada a zona do castro de Punta de Muros como consta na páxina web do porto exterior de Arteixo-A Coruña.

O xacemento do castro de Cociñadoiro ou Punta de Muros (Arteixo, A Coruña), localizado nun punto estratéxico, xusto antes da chegada ao golfo Ártabro desde o sur, hoxe en día atópase destruído como consecuencia da construción do complexo portuario de Punta Lagosteira.

Trátase dun caso excepcional, tanto pola súa función como pola súa cronoloxía, ao contar cunha datación que nos permite situalo como un dos castros máis antigos do noroeste peninsular. A súa fase de construción estímase na transición do século X ao IX





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a.C., aínda que o seu momento de máxima ocupación e actividade non se desenvolvería até os séculos VIII e VII a.C., permanecendo activo até o seu primeiro abandono no paso da Primeira á Segunda Idade de Ferro.

A Autoridade Portuaria organizaba visitas guiadas ás obras do Porto Exterior da Coruña durante varios anos para amosarlle aos cidadáns o proxecto mais nunca as organizaron durante a escavación do castro. A escavación levouse a cabo con sumo ocultismo, pois, durante todo o proceso, non se comunicou nada á comunidade local, nin á científica nin aos medios, sobre o que alí se atopou. Todo se mantivo en silencio, malia coñecerse perfectamente a relevancia do espazo.

Os responsables da Autoridade Portuaria, canda a Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura, tomaron a decisión de facer desaparecer o xacemento, de costas aos cidadáns, lexítimos propietarios e financiadores da escavación do sitio arqueolóxico, tanto da comunidade local de Arteixo como do resto do país.

Uns anos máis tarde, en 2009, e nos límites expropiados polo Porto Exterior a 200 metros do castro de Rañobre, sacaron á luz unha zona de 30 metros lineais que parecía corresponderse cunhas construcións funerarias de época tardorromana.

A veciñanza, e máis en concreto a asociación de veciños de Rañobre, arrincaron o compromiso da Autoridade Portuaria de analizar exhaustivamente os restos atopados e estudar as liñas a seguir para a súa conservación, recuperando os seus achados, valorando a súa exposición igual que se faría co Castro Cociñadoiro, promesas incumpridas até hoxe pola Autoridade Portuaria e por Fomento co pobo de Arteixo e Galiza.

Moitas son as dúbidas e a falta de coñecemento que hai sobre estas tumbas tardorromanas atopadas no entorno do Porto Exterior de Arteixo-A Coruña. A



ocultación por parte da administración do Estado segue a ser a única certeza que podemos saber.

Estatutariamente, Galiza asume como tarefa principal, a través das súas institucións democráticas, a defensa da súa identidade, e os poderes públicos galegos están na obriga de remover os obstáculos que dificulten a participación dos individuos e dos grupos na vida cultural galega.

Neste marco, o Estatuto de Autonomía de Galiza asumiu, no seu artigo 27.18, a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese do noso país.

Recolle a Lei de patrimonio cultural de Galiza unha serie de disposicións xerais que definen o patrimonio cultural desde unha perspectiva ligada ao seu uso e disfrute pola cidadanía, concibíndoo como un instrumento de cohesión social e desenvolvemento sostible que dá soporte, como elemento integrador, á identidade do noso pobo.

Establece ademais o ámbito de competencias, como xa vimos, e o réxime de colaboración interadministrativa, fomentando a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e promoción do patrimonio cultural de galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza demandar do goberno do Estado o cumprimento do compromiso de construción do Centro de Interpretación do Castro Cociñadoiro de Arteixo (A Coruña) para aloxar os materiais arqueolóxicos aparecidos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no xacemento durante as obras do porto exterior de Punta Langosteira e que xa debera estar construído en 2012.”

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/06/2021 10:22:00

Daniel Castro García na data 04/06/2021 10:22:05

Mercedes Queixas Zas na data 04/06/2021 10:22:12



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A pandemia elevou a conexión a Internet á categoría de servizo básico, así como a electricidade, e accións tan cotiás como o teletraballo ou facer unha videochamada son unha odisea nunha boa parte das zonas rurais da nosa comunidade.

Uns 10.000 veciños das parroquias de Gondomar sofren un servizo precario, cun máximo de 3 megabytes de velocidade, por iso os socialistas demandamos un acceso digno á rede en todo o territorio municipal. A razón é o atraso no despregue de fibra óptica nas parroquias, que aínda está atascado dous anos despois do seu inicio.

Orange, R e Vodafone cobren o centro urbano e áreas específicas de Morgadáns e Vincios. Pero o principal tronco de alimentación da rede rural que Movistar se encarga de estender –tras recibir 100 millóns de euros da Xunta e a banda ancha do Estado prevé chegar a poboacións de menos de 300 habitantes– chegará desde A Ramallosa e nese punto aínda está bloqueado. A falta de acordo entre a empresa e os propietarios para colocar os postes e o cableado, fan que continúe o retraso na conectividade das parroquias de Gondomar.

A situación deixa á práctica totalidade dos residentes desta vila con conexións precarias, xa que a máis de 3,5 quilómetros do centro urbano é practicamente imposible conectarse a internet.

As persoas usuarias das parroquias de Borreiros, Donas, Mañufe, Peitieiros, Couso, Morgadáns, Chaín e Vilaza optan por alternativas como routers 4G, radio ou satélite, que ofrecen conexións residuais saturadas

O problema agrávase en zonas remotas ás que nin sequera chegou o ADSL. Os veciños usan sistemas de radio ou satélite que apenas chegan a 1 megabyte e imposibilitan sequera enviar un correo electrónico.



O Grupo Parlamentario Socialista cualifica este atraso de intolerable. Por iso, esiximos á Xunta de Galicia que controle o cumprimento dos contratos que adxudica ás operadoras encargadas do acceso á conectividade.

A Plataforma Gondomar Fibra Xa! presentou o día 27 de maio ante a Delegación da Xunta de Galicia en Vigo as 1.610 sinaturas recollidas no municipio para esixir ás administracións que fagan cumprir os compromisos de execución dun servizo de internet de calidade que permita desenvolver no municipio de Gondomar as condicións doutras áreas e que obriguen ás empresas a cumprir o establecido no contrato.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, concretamente á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a:

1. Controlar os contratos de despregue de fibra óptica que adxudica ás operadoras que cobren os concellos de toda Galicia.
2. Controlar os contratos de despregue de fibra óptica que adxudica ás operadoras que cobren o Concello de Gondomar.

Pazo do Parlamento, 4 de xuño de 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/06/2021 11:48:09

Martín Seco García na data 04/06/2021 11:48:15

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/06/2021 11:48:26



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Cada vez que se producen incendios o Partido Popular e o Goberno galego volven a incidir no de sempre en criminalizar á cidadanía falando dos moitos pirómanos e incendiarios que ao seu entender proliferan libremente polos montes de Galicia, igual que fixeron tantas veces cando as cousas se volvían en contra apelando a un suposto terrorismo incendiario, argumento que foi desmontado dun xeito contundente e repetidas veces pola Fiscalía de Galicia.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema de orde pública, aínda que ben sabemos que é preciso manter os esforzos neste eido e na persecución do delito. O problema dos incendios en Galicia é o abandono absoluto no que está o territorio, deste mundo rural desmantelado que o Partido Popular e o Goberno galego decidiu esquecer e seguen a facer logo de gobernar a Xunta de Galicia durante a maior parte da súa existencia.

O problema dos incendios en Galicia son ese medio millón de hectáreas aptas para aproveitar sostiblemente de forma multifuncional, que na actualidade non son produtivas. O que desgraciadamente acontece e que arden todos os anos, o problema é a falla de relevo poboacional e eses dez mil galegos e galegas que abandonan de media o seu país todos os anos.

Esa é realmente a causa dos lumes en Galicia, e por iso temos aquí, en tan só un 6 % do territorio español, preto do 30 % de todos os incendios e grandes incendios que se producen en España, e por iso a cuarta parte da superficie que ardeu o ano pasado en España ardeu na provincia de Ourense, que representa unicamente o 1,4 % da superficie total do Estado; e por iso 8 dos 17 grandes incendios que houbo no 2020 ocorreron en Ourense; e por iso o lume que arrasou unha vez máis o Parque Natural do Xurés foi o terceiro máis grande de España.

É necesario, por unha banda, consolidar e mellorar a eficacia do dispositivo contra incendios forestais. Temos que darlle apoio material, pero en tal caso debería atender o Goberno galego ás achegas que se fixeron no Ditame da



Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, a resultas da vaga de lumes que sufriu en Galicia en Outubro do 2017.

E por esa mesma razón a Xunta de Galicia debería atender as conclusións e recomendacións que con motivo do anterior ditame fixo o grupo de expertos en incendios forestais, e que recolleron nun documento que foi entregado no Parlamento no verán do 2019.

É obvio que moitas das melloras que propoñían aínda non foron implementadas nin asumidas polo Goberno galego, todo reduciuse a creación dunha Dirección Xeral, no que non se tratou dun reparto axeitado dos medios de loita existentes na Comunidade Autónoma conforme a situación actual, nin se analizou por parte da Administración dos reforzos que sexan necesarios e a súa distribución territorial, se axuste verdadeiramente á incidencia dos lumes nesas comarcas e distritos, e aos poucos alentadores escenarios que nos augura o cambio climático.

No documento xeral elaborado polo grupo de traballo presentáronse varias táboas sobre a distribución ideal das brigadas, tanto en canto ao seu número como ao seu despregue territorial e temporal. A tal fin elaborouse un modelo mediante a aplicación dun algoritmo, en función da superficie de cada distrito e da incidencia dos lumes (número de incendios e superficies afectadas), empregando para isto o histórico dos lumes dos últimos dez anos.

Nas táboas presentadas evidénciase claramente unha forte distorsión ou descompensación no reparto actual das brigadas respecto do modelo proposto, uns desaxustes que debería ter en conta a Consellería do Medio Rural á hora de definir e distribuír o operativo.

Así por exemplo, na provincia de Ourense, e malia presentar o 41 % dos lumes e o 59 % da superficie total queimada en Galicia nos últimos 10 anos, o reparto de brigadas proposto pola Xunta de Galicia atribúelle a esta provincia unicamente o 30 % das brigadas existentes, porén, e segundo o modelo, debería corresponderlle o 43 %, e a esta provincia xunto coa de Pontevedra os dous terzos das brigadas, cun incremento porcentual similar ao anterior.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que de conformidade co disposto no Documento de respostas ás cuestións recollidas no Ditame da Comisión parlamentaria sobre incendios forestais, punto 2, se proceda ao reparto dos medios de loita existentes na Comunidade Autónoma, os reforzos que sexan necesarios e a súa distribución territorial, axustándose verdadeiramente á incidencia dos lumes nesas comarcas e distritos, e aos poucos alentadores escenarios que nos augura cambio climático, tal como recomendou o grupo de expertos.

Pazo do Parlamento, 4 de xuño do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/06/2021 12:47:12

Martín Seco García na data 04/06/2021 12:47:21

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/06/2021 12:47:32



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A situación da Atención Primaria vén sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos. A pandemia provocada pola COVID sinalou, especificamente, a relevancia da primaria no conxunto do sistema sanitario, evidenciado na necesidade de que fosen os profesionais deste nivel asistencial os que afrontasen un volume de demanda moi elevado por parte da cidadanía.

Lonxe de ser resoltos os problemas enquistados dende hai anos na Atención Primaria (falta de profesionais, organización dos centros, presenza da primaria nos órganos de dirección, coordinación entre a dirección do sistema sanitaria e profesionais...), a pandemia intensificou estes problemas e fíxoos de necesaria e urxente resolución. Medidas como o inicio dun estudo serolóxico autonómico, sen consultar nin coordinar cos profesionais de primaria e existindo un estudo realizado xa polo Goberno de España, antes de dotar de medios de protección aos propios profesionais ou a negativa a realizar contratacións extraordinarias necesarias para dotar ao sistema de primaria dos medios axeitados puxeron de manifesto que, a pesares de todo, non existen avances para a mellora deste nivel asistencial.

Non en tanto as políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en



situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

A pesar diso, nos últimos 10 anos Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo. Os últimos anos, a partir da chegada do goberno de Pedro Sánchez, foron concedidas a Galicia o maior número de prazas MIR da historia, tamén no específico de medicina de familia e pediatría.

Ante este problema a Dirección do Sergas vén de ofrecer uns acordos de xestión que marcan obxectivos moi discutidos polos profesionais, e que perpetúan a tendencia de encamiñar ao sistema de primaria a funcionar como procesadores de pacientes e non a traballar de maneira real na implantación dun verdadeiro sistema comunitario e con atención de proximidade.

As solucións laborais que o goberno da Xunta de Galicia vai debullando e soltando como globos-sonda encamiñan tamén a situación á evidencia de non comprender a realidade que se vive nos centros de saúde, como a idea proposta por Núñez Feijoo sobre a creación de profesionais nos centros de saúde dedicados só ás urxencias (o que alteraría o sistema estable de hai moito tempo coordinado cos PAC e a súa función de atención a urxencias).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dialogar cos representantes dos traballadores/as do Sergas e os colectivos representativos de profesionais de Atención Primaria para afrontar as posibles modificacións estruturais do sistema, en especial no que ten que ver coa implantación dunha posible figura do profesional facultativo de atención ás urxencias médicos nas quendas de mañá nos centros de saúde rompendo o esquema previo de coordinación Centro de Saúde – PAC.

Pazo do Parlamento, 7 de xuño do 2021

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Julio Torrado Quintela na data 07/06/2021 08:11:59

Marina Ortega Otero na data 07/06/2021 08:12:07

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/06/2021 08:12:30





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1928 e 1939 as concesionarias mineiras das Minas “San Finx”, en Lousame, construíron sobre a canle do río San Fins dúas presas de decantación de lodos mineiros, seguindo o método de ‘presas de colas fluviais’ (riverine tailings), habituais nas minas coloniais británicas da primeira metade do século pasado. Adquirida a mina polo Banco Pastor en 1940, as presas de residuos mineiros continuaron sendo utilizadas pola explotación, como evidencian os plans anuais de labores presentados ata o ano 2000, no que a explotación se abandona por completo e se deixa de presentar estes documentos preceptivos. A falla dunha das comportas da presa maior, de 14 metros de altura e 50 de lonxitude, causou o que na altura se deu en chamar a “catástrofe de 1960”.

En 1940 o enxeñeiro de minas Manuel Peón Martínez publica unha “Memoria descriptiva de la explotación de las minas de estaño y wolfram de San Finx” que describe as presas de residuos mineiros do seguinte xeito no apartado denominado “sistema de clarificación”:

“La clarificación de las aguas turbias procedentes del lavado de mineral, se efectúa por el procedimiento de decantación. En los años 1.924 y 1925 se construyeron tres estanques de decantación para recoger la grava y arena estériles del lavado, que



lleva las aguas en suspensión al objeto de que estas aguas vertiesen en el río debidamente clarificadas. Más tarde, en 1.928, se construye un muro-presa de 4 metros de altura, cerrando transversalmente una cañada y constituyendo un envalse [sic] de 4,200 metros cúbicos de capacidad, como complemento del sistema de clarificación y es donde se decantan las arenas que no fueron retenidas en los depósitos anteriores.

Con el fin de completar éste sistema de clarificación, se proyectó y construyó últimamente, en 1939 otro depósito de decantación de aguas, aprovechando una garganta natural del terreno y formando con azud una presa en la que las aguas sufren una suficiente pérdida de velocidad y la decantación se lleva a cabo con los resultados convenientes, que son los de que las aguas sean utilizadas en los diversos usos públicos. El volumen del embalse es de 8.400 metros cúbicos. Este depósito recoge las arenas y lodos —sobre todo estos últimos— que escapan de los anteriores estanques de decantación, con lo cual y en virtud del respetable volumen de dicha balsa, las aguas, al quedar casi en reposo, permiten favorablemente la acción sedimentaria de los materiales en suspensión en un gran recorrido y durante el tiempo suficiente para conseguir la clarificación, ya que siendo el volumen de aguas a clarificar de 34 metros cúbicos hora, se tarda unos 10 días en llenar el embalse (...) Será preciso hacer la limpieza cada cuatro años y de esa forma conseguimos la total captación de las arenas e impurezas de las aguas dejando éstas en buenas condiciones para el uso público.”

O “muro-presa” construído en 1928 é o que, en documentación posterior incluída no expediente do Grupo Mineiro San Finx, se denomina como “presa n.º 1” ou “presa menor”; mentres que o construído en 1939 é o que se ven denominando “presa n.º 2” ou “presa maior”.

Nos anos 80, e para evitar o paso de augas e area contaminadas, taponáronse as comportas da presa. Así se detallaba no Plan Anual de Labores para o ano 1983, no que





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se inclúe un “Informe del Director Facultativo” no que este manifesta que: *“Se ha cerrado la compuerta que existía en una presa en el río y que origina un gran embalse para decantación de partículas en suspensión procedentes de nuestro lavadero y que ocasionaban algún daño a la agricultura ribereña aguas abajo”*.

Poucos anos máis tarde, o estado de deterioro destas instalacións de residuos mineiros fan que se abran Dilixencias de Investigación Penal 851/88 e Procedemento Abreviado 43/1992 sobre Delito Ecolóxico nos Xulgados de Noia. Xa nun informe de 1988 da 611ª da Comandancia da Garda Civil constátase como: *“Aun cuando es cierto que durante el tiempo que el agua permanece en el embalse puede producirse la decantación de las materias que transporta en suspensión, es opinión de los informantes que el agua cuando sale del mismo lo hace todavía contaminada (...)”*. Nas mesmas dilixencias figura un informe asinado en 12 de setembro de 1991 polo enxeñeiro da Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes D. Ramón Giménez de Azcárate que indica: *“En su día se construyó una presa en el cauce del río con el fin, entre otros, de favorecer la decantación de las partículas sólidas provenientes de los arrastres en su vaso y evitar el enturbiamiento de las aguas. Actualmente, dicha presa se encuentra colmatada con lo que se anula su capacidad de depuración.”*

Esta presa e outra máis pequena situada augas arriba aparecen no apartado “Balsas y presas de residuos” dos Plans de Labores para os anos 1996, 1997, 1998, 1999 e 2000. Precisamente no Plan de Labores de 1997 aparecen reflectidos os traballos realizados para retirar parte dos residuos acumulados na presa menor (ou presa n.º 1). As instalacións de residuos mineiros volven a aparecer no “Inventario, Reconocimiento y Evaluación de Riesgos de balsas mineras y escombreras de la Comunidad Autónoma Gallega” de 1999, que inclúe un “Inventario de Balsas y Escombreras de la Comunidad Autónoma de Galicia”. A pesar destes antecedentes, cando en 2009 a Dirección Xeral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Enerxía e Minas aproba un novo proxecto de explotación e plan de restauración para a mina, estas instalacións son deixadas fóra do ámbito da explotación, pretendendo eximir ilegalmente á empresa concesionaria das súas responsabilidades sobre as mesmas.

En marzo de 2017, a nova empresa concesionaria, Tungsten San Finx S.L., filial do Grupo Sacyr, recoñeceu que as presas presentan un importante grado de deterioro, aínda que poucos meses antes dicía que estaban en bo estado. A falla crítica destas instalacións de residuos mineiros implicaría liberar ao medio unha cantidade moi importante de substancias perigosas, que poderían forzar o peche dos bancos marisqueiros da ría de Muros-Noia durante anos. Así o confirma un informe sobre as presas de residuos mineiros elaborado por Augas en Galicia en 2017, que indicaba que a máis grande das presas, que protagonizara o trágico incidente da “catástrofe de 1960”, ano no que rebentaron as súas comportas inundando toda a veiga augas abaixo, *“encóntrase practicamente colmatado, e ao estar situado augas abaixo e ter unha maior altura, o arrastre dos materiais podería producir un importante impacto ambiental coa eventual rotura da presa”*. Todo o anterior supón unha evidente vulneración da normativa en materia de xestión de residuos mineiros.

En 2019 o hidrólogo experto en presas de residuos mineiros Steven H. Emerman alertaba sobre os signos dun proceso de licuefacción interna que presenta a maior das presas, no que as partículas dos líquidos que retén a presa comezan a substituír as partículas sólidas da estrutura de formigón, visíbeis a modo de filtracións tinxidas pola presenza de metais pesados. Nunha visita efectuada este mesmo mes púidose comprobar como o tabique que contén a comporta inferior da presa presenta signos de falla, xerando un caudal continuo. O colapso das comportas ou da propia presa causaría unha importante contaminación considerando o volume de lodos almacenados.



Esta situación pon de manifesto o enorme risco que representa a inacción na restauración desta zona, polo que cómpre levar a cabo canto antes as accións pertinentes para proceder á restauración do espazo natural afectado pola actividade mineira, de modo a non repetir a “catástrofe de 1960” co colapso dunha das comportas. A rotura da presa, a 5 km da ría de Noia, suporía o peor dos escenarios e podería producir un impacto ambiental moito maior, como constata Augas de Galicia. Non caben, polo tanto, máis escusas, para que a administración non tome cartas no asunto.

Tras diversas denuncias e a apertura dun “Expediente de averiguación da titularidade das presas” por parte de Augas de Galicia, que concluíu que se trata de presas de residuos mineiros, diversos funcionarios e autoridades da Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais emitiron informes e documentos públicos entre 2017 e 2019 afirmando que as presas serían “irrefutablemente”, nun primeiro lugar, de carácter hidroeléctrico, e máis tarde, de servizo para un pequeno muíño de millo. Así, contra toda lóxica ou criterio racional á vista dos numerosos antecedentes administrativos, históricos e xudiciais que evidencia a natureza de instalacións de residuos mineiros destas presas, en 18/02/2020 ordénaselle mediante orde verbal a unha enxeñeira técnica de minas do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña realizar un informe no que se afirma: *“puede concluirse que probablemente el conjunto se trata de algún tipo de aprovechamiento HIDRÁULICO, tanto por la disposición (distancias y diferencias de cota) como por la tipología de los diferentes elementos descritos”*, en referencia a un pequeno muíño fariñeiro.

Todo o anterior dáse ademais en ausencia dunha avaliación de impacto ambiental da actividade mineira, que resulta necesario á vista do informe de 04/03/2020 da funcionaria enxeñeira de minas con funcións facultativas responsable da supervisión do Grupo Mineiro San Finx no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura territorial da Coruña, no que se indica:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Polo tempo transcorrido e os labores realizados, entendo que o proxecto aprobado xa está superado e que para continuar coa explotación nos niveis inferiores, dadas as características, a envergadura, a natureza e as repercusións da actividade (susceptible de xerar augas ácidas e liberar ións metálicos que poden afectar ao medio natural), non é suficiente aprobar os sucesivos traballos de explotación a través dos plans de labores anuais, pois a dita aprobación carecería de validez segundo o artigo 9 da Lei 21/2013. É polo que, para continuar coa actividade, é necesario que se teña aprobado un proxecto de explotación completo, avaliado ambientalmente e con todas as autorizacións necesarias para a súa efectiva execución.”

Concluindo coa recomendación á Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais para que: *“Ordene suspender temporalmente a actividade polo prazo dun ano para os efectos de regularizar esta explotación, requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo cunha boa calidade técnica, ao que se xunte a solicitude de inicio da tramitación da avaliación de impacto ambiental (ou, no seu caso, achegando o informe do órgano ambiental da súa non necesidade), así como os outros requisitos esixidos pola Lei 3/2008 na maneira nela establecida, incluíndo a revisión do plan de restauración conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.”*

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Exixir, en cumprimento da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, á concesionaria mineira a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais e que, no caso de omisión, retardo, resistencia ou obstrución, iniciar subsidiariamente a execución destas medidas con cargo ao patrimonio de Tungsten San Finx S.L., dos seus administradores, propietarios, xerentes, director facultativo e demais responsables subsidiarios.

2. Dar cumprimento ao programa de intervencións propostas por Augas de Galicia no seu informe sobre a titularidade das presas de residuos mineiros, en particular procedendo á retirada dos residuos mineiros acumulados nas dúas presas de residuos así como á restauración ambiental do leito degradado e a demolición das presas.

3. Suspende temporalmente a actividade do Grupo Mineiro San Finx para os efectos de regularizar esta explotación, requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo cunha boa calidade técnica, ao que se xunte a solicitude de inicio da tramitación da avaliación de impacto ambiental así como os outros requisitos esixidos pola Lei 3/2008, de ordenación da minería de Galiza, na maneira nela establecida, incluíndo a revisión do plan de restauración conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, todo iso atendendo ao informe do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura territorial da Coruña de 04/03/2020.”

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 07/06/2021 09:52:40

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2021 09:54:52



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia reforzou este ano a súa aposta polos programas de voluntariado, tempo libre e educación non formal que teñen todos eles un impacto directo sobre a formación en valores da mocidade galega. Con este obxectivo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado consolida un presuposto de 17,6 millóns de euros.

Varias iniciativas dirixidas á mocidade neste contexto de pandemia, como unha programación de lecer educativo e a ampliación do Plan de formación online para mocidade e voluntariado.

O pasado mes de decembro de 2020 a conselleira de Política Social presentou as novidades do Carné Xove:



- A primeira delas é que o Carné Xove será gratuito, indefinido e accesible ao 100% das mozas e mozos galegos de entre 12 e 30 anos. Isto é arredor de 400.000 persoas. De feito, xa está chegando aos fogares galegos e nos vindeiros meses completárase o envío ao 100% da mocidade da Comunidade.
- En segundo lugar, poñeráse en marcha unha aplicación móbil que permitirá ter acceso a descontos e promocións xeolocalizados;
- E en terceiro lugar, a Consellería de Política Social asinou un convenio de colaboración coa Federación de Jóvenes Empresarios para impulsar o comercio local, que permitirá que os usuarios do Carné Xove poidan ter acceso a descontos nas empresas adheridas.

Con estas vantaxes, o Goberno galego busca facer o Carné Xove máis accesible, adaptado aos novos tempos e eliminar atrancos para a súa obtención.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“ O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar incorporando máis vantaxes ao Carné Xove para seguir promovendo entre as novas xeracións descontos no ámbito cultural, no aloxamento, nos transportes, no comercio ou no ensino”.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/06/2021 10:34:10

José Alberto Pazos Couñago na data 07/06/2021 10:34:30

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/06/2021 10:34:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/06/2021 10:35:00

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 07/06/2021 10:35:18

Noelia Pérez López na data 07/06/2021 10:35:27

María Corina Porro Martínez na data 07/06/2021 10:35:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 07/06/2021 10:35:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos



daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introducción
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

- 3.1. Financiamento local.
 - 3.1.3. Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.
 - 3.1.4. Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño de 2020, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e se establece o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás. Estas medidas están contempladas dentro do punto 4.2 do dito plan:

- 4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais



- 4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento
- 4.2.3 Medidas sociais
- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas
- 4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, novamente todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X Lexislatura e comezo desta XI a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que teñen incrementado as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñen achegado o financiamento necesario para poder desenvolverlas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Enviar ao Parlamento galego, no segundo semestre do ano 2021, un proxecto de lei, consensado coa Fegamp, que regule a participación dos concellos nos ingresos da Comunidade autónoma de Galicia.

2ª) Acordar coa Fegamp, neste exercicio 2021, os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais que garantan a igualdade de acceso mediante convocatorias públicas ás que poidan concorrer todos os concellos galegos.





Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/06/2021 14:24:21

Pablo Arangüena Fernández na data 07/06/2021 14:24:39

Paloma Castro Rey na data 07/06/2021 14:24:57

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/06/2021 14:25:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O II Acordo Goberno-Sindicatos para a Mellora do Emprego Público e as Condicións de Traballo (BOE do 26.03.2018), aprobou un incremento retributivo para o persoal ao servizo do sector público para os anos 2018, 2019 e 2020, o cal, no que corresponde ao exercicio 2020, non se está aplicando aos traballadores e traballadoras que pertencen ás Autoridades Portuarias da Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo, de igual maneira que ao resto de traballadoras e traballadores do sector público portuario estatal.

Con data 15 de xuño de 2019, publicouse no BOE a Resolución do 13 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se rexistra e publica o III Convenio Colectivo de Portos do Estado e Autoridades Portuarias, o cal é de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2026. A pesar diso, as traballadoras e traballadores das Autoridades Portuarias de A Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo, do mesmo xeito que o resto do sistema público portuario estatal, tampouco percibiron, a día de hoxe, as porcentaxes adicionais de produtividade e de desenvolvemento correspondentes aos anos 2019, 2020 e 2021 que se derivan da aplicación do convenio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O motivo da falla de pagamentos aos traballadores e traballadoras é o incumprimento dos acordos mencionados, sendo responsábel a Comisión Interministerial de Retribucións (CECIR), órgano dependente do goberno do Estado. Este incumprimento impide así mesmo afrontar a negociación dos Acordos de Empresa das Autoridades Portuarias de A Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo no seu aspecto económico, tal e como establece o Texto Refundido da Lei de Portos e Mariña Mercante (artigo 48.3).

O incumprimento do acordado atenta de forma directa contra o dereito á negociación colectiva como instrumento básico para a mellora das condicións laborais, así como ao carácter vinculante dos acordos e convenios colectivos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a solicitar do goberno do Estado:

1. O respecto á negociación colectiva como instrumento básico para a regulación e mellora das condicións laborais no ámbito dos Portos do Estado e Autoridades Portuarias, e en consecuencia o respecto ao carácter vinculante dos acordos e convenios colectivos validamente adoptados como son o II Acordo Goberno-Sindicatos para a Mellora do Emprego Público e as Condicións de Traballo (BOE do 26.03.18.) e o III Convenio Colectivo de Portos do Estado e Autoridade Portuarias (BOE 15.06.19.).

2. Que inste á Secretaría de Estado de Facenda e á Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións (CECIR) a autorizar e proceder sen máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demora ao abono das cantidades económicas pendentes, derivadas tanto do acordado no III Convenio Colectivo, como o incremento salarial do 2,3% determinado para 2020 para o conxunto das traballadoras e traballadores.

3. Que inste a Portos do Estado para asignar os recursos correspondentes a cada Autoridade Portuaria para permitir o desenvolvemento da negociación colectiva nas Autoridades Portuarias de A Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo (artigo 4 do convenio colectivo).”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/06/2021 10:01:17

Daniel Castro García na data 08/06/2021 10:01:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 08/06/2021 10:01:41

Rosana Pérez Fernández na data 08/06/2021 10:01:49



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2017 aprobouse no Parlamento Español o Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, culminando en decembro dese ano coa implicación das administracións públicas.

A raíz dese pacto e en base ás súas medidas levouse adiante o estudo "Mujeres víctimas de violencia de género en el mundo rural" foi realizado pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (FADEMUR), e publicado en outubro do 2020, a cargo da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero que tamén publicou un segundo informe, este co título de "Mujeres mayores de 65 años víctimas de violencia de género" realizado pola Cruz Vermella co apoio da Universidade Carlos III de Madrid.

No primeiro séguese a seguinte metodoloxía:

- O universo deste estudo son 1.711.011 mulleres das cales 180.025 son galegas
- 167 enquisas a mulleres en municipios de menos de 20000 habitantes
- 333 enquisas a profesionais que atenden a vítimas de violencia de xénero





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-23 entrevistas en profundidade a mulleres vítimas de violencia de xénero

As CCAA que participaron son: Andalucía, Aragón, Castela-León, Castela-A Mancha, Extremadura, Galiza e a Rioxa.

Na Galiza fixeron 18 enquisas a mulleres, descoñecemos o número de enquisas a profesionais e entrevistas a 3 das 23 mulleres entrevistadas en profundidade.

O segundo estudo:

- usa a base de datos ATENPRO na que hai 428 mulleres rexistradas de 65 ou máis anos.

-245 enquisas por CA quedando excluídas as CCAA do País Vasco, A Rioxa e a cidade de Ceuta por non contar con mulleres maiores de 65 anos no rexistro.

-As comunidades de Andalucía e Valencia son as que máis peso teñen nas enquisas, o 21 e 20% respectivamente.

De ambos poden tirarse datos aterradores que poden recoller a realidade estatal, pero como se pode demostrar polas cifras manexadas non teñen porque reflectir a realidade galega.

Está claro que Galiza é un caso singular no estado español pola súa peculiar distribución demográfica, e porque conta cun número de entidades de poboación superior ao total do resto do estado español.

É posible que poidamos discutir se na Galiza a referencia do rural está nos municipios inferiores a 20.000 habitantes, como serían Vilalba, Monforte ou Viveiro, ou se como referencia se deberían poñer o límite de habitantes nos 10000 ou por baixo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco parece que a mostra galega en ambos estudos sirva para trasladar os datos á Galiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a atender a situación das mulleres que vivindo no rural sofren violencia de xénero e para isto:

1. Prestarase especial atención ás peculiaridades da violencia de xénero sobre as mulleres no rural galego. Para isto diferenciará os casos en estatísticas propias.
2. Teranse en conta situacións como a maior presión social e familiar sobre as vítimas.
3. Daráselle recoñecemento á situación de illamento e probablemente de dependencia económica da muller para a implementación de medidas precisas.
4. Farase un estudo en profundidade da realidade rural con respecto á violencia de xénero
5. Trala análise dos datos achegados polo estudo deseñaranse e implementaranse as medidas de proximidade precisas para dar asistencia efectiva as mulleres vítimas no rural
6. Realizaranse campañas específicas de prevención e denuncia
7. Crearanse puntos de atención de proximidade en centros de referencia para concellos mancomunados a tal efecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Deseñaranse de xeito inmediato políticas específicas para evitar a revitimización das mulleres vítimas por vivir no rural.

9. Reavaliaranse de xeito constante a efectividade das medidas implementadas.

10. O goberno da Xunta manterá unha actitude proactiva a prol da eliminación da violencia de xénero, no rural tamén.”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/06/2021 11:43:21

María González Albert na data 08/06/2021 11:43:25

María del Carmen Aira Díaz na data 08/06/2021 11:43:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación de precariedade á que a Xunta de Galiza ten sometida a Oficina Agraria Comarcal da A Rúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Oficina Agraria Comarcal situada no concello da Rúa atende a unha ampla superficie territorial sendo a oficina de referencia para boa parte dos concellos da comarca de Valdeorras e atendendo a unha boa parte da cidadanía desta parte do oriente ourensán vinculada principalmente ao sector vitivinícola.

É Valdeorras unha comarca na que o sector agrario ten unha importancia fundamental e na que a tradición do sector do viño fai que case o 100% da poboación teña que acudir nalgún momento do ano á Oficina Agraria.

Nos últimos anos esta oficina, que cumpre cun servizo público fundamental, está a sofrer un progresivo proceso de deterioro e abandono debido principalmente á falta de persoal necesario para atender a unha poboación con intereses no agro case na súa totalidade e que, ao tempo, ten un envellecemento importante e que precisa da prestación dun servizo público de calidade.

Dentro do contexto actual, ao tempo, vese cada vez máis necesario o asesoramento público, dotando de medios materiais e recursos humanos suficientes ás





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oficinas agrarias comarcais. É preciso un compromiso de apoio técnico obxectivo dende a administración pública, cunha dotación de servizos axeitada que posibilite que as oficinas desenvolvan as súas competencias completas e incluso poidan amplialas en beneficio do rural.

No caso da oficina da Rúa, antes dotada cun cadro de persoal de 3 persoas que vai xa anos se viu reducido a só 2, esta carencia do persoal necesario fai que o servizo que se presta na actualidade sexa moi deficiente, con continuos peches nos últimos anos e con horarios que non se corresponden coas que ten que manter unha oficina de servizo público tendo a conta ademais que a única técnica coa que conta a oficina ten que visitar explotacións de xeito continuado dentro do seu horario laboral.

Neste momento a situación agravouse e ante a baixa laboral das dúas traballadoras da oficina esta leva pechada ao público máis de dúas semanas obrigando á cidadanía (ou cando menos á que dispón de medios de desprazamento propios) a desprazarse até a oficina comarcal do Barco de Valdeorras que xa é deficitaria de por si e que agora non é quen de absorber toda a carga de traballo.

En todo este tempo a Xunta de Galiza non foi quen de cubrir as baixas laborais desas dúas traballadoras ao tempo que se adican a facer propaganda e presentan iniciativas neste Parlamento para “impulsar e desenvolver o Plano de Mellora de atención no rural mediante a dinamización e modernización das Oficinas Agrarias Comarcais, garantindo que manteñan as súas funcións de dinamización e de asesoramento aos gandeiros e agricultores dotándoas dos medios materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Tomar as medidas urxentes precisas para cubrir as baixas laborais das traballadoras da Oficina Agraria da Rúa e reabrir o servizo ao público en condicións dignas.

2. Adoptar as medidas precisas a curto e medio prazo para que non se volva dar a situación actual na que a Oficina Agraria da Rúa leva pechada 2 semanas e para garantir a calidade do servizo público nunha comarca de gran produción vitivinícola como é a de Valdeorras.”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 08/06/2021 12:40:16

María del Carmen Aira Díaz na data 08/06/2021 12:40:21

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/06/2021 12:40:32

María González Albert na data 08/06/2021 12:40:40



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia asiste con preocupación ao desenvolvemento das negociacións que, no marco da Organización Mundial do Comercio (OMC) están a darse sobre medidas para a eliminación de subvencións á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDNR) e á prohibición de determinadas formas de subvencións á pesca que supostamente contribúen á sobrecapacidade e á sobrepesca.

O 11 de maio de 2021, o Presidente das negociacións sobre as subvencións á pesca, Embaixador Santiago Wills (Colombia), presentou un novo proxecto de texto destinado a achegar aos Membros a un acordo antes da reunión de Ministros do 15 de xullo.

Neste sentido, a tenor do artigo 5 do borrador presentado, consideraríase que contribúen á sobrecapacidade ou sobrepesca, por tanto estarían prohibidas, as subvencións “á compra ou a cubrir os custos de combustible, xeo ou cebos”.

Galicia rexeita a eliminación xeneralizada do combustible bonificado para a frota pesqueira que propón este borrador da OMC, debido a que pon en risco a sustentabilidade e o futuro do sector pesqueiro galego. Entendemos que se trata dunha medida cando menos inxusta, xa que cargaría de novo un esforzo sobre a frota da UE e da galega, que están demostrando practicar unha pesca responsable e sustentable en todos os mares nos que desenvolve a súa actividade sobre un equilibrio dos termos ambientais, sociais e económicos e cun alto estándar de aplicación de requisitos nestes terreos, tal e como lle establece a normativa europea, a máis esixente en materia de sustentabilidade a nivel global.

Desde o convencemento de que poden adoptarse outras medidas para mellorar a eficiencia enerxética e atallar a sobrepesca, a sobrecapacidade e as prácticas irresponsables de determinadas frots sen prexudicar a aquelas que actúan de forma responsable, Galicia está a promover outras accións para a mellora da eficiencia enerxética e a descarbonización do sector, tales como a inclusión do sector marítimo-pesqueiro na vía do uso do hidróxeno.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandar diante da UE e da OMC unha defensa pechada para frear a proposta de prohibir as subvencións á compra ou a cubrir os custos de combustible, cuxo obxectivo é a defensa da igualdade global da actividade marítimo-pesqueira e da competitividade e sustentabilidade da nosa frota”.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/06/2021 13:35:38

Teresa Egerique Mosquera na data 08/06/2021 13:36:00

José Manuel Balseiro Orol na data 08/06/2021 13:36:11

Ana Belén García Vidal na data 08/06/2021 13:36:26

Manuel Santos Costa na data 08/06/2021 13:36:37

José Alberto Pazos Couñago na data 08/06/2021 13:36:44

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/06/2021 13:36:57

Daniel Vega Pérez na data 08/06/2021 13:37:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputada e das súas deputadas, **Julio Torrado Quintela, Leticia Gallego Sanromán e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos recentes días foi coñecido que a cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro estará inoperativa durante un prazo estimado de 2 meses, por ser necesario afrontar obras de reparación tras detectarse problemas apenas 5 anos despois da súa posta en funcionamento. Esta situación pon en cuestión a calidade da construción da infraestrutura, que dende o primeiro momento estivo sinalada por parte de traballadores/as e colectivos sociais que alertaban de que estes problemas chegarían.

As obras da cociña, ademais, provocan a necesidade de resolver o procedemento para subministrar comidas no propio hospital. Este foi solventado pola empresa concesionaria organizando a chegada de comida en catering dende Zaragoza, a 845 km por estrada. Esta circunstancia provoca estupor no colectivo de traballadores/as e nos pacientes do hospital, sendo complicado asumir que se poderá manter unha calidade aceptable e asumible nas condicións necesarias para un hospital.

A Xunta de Galicia, lonxe de condicionar que as circunstancias de resolución do problema sexan mellores (construción dunha cociña alternativa ou condicionar a utilizar unha empresa instalada no entorno, por exemplo) non ten amosado, ata o de agora, ningún interese pola situación nin preocupación pola posible merma da calidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:



“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Encargar e facer público un informe de avaliación do estado da construcións e mantemento da infraestrutura, do Hospital Álvaro Cunqueiro, valorando posibles melloras que serán necesarias nos vindeiros tempos.”
2. Negociar coa empresa concesionaria unha solución máis axeitada ao problema da inoperatividade da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro, garantindo a mellor calidade posible cunha utilización dunha cociña alternativa próxima ou coa utilización dun servizo de comida subministrado por unha empresa galega con instalacións o máis próximas posible.”

Pazo do Parlamento, 08 de xuño de 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Leticia Gallego Sanromán
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2021 16:35:38

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/06/2021 16:35:50

Marina Ortega Otero na data 08/06/2021 16:37:32

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/06/2021 16:37:45



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Galicia é o país dos petróglifos, e o concello de Campo Lameiro, en Pontevedra é onde se atopa a maior concentración de petróglifos da Idade de Bronce.

Nun radio de apenas tres quilómetros atópanse un conxunto de 12 gravados, atopamos exemplos como os petróglifos da Rotea de Mendo representan figuras de cervos, e na Pedra da Boullosa contéplanse escenas de pastoreo, unha figura humana e unha serpe de gran tamaño.

O parque arqueolóxico de arte rupestre de Campo Lameiro, entre as parroquias de Paredes e Praderrei, foi inaugurado en 2011, e está formado por dous recursos complementarios.

Dunha banda, o Centro de Interpretación e Documentación, que se configura como un corpo alongado, completamente cuberto por lousas de pedra, concibido como centro de referencia para a investigación e conservación dos petróglifos e como un espazo para o ocio intelixente.

Un segundo recurso é unha extraordinaria paisaxe cultural, de case 22 hectáreas de extensión, na que se observa un importante conxunto de petróglifos.

Ademais o parque de Campo Lameiro inclúe a recreación dun pequeno poboado de hai uns 4.000 anos, integrado por varias cabanas, estruturas de almacenamento e cercados para os animais construídos cos mesmos materiais que no pasado.

Ofrécense actividades como tiro con arco cara a figuras de cervos ou xabarís, talleres de manualidades con ferramentas prehistóricas, ourivaría, olería, cestería, ... co fin de poder reproducir a forma de vida prehistórica.

Dende a apertura deste parque a xestión está externalizada, cun contrato en vigor neste momento ata decembro de 2021, e cunha achega da Consellería de Cultura e Turismo de 433.6583 euros, por 3 anos.



Entre as súas funcións que aparecen neste contrato, están a xestión técnica, económica e sociocultural do parque, a difusión da importancia dos petróglifos, a organización das visitas e a vixilancia do recinto.

Pero entendemos que a conservación do espazo e sobre todo dos bens de patrimonio cultural que alí se atopan e competencia do Goberno da Xunta, e polo tanto, a pesar de verse reducida nestes dous últimos anos a actividade turística, por mor da pandemia, isto non pode ser motivo para non manter a conservación deste espazo, que forma parte do patrimonio cultural galego, e que neste momento se atopa moi deteriorado, con exemplos claros de desleixo como a situación na que se atopa este poboado.

A actividade turística comeza a repuntar novamente tralo éxito da vacinación e o centro de arte rupestre de Campo Lameiro ten que estar acondicionado para recibir aos visitantes, sen que estes poidan sufrir riscos e de forman que poidan desfrutar nun espazo natural coidado, da riqueza arqueolóxica deste territorio.

Aínda que a xestión deste espazo atópese externalizada é responsabilidade do Goberno da Xunta o mantemento do noso patrimonio histórico e o paso do tempo e a falla de coidado pode causar un grave problema irreparable nestes bens.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Realizar un informe no que se determine unha valoración da situación na que se atopa o centro de arte rupestre de Campo Lameiro.
2. Que tralo resultado deste informe leve a cabo as actuacións de conservación e mantemento necesarias co fin de garantir o perfecto estado tanto dos petróglifos como das construcións do poboado prehistórico.

Pazo do Parlamento, 8 de xuño de 2021





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/06/2021 16:34:27

Noa Susana Díaz Varela na data 08/06/2021 16:34:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/06/2021 16:34:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/06/2021 16:35:07



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O último borrador do texto de negociación sobre subvencións á pesca presentada pola Presidencia do Grupo de Negociación sobre normas da Organización Mundial do Comercio (OMC), de data 11 de maio de 2021, inclúe o estado das negociacións en asuntos como disciplinas para eliminar as subvencións á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada: prohibición de subvencións á pesca de poboacións sobreexplotadas: e prohibición de determinadas subvencións que poden contribuír á sobre capacidade e á sobre pesca.

Ao sector e ao propio Ministerio de Pesca preocúpalle que a OMC queira aprobar unha proposta que leva 20 anos negociando e que pretende retirar certas formas de subvención á pesca como é a bonificación ao gasóleo. CEPESCA e a Federación Nacional de Confrarías amosaron a súa preocupación pola retirada das exencións de impostos e bonificacións ao combustible.

Sen o combustible bonificado, agora a 45 céntimos o litro, a frota galega podería ver ameazada a súa viabilidade porque podería custar o dobre. No caso do gasóleo, o seu custe pode chegar a superar o 40 % dos custes de explotación na pesca. No caso dos arrastreiros pode chegar a un 50 %, e que si se eliminan estas exencións, podería pasar a representar o 75 % de ditos custes.

Esta proposta non parte só da Organización Mundial do Comercio senón que tamén o Comité Europeo da Rexións solicita a eliminación das subvencións do combustible á pesca.

Certo é que esta idea de retirada de axudas ao gasóleo na pesca non é nova, e que de momento o que formula a OMC e o CdR son propostas, pero a verdade é que o panorama é bastante incerto e ademais non se coñece a postura que vai defender a Comisión Europea.

Ante esta situación de que as axudas ao combustible se atopan entre as susceptibles de prohibirse e ante o descoñecemento sobre cal vai ser a posición da Comisión Europea, o Goberno de España, xunto con Francia presentou, no



último Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, unha proposta conxunta para pedirlle á Comisión Europea que informe sobre a posición que vai defender sobre as axudas públicas no sector da pesca. O Goberno central pídlle á Comisión Europea que coordine cos Estados membros a posición negociadora sobre as axudas á pesca ante a OMC.

Por iso a deputada e o deputado que asinan presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que manifeste publicamente o seu rexeitamento á proposta da Organización Mundial do Consumo sobre a eliminación das subvencións do combustible á pesca.

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/06/2021 17:43:30

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2021 17:43:47

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/06/2021 17:43:59



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz, solicita a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros nos documentos con números de rexistro: 17076, 17077, 17078, 17079 e 17080.

Onde di: “... Organización Mundial de Consumo ...”, debe dicir: “... Organización Mundial do Comercio ...”

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/06/2021 14:06:22

Julio Torrado Quintela na data 09/06/2021 14:06:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/06/2021 14:06:48



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O hospital da Mariña, sito en Burela, é o hospital de referencia da zona norte da provincia de Lugo e atende a unha poboación de máis de 70.000 habitantes que se incrementa de xeito exponencial na época de vacacións.

No hospital da Mariña hai cinco prazas de radioloxía, sen embargo a día de hoxe o Hospital só conta con tres radiólogos. No hospital da Mariña dende hai moito tempo existen dúas prazas de radiólogos sen cubrir, despois da xubilación dunha das profesionais e o traslado doutra facultativa.

Unha das consecuencias desta falla de facultativos é que un gran número de mulleres da Mariña lucense están sendo derivadas cara ao Hula se as mamografías do cribado do cancro de mama necesitan unha atención ou valoración especial a xuízo dos profesionais. Isto provoca, non hai que pasalo por alto, moita inquedanza por ter que pasar por situacións complexas e de certa angustia lonxe do seu hospital e dos seus profesionais de referencia. Isto ocorre tamén para a realización de probas complementarias, como ecografías, que ata agora se viñan facendo no hospital da Mariña, como así vén de denunciar a Plataforma Sanitaria da Mariña.

A non cobertura destas prazas é unha mostra máis da degradación constante e do desmantelamento da sanidade pública na comarca da Mariña por parte da Xunta de Galicia, como xa o denunciamos hai pouco tempo tamén co servizo de cardioloxía.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que de xeito urxente se repoña o servizo de radioloxía do hospital da Mariña, cubrindo as dúas prazas de radiólogos que a día de hoxe están vacantes, con persoal estable e garantindo a atención no propio hospital.

Pazo do Parlamento, 8 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/06/2021 19:01:44

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2021 19:02:00

Marina Ortega Otero na data 08/06/2021 19:02:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/06/2021 19:02:22



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia asegura no seu preámbulo que os arquivos constitúen servizos de máxima relevancia nunha sociedade democrática pois a través deles se asegura a reunión, conservación e consulta dos documentos que integran o patrimonio documental dun pobo nas súas diversas expresións. En efecto, os arquivos son instrumentos que garanten a pervivencia da nosa memoria colectiva, social e institucional, á vez que aseguran unha mellor e maior gobernabilidade.

Partindo da súa esencialidade, e coas competencias únicas da Xunta de Galicia nesta materia, sorprende o estado dos arquivos públicos de Galicia, que se atopan nunha total precariedade tanto en materia de persoal como de espazos e recursos consecuencia da ausencia dunha política arquivística a medio e longo prazo e que ten como resultado a perda inxente de documentación, co que periga non só o noso patrimonio senón tamén a posta en marcha de maneira eficaz da Administración electrónica.

Proba desta desidia é a ausencia do plan de arquivos ao que a disposición transitoria segunda da lei mencionada obrigaba a ter aprobada no prazo dun ano desde a entrada en vigor da norma lexislativa (2014), coa fin de avaliar as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia. En recente comparecencia parlamentaria, o secretario xeral de Cultura anunciaba que estaban traballando nun plan de arquivos da Xunta de Galicia para “resolver as carencias existentes”, pero non sabemos se con esa afirmación se refería aos arquivos da Xunta de Galicia ou -tal e como obriga a lei- ao Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

Aínda sen coñecer os detalles e marco de actuación, ese plan debería xa incluír as perspectivas feministas e/ou de xénero, totalmente ausentes nas unidades da rede do sistema de arquivos de Galicia e tamén nos plans de formación, como apuntan as arquivistas Dolores Pereira, Olimpia López e Mariám Mariño no *Informe sobre os arquivos públicos en Galicia. Unha perspectiva de xénero e feminista*. Partindo de que os e as profesionais da arquivística son axentes que participan na



configuración dunha memoria social conscientemente construída, nese estudo consideran imprescindible que ese proceso de cambio cara á inclusión das mulleres na nosa memoria documental sexa tamén asumido polas administracións, algo que suporía situar Galicia nunha posición pioneira no conxunto do Estado.

Por todo o exposto, no Día Internacional dos Arquivos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. En cumprimento da Lei de arquivos e documentos de Galicia presentar, antes de que remate o ano, un Plan de Arquivos de Galicia que, con dotación orzamentaria, desenvolva un verdadeiro proxecto estruturado para a configuración, organización, integración, servizo e difusión dos arquivos de Galicia e propoña accións inmediatas para os que precisen accións urxentes.
2. Incluír no Plan de Arquivos de Galicia a perspectiva de xénero dende todas as ópticas posibles: definición de marcadores *ad hoc* nas ferramentas de busca e difusión do patrimonio documental e nos instrumentos técnicos de organización e descrición de fondos documentais, utilización de linguaxe non sexista...
3. Convocatoria urxente de prazas de arquivistas para dotar dos suficientes recursos os arquivos e rematar coa precariedade laboral que existe neles.
4. Incluír nos vindeiros orzamentos de Galicia unha partida suficiente para solucionar o problema de espazos físicos.
5. Creación e dotación urxente dos arquivos centrais das consellarías, pezas fundamentais na engrenaxe do sistema.
6. Abordar a política de selección documental desde criterios profesionais sólidos, que eviten a destrución case indiscriminada de documentos en procesos apresurados que privan a memoria de fontes primarias.
7. Establecer, de acordo coa Fegamp, unha liña de axudas específica dirixida á contratación de persoal cualificado para traballar nos arquivos municipais, un servizo que pode ser prestado de maneira individual ou mancomunada.

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2021





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/06/2021 13:11:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/06/2021 13:11:47

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/06/2021 13:11:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar diante do peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión do Partido Popular de construír o Novo Hospital de Vigo polo modelo chamado eufemisticamente, Colaboración Público Privada, non só converteu á concesionaria na responsábel do proxecto de construción senón que supuxo cederlle á mesma a explotación e a xestión de moitos dos servizos do Hospital. Converteuse en propietaria do Hospital durante os 20 anos da concesión, e toma decisións relevantes.

O Sergas deixou en mans da empresa a xestión de servizos esenciais como a limpeza, lavandería, cociña ou mantemento, sen establecer absolutamente ningún mecanismo de control, de garantía de como se teñen que prestar eses servizos.

Vimos de coñecer un exemplo desta situación, A CIG ven de denunciar que o Sergas toma a decisión de pechar a cociña do hospital durante polo menos dous meses porque o chan da mesma e as paredes precisa dunha reparación importante por deficiencias estruturais e por mala calidade dos materiais empregados na construción. Estas deficiencias maniféstanse tan só tras seis anos de funcionamento. Segundo a



mesma denuncia a decisión obrigará a traer a comida preparada en camións dende Zaragoza, que é onde ten a sede central a empresa que presta o servizo.

Denuncian tamén que a decisión foi tomada sen informar, nin da decisión, nin das consecuencias para a calidade do servizo que ten que prestar ás persoas doentes hospitalizadas.

O Sergas debe explicar como é posíbel que en tan só seis anos exista xa un deterioro que obligue a un peche da cociña, que responsabilidades lle vai a esixir á empresa concesionaria. Hai que lembrar que á empresa págaselle directamente 73,4 millóns de euros ao ano dos fondos públicos, dos que 42,5 millóns son para devolver o custo da construción e 30,9 millóns pola xestión de servizos como a limpeza, o mantemento ou a lavandería, ao que hai que sumarlle os beneficios por explotacións comerciais como o aparcadoiro, a cafetería, as televisións das habitacións ou as máquinas de vending.

No BNG mantemos que os chamados modelos “de colaboración público-privada” e a xestión da sanidade por empresas privadas levan consigo un maior gasto, unha mingua na calidade asistencial que recibe a poboación, perda de postos de traballo, maior precariedade. Ademais de opacidade, falta de transparencia no control da xestión da sanidade e perda de dereitos para a poboación e calidade asistencial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza declara, como resolución, a súa defensa da sanidade pública galega, gratuíta, universal e de calidade, e mostra a súa posición contraria a que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

grandes empresas, fondos de investimento e multinacionais sexan as propietarias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e mercantilizen e especulen coa sanidade da Área Sanitaria de Vigo, e polo tanto insta ao Goberno galego a:

1. Tomar todas as medidas precisas para garantir que o peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro non afecte á calidade da alimentación que se lle ofrece ás persoas ingresadas nos hospitais de Vigo.

2. Esixirlle á concesionaria responsabilidades polas deficiencias existentes na cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro tan só seis anos despois da súa posta en funcionamento.

3. Realizar unha auditoría da xestión realizada pola Sociedad Concesionaria do Novo Hospital de Vigo dos servizos que ten concesionada a súa xestión.

4. Realizar todas as actuacións precisas para rescatar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para que se converta no hospital público que sempre debeu ser e que a área sanitaria de Vigo precisa.”

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2021

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/06/2021 14:10:42

Iria Carreira Pazos na data 09/06/2021 14:10:47

María do Carme González Iglesias na data 09/06/2021 14:10:54

Alexandra Fernández Gómez na data 09/06/2021 14:11:01

María Montserrat Prado Cores na data 09/06/2021 14:11:07





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Alexandra Fernández Gómez e Carme González Iglesias**, e deputados **Daniel Pérez López e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de febreiro varias praias da ría da Arousa, da ría de Pontevedra, da ría de Vigo, da ría de Noia e da de Camariñas víronse gravemente danadas polas intensas choivas que caeron sobre todo no litoral galego. Zonas como Rianxo, Cabo de Cruz, Carril, Vilagarcía, Pontevedra, Poio, Arcade, Cesantes, Redondela, Vilaboa, Noia e Camariñas quedaron considerabelmente afectadas polos sucesivos temporais.

Todas as confrarías concernidas coincidiron en subliñar que os grandes aportes de auga doce recibidos provocaron unha baixada importante da salinidade da auga do mar e, no referido ás de Arousa, tamén se incidía directamente como contribución a esa baixa salinidade o exceso de auga doce procedente da presa de Portodemouros (Vila de Cruces e Arzúa). Unha presa que carece de comportas e funciona un sistema de rebose que xa ten causado problemas na ría noutras ocasións.

No caso dos Lombos do Ulla morreu o 100% do berberecho e entre o 80 e o 90% da ameixa xapónica. Na praia de Compostela recolleron máis de 500 kg. de marisco morto e os biólogos da Xunta de Galiza certificaron a morte do 100% da ameixa babosa prantada había un ano e o 80% da xapónica e do berberecho. Na ría de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pontevedra, a mortalidade afectou significativamente á ameixa xapónica, sobre todo no banco de Praceres e nas zonas máis baixas dos bancos. Na ría de Vigo chegou a contabilizarse máis dun 60% de ameixa morta.

En definitiva, produciuse unha situación que provocou o peche da maioría dos bancos e mantivo inactivos durante días a centos de mariscadores e mariscadoras e, ademais da moltaldade, as confrarías prevían que a produción que se salvou tería dificultades para medrar e problemas para reproducirse e, en moitos casos, consideraban moi difícil sobrevivir o resto da campaña co que quedou.

A todo isto sumábase a problemática xeral que xa tiña provocado a pandemia no relacionado coa comercialización deste tipo de produtos e a consecuente merma nos ingresos dos traballadores e traballadoras do mar.

Profesionais que tampouco naquelas circunstancias contaron co respaldo da Consellería do Mar. As declaración da propia conselleira non contribuíron a mitigar a verdadeira angustia que vivían e remitíanse aos técnicos que “traballan no seguimento das zonas nas que se rexistrou baixa salinidade da auga e desprazamento de marisco cara as praias como consecuencia do mal tempo” e a insistir en que se podía recorrer ás convocatorias das axudas ordinarias que se realizan anualmente.

Ditas axudas foron convocadas o 5 de febreiro para a rexeneración dos bancos marisqueiros cunha dotación dun millón de euros e cun importe máximo subvencionábel de 75.000 euros. Para adquisición de semente para repoboar os bancos marisqueiros con perda de produción destináronse 300.000 euros, cun importe máximo subvencionábel de 15.000 euros. E para proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños dirixíronse 980.000 euros,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos que unha boa parte destinábanse non á rexeneración nin á repoboación senón á compensación aos mariscadores e mariscadoras pola recollida activa de lixo mariño.

Diante dunha pregunta deste Grupo parlamentario na sesión plenaria do pasado 9 de marzo, a conselleira non avanzou máis vías nin posibilidades para que os profesionais puideran afrontar as consecuencias do impacto dos temporais e da baixa salinidade das augas nos bancos marisqueiros. Volveu a insistir en que debía agardarse á avaliación completa dos técnicos e aos informes das confrarías para estudar o incremento das axudas.

Despois de máis de tres meses, as mariscadoras e mariscadores non dan levantado cabeza, seguen a botar de menos un apoio real da Administración e critican a inexistencia de axudas extraordinarias para afrontar un día a día no que apenas teñen traballo. Os seus ingresos diminuíron e as súas expectativas de cara ao verán non son boas. As confrarías tamén se están a ver gravemente afectadas e nalgúns casos xa contemplan prescindir de traballadores aos que se lles fai imposible continuar remunerando.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Dar conta detallada e exhaustivamente das conclusións da avaliación levada a cabo polos técnicos da Consellería do Mar sobre o impacto das inclemencias meteorolóxicas do mes de febreiro nos recursos das concesións marisqueiras das rías





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galegas, nomeadamente na da ría da Arousa, na de Pontevedra, na de Vigo, na de Noia e na de Camariñas.

2. Dar conta das conclusións dos informes remitidos polas confrarías desas zonas á Consellería do Mar.

3. Dar conta das actuacións que, partindo das conclusión da avaliación feita polos técnicos da Consellería do Mar e das obtidas polos informes elaborados polas propias confrarías, vai levar a cabo a Xunta de Galiza para a rexeneración dos bancos marisqueiros afectados e para paliar a merma de ingresos dos mariscadores e mariscadoras e das propias confrarías.

4. Convocar axudas extraordinarias que permitan a recuperación dos bancos marisqueiros a medio prazo.

5. Convocar axudas extraordinarias que permitan aos mariscadores, mariscadoras e confrarías afectadas atenuar a redución de ingresos á que se viron sometidos e que aínda padecen.”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Daniel Pérez López

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/06/2021 09:48:01

Daniel Pérez López na data 10/06/2021 09:48:05

Alexandra Fernández Gómez na data 10/06/2021 09:48:16

María do Carme González Iglesias na data 10/06/2021 09:48:22

Rosana Pérez Fernández na data 10/06/2021 09:48:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O fortalecemento da atención primaria faise se cabe máis necesario na situación que estamos a atravesar derivada da pandemia xerada pola covid-19. Non obstante, estamos a ver que o Goberno popular da Xunta de Galicia opta na provincia de Lugo polos peches de centros de saúde ou pola non cobertura das baixas dos profesionais sanitarios de atención primaria.

En xaneiro de 2020 o Sergas anunciaba que o Centro de Saúde de Burela tamén abriría e se pasarían consultas polas tardes a partir do mes de febreiro, en horario de 14:00 a 21:00 horas de luns a venres e para iso contrataríanse tres novos profesionais: un médico de familia, un profesional de enfermería e unha persoa de servizos xerais. Pero a realidade é que a día de hoxe a axenda do médico de tarde está pechada ata finais de ano e os seus pacientes terán citas polas mañás e co médico que lles toque ese día.

Esta semana no centro de saúde só hai 3 médicos, porque unido á non cobertura do profesional da quenda de tarde, súmaselle agora que dous profesionais se atopan en Incapacidade Temporal e outro de permiso por asuntos propios. Polo tanto, hai tres médicos para atender aos máis de 10.000 veciños e veciñas de Burela. Ás críticas dos veciños e veciñas que se queixan de que non conseguen cita na quenda de tarde, situación que xa vimos denunciando dende o PSdeG dende principios de ano, súmanse agora tamén as queixas dos sanitarios que din chegar a unha situación límite esta semana, xa que dos 7 médicos adscritos a este centro de saúde só están en activo, agora mesmo, 3. Os profesionais sanitarios levan denunciando e reclamando melloras perante as autoridades da Área sanitaria Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos, por considerar que nestas condicións é imposible prestar unha atención médica de calidade aos pacientes. Reclamacións que caeron en saco baleiro.



No eido da enfermería a situación tamén é moi preocupante. No centro de saúde de Burela existen dúas enfermeiras con praza e dous substitutos, no cadro de persoal, pero dous destes profesionais atópanse de baixa médica e só se lles cubre en días soltos. Estes profesionais en activo neste servizo teñen unha carga tremenda de traballo: moitos domicilios, test covid-19, vacinas a domicilio etc.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, de xeito urxente, se repoña o servizo de medicina e enfermería do centro de saúde de Burela, cubrindo todas as prazas que a día de hoxe se atopan vacantes con persoal estable, que permita prestar unha atención de calidade aos doentes deste centro de saúde.

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/06/2021 17:37:12

Julio Torrado Quintela na data 09/06/2021 17:37:29

Marina Ortega Otero na data 09/06/2021 17:37:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/06/2021 17:37:52



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno municipal de Baiona tras realizar unha análise coas técnicas de turismo para coñecer as previsións de ocupación do municipio durante os meses de verán chegaron á conclusión de que será do 95 %, por este motivo reivindicamos aumentar os facultativos do centro de saúde desta vila no verán.

Ante a previsión desta gran demanda dos servizos sanitarios o persoal do centro de saúde ve inviable a atención a todas aquelas persoas que non residan no municipio. O alcalde mostra a súa preocupación ante esta situación e esixe á Consellería de Sanidade “que asuma a responsabilidade de dar cobertura a esta zona para atender a unha poboación que se multiplica no verán como consecuencia do turismo. Esta situación require dunha solución inminente”. A Administración municipal de Baiona reclama un servizo de plena restitución dos servizos de atención primaria e de máis persoal e recursos para o centro de saúde baionés e para o PAC de A Xunqueira.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por



habitante. En pediatria, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatria).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación e ante o aumento desta durante a época estival, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.

O Grupo Parlamentario Socialista e o Goberno local baionés comparten a preocupación e o malestar existente polas deficiencias do funcionamento do Sergas e a negación da Xunta de Galicia da existencia de problemas en xeral, e máis en concreto no centro de saúde de Baiona e no propio PAC da Xunqueira, que son os casos coñecidos directamente no Val Miñor e obxecto de reiteradas queixas e denuncias por parte dos usuarios e usuarias, e profesionais dos propios centros sanitarios.

O Grupo Parlamentario Socialista esixe á Consellería de Sanidade a cobertura necesaria para dar servizo ao Centro de Saúde de Baiona e ao PAC da Xunqueira que dá servizo ao Val Miñor polo importante aumento de persoas usuarias que atraerá ata estes servizos sanitarios a tempada estival.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar de persoal sanitario suficiente nos meses de verán no Centro de Saúde de Baiona ante o aumento da poboación nesa tempada na vila.
2. Dar cobertura necesaria de facultativos para ter servizo no PAC da Xunqueira nos meses de verán.
3. Recuperar progresivamente a atención presencial nos centros de saúde, garantindo as medidas de prevención oportunas.



4. Poñer a disposición dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas.

Pazo do Parlamento, 10 de xuño do 2021

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/06/2021 10:54:47

Julio Torrado Quintela na data 10/06/2021 10:54:53

Marina Ortega Otero na data 10/06/2021 10:55:00

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/06/2021 10:55:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A principios de novembro de 2020 na Comisión 7ª do Parlamento de Galicia aprobábase o seguinte texto da proposición non de lei que presentabamos dende o Grupo Parlamentario Socialista:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a seguir traballando para:

1º. Poñer en marcha un plan de xestión do xabaril para controlar e estabilizar a súa poboación, consensuado cos sectores afectados e implicados.

2º. Poñer en marcha un fondo de corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pagamento das axudas por danos, e de medidas preventivas.

3º. Establecer un plan de indemnización dos danos causados polo xabaril nos terreos agrícolas e de axudas para as medidas preventivas para evitar estes danos (rozas perimetrais).

4º. Solucionar o colapso do teléfono 012 de atención e información á cidadanía, que está a impedir que as persoas afectadas polos danos dos xabarís nos cultivos poidan solicitar as axudas dentro do prazo de 72 horas que marca a normativa da Consellería de Medio Ambiente e dar solucións ás persoas afectadas polo dito colapso que non puideron tramitar as axudas polo motivo citado.

5º. Extremar o control biosanitario nas fronteiras para evitar a chegada de partidas de carne de porco que puidesen vir contaminadas co virus (PPA), ademais de elaborar un plan de continxencia ante a posibilidade de que aparecese un caso en Galicia.

Transcorridos 7 meses, o Goberno galego esqueceu a iniciativa aprobada por unanimidade dos grupos con representación no Parlamento de Galicia e segue sen tomar medidas cun problema que está fóra de control.



O malestar polos cuantiosos danos desta especie nas terras de cultivo é grande, cada vez máis urxente a necesidade de que a Xunta de Galicia se involucre e impulse dunha vez por todas unha xestión efectiva desta especie, xa que en paralelo ao abandono do rural e o decaemento da actividade agrogandeira a poboación desta especie animal foise apoderando do territorio e entrando en conflito coas actividades do sector primario e mesmo coa circulación viaria. Os danos xerados en praderías e cultivos (como a pataca, millo forraxeiro e fundamentalmente do país e outros cereais) aos que nos últimos anos se lle engadiron as desfeitas no viñado de varias denominacións de orixe son os efectos máis salientables da difícil convivencia entre estes animais e as actividades agrogandeiras que en determinados casos e zonas provocan tal impacto negativo que mesmo comprometen a pervivencia do traballo no sector.

A presenza do xabaril, ponse xa de manifesto ata en zonas urbanas como manifestan multitude de alcaldes que denuncian os danos que este mamífero xera nas súas zonas verdes e a inseguridade que orixina na súa poboación. O xabaril, no tema de tráfico, tamén ampliou o seu radio de actuación ata ser, a día de hoxe, unha das principais causas da sinistralidade viaria, ata o 5 de setembro de 2019 producíronse 1.805 accidentes de tráfico relacionados con este mamífero, máis de sete ao día. En 2019 os danos orixinados nos cultivos de horta e forraxe, especialmente no millo do país, foron moi elevados, causando que algúns gandeiros abandonasen o millo por outras alternativas ou simplemente por non plantalo.

O desleixo da Administración autonómica fixo que desde o ano 2016 ata o 2019, outra vez coincidindo coa convocatoria de eleccións o Goberno galego renunciase a convocar as axudas polos danos ocasionados polo xabaril en cultivos agrícolas e visualizar o esperpento da Consellería coas cartas enviadas a poucos días das eleccións anunciando a aprobación de axudas económicas para a prevención de danos causados por lobos e xabarís que foran denegadas no mes de xuño e todo sen indicar orzamento nin prazos para levalo a cabo.

Por outra banda, os cidadáns que teñen necesidade de recorrer ao servizo do teléfono 012 para iniciar trámites administrativos, estanse a atopar con que o sistema os pon en espera ata que transcorre o tempo máximo e a chamada se cancela, tendo que volver a se repetir as chamadas de xeito infrutuoso.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a cumprir con urxencia o acordo da Comisión 7ª do Parlamento do mes de novembro de 2020 que incluía:

- a) Poñer en marcha un plan de xestión do xabaril para controlar e estabilizar a súa poboación, consensuada cos sectores afectados e implicados.
- b) Poñer en marcha un fondo de corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago das axudas por danos, e de medidas preventivas.
- c) Establecer un plan de indemnización dos danos causados polo xabaril nos terreos agrícolas e de axudas para as medidas preventivas para evitar estes danos (rozas perimetrais).

Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/06/2021 11:29:30

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/06/2021 11:29:45

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/06/2021 11:29:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Numerosas comarcas do noso país están a sufrir unha enorme presión pola solicitude e tramitación de proxectos de parques eólicas e liñas eléctricas de evacuación e conexión. Trátase dunha auténtica avalancha e dunha situación descoñecida en cantidade, intensidade, prazos de tramitación, o que está xerando unha crecente alarma social e un contexto de tensión, angustia e gran preocupación nas comunidades locais afectadas por esta auténtica “invasión” eólica. Moitos colectivos teñen que enfrontarse a un grande número de proxectos tramitados simultaneamente e de ter que facelo cunhas regras de xogo que favorecen de maneira descarada os intereses das promotoras.

Cómpre tamén ter en conta novos factores que acompañan este proceso de intensificación dos usos industriais do rural galego, que teñen que ver fundamentalmente con dous elementos:

a) o desenvolvemento tecnolóxico, o que supón un forte incremento das dimensións das infraestruturas e do seu impacto no territorio (sobre todo tendo en conta que a distancia mínima a núcleos habitados é de 500m)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) a implantación dos proxectos non só en espazos de monte senón tamén en zonas residenciais e en áreas de marcado interese agrario e gandeiro, o que xera unha conflitividade que até unha época recente estaba solapada. Un dos aspectos desta conflitividade ten que ver coas implicacións e impactos das poligonais nos usos e no valor do solo.

Por outra parte, o plan eólico promovido pola Xunta, modificado sucesivamente con cambios normativos pensados para favorecer os intereses das empresas promotoras e xerar indefensión nas comunidades afectadas, ten un claro compoñente de espolio e unha clara vocación extractiva e produtivista. Como consecuencia deste deseño, deixa fortes impactos negativos no territorio e moi escasas rendas, o que leva consigo que mesmo os concellos con maior intensidade de implantación destes proxectos teñan unha evolución económica e demográfica claramente negativa. O que quere dicir que os supostos ingresos derivados dos impostos municipais e do canon eólico non están contribuindo á dinamización deses territorios e en moitos casos estase producindo o efecto contrario, pola incidencia negativa da intensificación, do monocultivo e do monopolio.

Unha das características da nova fase de desenvolvemento eólico, iniciada a partir do ano 2019 e intensificada ao abeiro das directrices estatais e europeas, é o intento de acaparamento de terras de alto valor ambiental, social e agrogandeiro, como está a ocorrer nas comarcas de Ordes, Xallas, Deza ou Tabeirós-Montes. Aos efectos negativos no patrimonio natural e cultural, engádese nestes casos unha forte afectación a actividades económicas esenciais e a usos residenciais, polo emprazamento dos parques nas inmediacións de granxas e de zonas habitadas.

Un dos exemplos máis claros desta intensificación, avalancha, presión e intento de ocupación masiva de terras témola na Terra de Montes no ámbito dos concellos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Forcarei, A Estrada e Cerdedo-Cotobade, no que están en diferentes fases de tramitación os seguintes parques eólicos (que se suman aos 254 muiños xa instalados principalmente nas serras do Candán e do Cando, incluídas na Rede Natura e ameazadas por futuros proxectos de reopotenciación):

-PE CAMPO DAS ROSAS, Naturgy

8 aerogeradores de 3,45 MW e 163 m total 27,6 MW

Aféctalle á Estrada (parroquias de Souto e Codeseda), Cerdedo (Quireza e Castro), Campo Lameiro (San Isidro e Morillas)

-PORTO VIDROS, Naturgy, 3 aerogeradores de 163 m e 3,45 MW, total de 10,35 MW

Parroquias afectadas Cerdedo, Corredoira e Pedre (antigo concello de Cerdedo)

-ROSA DOS VENTOS: 3 aerogeradores de 163 m

Wind Power Rosa dos Ventos (Greenalia?)

Afecta a Souto (A Estrada), Castro (Cerdedo), Couso (Campo Lameiro) e Cuntis

-TOURIÑÁN III-2 8 aerogeradores de 160 m e 3 MW, total 24 MW

Afecta a Souto (A Estrada), Castro (Cerdedo), Couso (Campo Lameiro) e Cuntis.

-OUTEIRO GRANDE

AV Outeiro Rubio S.L (Enel Green Power). 6 aerogeradores (3 MW, 150 m).
PT: 18 MW





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A Estrada (Olives, Pardemarín)

-Forcarei (Meavía)

Evacuación L Alta Tensión cara Silleda: Conexión P.Touriñán- Outeiro Grande-
Monte Festeiros – Carboeiro

- MONTE FESTEIROS

AV Monte Festeiros SLU (Enel Green Power?). 16 no proxecto pero 24
aeroxeradores no Rexistro Eólico de Galicia. (150 m). PT: 48 MW

-Silleda (Graba e Xestoso)

- Forcarei (Aciveiro e Pereira)

Evacuación L Alta Tensión cara Silleda: Conexión P.Touriñán- Outeiro Grande-
Monte Festeiros – Carboeiro

- PEDRA LONGA

Pedra Longa S.L (Greenalia). 3 aeroxeradores (5.6 MW, 180 m) P.T: 16.8 MW

-A Estrada (Liripio, Codeseda e Sabucedo)

-Forcarei (Quintillán, Castrelo e Forcarei)

-Cerdedo (Tomonde)

Evacuación L Alta Tensión 132 k Beariz : Tramontana- P.Longa- Cabanelas-As
Penizas- Paraño

- CABANELAS





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Greenalia, 4 aeroxeradores (160 m.) P.T: 18 MW

-A Estrada (Liripio, Codeseda, Sabucedo)

-Forcarei (Quintillán e Castrelo)

Evacuación L Alta Tensión 132 k Beariz: Tramontana- P.Longa- Cabanelas-As
Penizas- Paraño

- AS PENIZAS

Greenalia. 8 (proxecto)-9 (no Rexistro Eólico) aeroxeradores (4.2 MW). PT:33.6
MW

-Cerdedo (Tomonde e Loureiro)

-Forcarei (Castrelo)

Evacuación L Alta Tensión 132 k Beariz : Tramontana- P.Longa- Cabanelas-As
Penizas- Paraño

-TRAMONTANA

Tramitación estatal

Greenalia, 13 aeroxeradores (5.6 MW, 180 m). PT: 72.8 MW

-Silleda (Xestoso)

-Forcarei (Meavía, Pereira, Quintillán, Aciveiro)

Evacuación L Alta Tensión 132 K Beariz: Tramontana-As Penizas- Paraño





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-SIROCCO

Tramitación estatal

Greenalia, 11 aerogeradores de 5,6 megavatios, total 61,6 MW

Cerdedo-Cotobade: parroquias de Corredoira, Carballedo, San Xurxo e Santa María de Sacos

A maiores destes parques eólicos, que suman 85 muíños e 341 MW, hai que ter en conta as inmensas afeccións das poligonais e os impactos doutras infraestruturas como as subestacións, as canalizacións, as pistas de acceso, as gabias, as explanacións da fase construtiva... así como as liñas eléctricas, que teñen unha forte afectación en zonas habitadas, como é o caso das seguintes liñas de alta tensión

LAT PORTOVIDROS-CAMPO DAS ROSAS

LAT TRAMONTANA- AS PENIZAS

LAT AS PENIZAS-BEARIZ

E aínda temos que engadir novos proxectos que están en fase inicial e do que aínda non hai información no rexistro eólico de Galiza como

- Ampliación As Penizas
- Borreiro (SET)
- SUÍDO II (SET)
- Campos Vellos (SET)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais das afeccións ambientais, paisaxísticas, ao patrimonio cultural, sociais, económicas, algúns destes parques e infraestruturas asociadas poñen en risco proxectos singulares da comarca de Terra de Montes como a Rapa das Bestas, festa declarada de Interese Internacional, ou o Observatorio Astronómico de Forcarei.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Aplicar os principios de precaución e prevención recollidos na lexislación ambiental e en consecuencia suspender a tramitación dos proxectos de parques eólicos previstos na comarca da Terra de Montes pola súa ocupación intensiva do territorio, o impacto en hábitats e especies de interese prioritario, a afectación a zonas habitadas e a interferencia en actividades económicas esenciais.
2. Proceder a realizar unha avaliación ambiental conxunta de todos os parques previstos na Terra de Montes e das súas infraestruturas asociadas.
3. Encargar a Augas de Galicia unha avaliación conxunta dos impactos na rede hídrica e nas augas superficiais e subterráneas, así como a realización dos conseguintes estudos hidrolóxicos e hidroxeolóxicos.
4. Encargar ao Instituto de Estudos do Territorio un informe sobre o impacto paisaxístico e o cumprimento da normativa sobre paisaxe.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Realizar un estudo sobre o impacto económico dos parques no valor das terras, nos usos residenciais, no potencial turístico e en actividades do sector agrogandeiro.

6. Adoptar as medidas necesarias para a protección e conservación do patrimonio cultural e nomeadamente para salvagardar a Rapa das Bestas de Sabucedo, festa declarada de Interese Turístico Internacional. E recabar un informe ao respecto da Dirección Xeral de Turismo.

7. Adoptar as medidas necesarias para impedir a afectación polos parques ao Observatorio Astronómico de Forcarei.

8. Proceder á elaboración participativa e consensuada dun novo marco legal e dun novo plan sectorial, para garantir un desenvolvemento eólico con participación pública, socialmente xusto e respectuoso co medio natural e rural.”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/06/2021 13:36:33

Alexandra Fernández Gómez na data 10/06/2021 13:36:37

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2021 13:36:45

Noa Presas Bergantiños na data 10/06/2021 13:36:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de deixar de costear con cartos públicos a atención relixiosa no Sergas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesares de que o Estado español e polo tanto Galiza recoñécense aconfesionais, o Servizo Galego de Saúde mantén cregos con salario a cargo da Administración pública, ademais de espazos propios nos hospitais reservados ao culto, en exclusiva á igrexa católica. Esta circunstancia, non parece acorde a ese principio de aconfesionalidade nin eticamente asumíbel, nun contexto no que o Partido Popular tenlle realizado á sanidade pública galega enormes recortes e o persoal ten sufrido eliminación de prazas e non substitucións que repercutiron enormemente na calidade da asistencia prestada.

No orzamento da Xunta para o ano 2021 hai consignados un total de 52 capeláns, 41 a xornada completa e 11 a media xornada, cunhas retribucións que ascenden a 706.997,42 €. Na área de A Coruña-Cee 6, Lugo a Mariña e Monforte 6, Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras 7, Pontevedra o Salnés 6, Vigo 7, Santiago a Barbanza 7 e Ferrol 2.

Un número e contías que non deixou de medrar toda vez que no 2013 o número era de 41, cunhas retribucións de 531.384€.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto vimos de coñecer unha resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, TSXG, na que consideran que a relación que manteñen os “capeláns” no Sergas sexa laboral e que en ningún caso pode considerarse persoal laboral do Sergas.

Consideran que a “actividade pastoral” que realizan estes capeláns é allea totalmente ao Sergas, que nin coincide coa propia do Sergas, nin este pode impartir ordes e directrices na súa execución, e que a prestación que derivan da asistencia relixiosa son alleas á competencia da Administración e polo tanto a súa fixación corresponde de forma exclusiva ás autoridades eclesiásticas, pois en outro caso estaríase infrinxindo o principio de laicidade do Estado.

Esta resolución do TSXG é clarificadora, e reafirma a posición de demanda de que con cartos públicos se estea costeando un servizo que debe quedar no ámbito privado. Consideramos que a Xunta de Galiza non debe seguir mantendo os privilexios da Igrexa Católica na Sanidade Pública, incluídos a satisfacción de salarios dos capeláns, contradicindo a aconfesionalidade e liberdade de culto e crenzas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Efectivizar o principio de laicidade e aconfesionalidade, recollido no noso ordenamento xurídico, e polo tanto deixe de costear con cartos públicos a “atención pastoral” da igrexa católica dentro do Sergas, xa que é un servizo que debe quedar no ámbito privado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Realizar todas as actuacións precisas para deixar de pagar as nóminas dos 52 capeláns que reciben retribucións do Sergas.

3. Destinar os 706.997,42€ da retribución aos capeláns á contratación de persoal sanitario.

4. Deixe de reservarse nos centros sanitarios espazos propios para o culto relixioso.”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/06/2021 16:23:55

Iria Carreira Pazos na data 10/06/2021 16:23:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2021 16:24:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a seguinte corrección de erros nos documentos con números de rexistro 17177 e 17178

Onde dí:

Na parte expositiva, no parágrafo terceiro, “Neste contexto vimos de coñecer unha resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, TSXG, na que *consideran...*”

Na parte expositiva, no parágrafo quinto, “Esta resolución do TSXG é clarificadora, e reafirma a posición de *demanda de...*”

Debe dicir:

Na parte expositiva, no parágrafo terceiro, “Neste contexto vimos de coñecer unha resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, TSXG, na que *rexeitan...*”

Na parte expositiva, no parágrafo quinto, “Esta resolución do TSXG é clarificadora, e reafirma a posición de *denuncia do BNG de...*”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2021 12:36:35

Iria Carreira Pazos na data 11/06/2021 12:36:47

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2021 12:36:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a listaxe de persoas que integran o Programa de Asignación de Recursos (PAR).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza reducíronse de maneira notábel nos últimos anos as listaxes de agarda nos procesos de tramitación e valoración do grao de dependencia.

Porén, o feito de contar coa valoración non significa que unha persoa dependente acceda ao servizo que precisa e ao que ten dereito. Neste senso, en 2020 no noso país situábanse en 67.467 as persoas con dereito recoñecido a prestación por dependencia das que 6.923 non estaban ao finalizar ese ano atendidas.

No marco da normativa en materia de dependencia a Xunta de Galiza e, no concreto, a Consellaría de Política Social, conta co Programa de Asignación de Recursos (PAR), unha sorte de listaxe de agarda na que se atopan aquelas persoas que, por exemplo, tendo recoñecido formalmente o dereito a unha praza de residencia nun centro público non poden acceder a el por falta de prazas.

Malia que a Xunta de Galiza utiliza como argumento nos sucesivos pregos de licitación para a concertación de prazas na privada o número de persoas que agardan no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PAR por este recurso público, descoñécese o número exacto de persoas que o compoñen así como o tempo de espera medio que permanecen nel.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a remitir cada seis meses ao Parlamento de Galiza o Programa de Asignación de Recursos.”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/06/2021 16:44:14

Iria Carreira Pazos na data 10/06/2021 16:44:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2021 16:44:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Segundo o prestixioso índice europeo de calidade de goberno elaborado pola Universidade de Gotemburgo, Galicia é a decimocuarta comunidade entre as dezasete do Estado en calidade de goberno, moi por debaixo da media estatal, o cal dá idea da aguda necesidade de mellora dunha administración que con demasiada frecuencia entorpece en lugar de dinamizar, sobre todo considerando que España, en conxunto, está lonxe de países veciños como Portugal e aínda máis lonxe doutros como Francia, por non falar dos países nórdicos que ocupan as primeiras posicións en calidade de goberno no noso ámbito europeo. A Administración autonómica xestiona inxentes recursos humanos, técnicos e financeiros, sendo o instrumento principal das políticas públicas en Galicia, de cuxo axeitado funcionamento dependen en gran medida o presente e o futuro do noso país, o seu éxito ou o seu fracaso.

Os fondos *Next Generation* apostan pola dixitalización e modernización das administracións, pero dificilmente pode haber dixitalización nin modernización sen un cambio progresivo da cultura directiva e organizativa no noso eido público, que debe partir da complicidade e cooperación do conxunto dos traballadores públicos.

Baseándonos no anterior, dende o PSdeG consideramos moi importante e urxente abordar un proceso de modernización e transformación da Administración para facela moito menos burocrática, opaca e ineficiente, superando a propaganda e autocomplacencia na que leva instalado o Goberno de Galicia desde hai unha década, reiteradamente desmentida non só por indicadores como o antes referido senón pola realidade dunha administración con tintes decimonónicos en pleno século XXI.

Curiosamente, moi pouco tempo despois de coñecerse a escasa puntuación de Galicia no índice arriba referido, a Xunta emitiu unha nota de prensa sinalando que “A Xunta aproba o primeiro programa de integridade institucional para avanzar na transparencia e na eficiencia da Administración autonómica”, no cal presúmese de ser a primeira administración en facelo pero que consiste nun



conxunto de vaguedades carente de contido, na liña do tan publicitado programa de impulso democrático do ano 2015, que o Goberno de Galicia sacou da manga ante a presión mediática dos numerosos casos de corrupción asociados ao PP naquel tempo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que deseñe, contando coa participación da sociedade civil, das forzas políticas e do conxunto dos axentes económicos e sociais, un plan de modernización e mellora da Administración autonómica sobre a base dos seguintes eixos:

- a) Mellorar a avaliación dos obxectivos, medios e resultados da administración autonómica implantando un verdadeiro proceso de control de xestión da administración pública que teña como obxectivo incrementar a súa eficiencia, efectividade e resiliencia.
- b) Aumentar a calidade dos servizos prestados pola Administración, mellorando a implantación da administración electrónica e a coordinación entre administracións e simplificando os servizos públicos para facelos máis flexibles e accesibles para a cidadanía, desde a consideración da diferenza de posibilidades no acceso e uso das novas tecnoloxías entre o mundo rural e o urbana e entre a cidadanía en xeral.
- c) Mellorar significativamente a transparencia e aumentar a participación cidadá en asuntos referidos á Administración para que a sociedade colabore e se implique na mellora dos servizos públicos e na propia gobernanza.

Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2021





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 10/06/2021 17:58:40

Paloma Castro Rey na data 10/06/2021 17:58:56

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/06/2021 18:00:20



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de rexeitar considerar que os curas que desempeñan a súa actividade no Sergas sexan considerados persoal sanitario. Este rexeitamento vai na liña do que numerosos colectivos veñen trasladando dende hai anos, considerando que a inclusión dos sacerdotes no persoal do Sergas non ten sentido e non se corresponde coas funcións que deben desempeñar os distintos profesionais que o sistema sanitario debe ter no seu plantel.

Dende hai anos o Grupo Parlamentario Socialista vén defendendo no Parlamento de Galicia que esta situación é unha anomalía, incorporando iniciativas a debate e presentando emendas aos orzamentos autonómicos de maneira continuada todos os anos. Tanto as iniciativas, que formulaban a retirada deste persoal como parte do cadro do Sergas por non ser persoal propio do sistema, como as emendas aos orzamentos que pretendían darlle forma a esta proposta, foron rexeitadas polo voto en contra do Grupo Popular, maioritario na Cámara. Nos últimos orzamentos aprobados a Xunta de Galicia financia a presenza de sacerdotes no Sergas cunha cantidade en torno aos 700.000 que financia 52 sacerdotes, a maior parte deles a tempo completo. Esta cantidade podería ser reorientada a contratar profesionais asistenciais doutro tipo, que son extremadamente necesarios no sistema.

A maiores da cuestión orzamentaria, o goberno da Xunta de Galicia non foi quen de argumentar nin explicar en ningún momento as preguntas feitas polo Grupo Socialista, sobre a condición laboral baixo a que son contratados, a selección do persoal, os espazos que ocupan e as funcións que teñen asignadas no plano funcional do sistema.

O pronunciamento do TSXG vén de dar a razón á posición do Grupo Socialista e evidenciar que esta anomalía non ten sentido, e que a presenza de sacerdotes no Sergas é un feito fora do aceptable en termos legais, ademais de selo tamén en termos asistenciais.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a terminar coa financiación de sacerdotes no Sergas, reorientando esa partida á contratación de persoal verdadeiramente asistencial que poida reforzar o cadro de persoal de profesionais sanitarios do Sergas.

Pazo do Parlamento, 10 de xuño do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/06/2021 18:11:27

Marina Ortega Otero na data 10/06/2021 18:11:34

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/06/2021 18:11:45



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados **María Elena Suárez Sarmiento, Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, M^a Felisa Rodríguez Carrera, Guadalupe Murillo Solís, M^a Corina Porro Martínez, Paula Prado del Río, Borja Vereá Fraiz, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias, Raquel Arias Rodríguez e Rubén Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2^a Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de saber a posición en Sede Parlamentaria nun asunto de actualidade coma este.

Exposición de Motivos:

A partir do luns 14 de xuño, Renfe ten previsto poñer en marcha un novo servizo diario de conexión Vigo-Madrid no que non se contempla facer parada na estación de Vilagarcía de Arousa a pesar de que esta estación forma parte do seu percorrido e de que o establecemento dunha escala en Vilagarcía tan só engadiría catro minutos ao total da viaxe.

Vilagarcía ten a entidade indiscutible dentro da provincia de Pontevedra e da Comunidade Autónoma de Galicia como para que esta cidade sexa incluída no mapa de paradas deste tren, xa que ademais a súa estación funciona como punto de conexión de toda a comarca do Salnés, cun ámbito de influencia de máis de 100.000 habitantes.

Non hai ningunha dúbida de que este é o momento clave para que todas as administracións amosen o seu claro compromiso para que a estación ferroviaria de Vilagarcía sexa incluída como parada neste traxecto. No contexto actual de crisis socioeconómica derivada da pandemia e co panorama turístico xerado grazas ao Xacobeo 21/22, sería fundamental que o Goberno de España contribuíse á promoción de Galicia apostando por mellorar e potenciar as súas comunicacións ferroviarias.

Polo exposto, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario presentar esta proposición non de lei para o seu debate en comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



“O Parlamento de Galicia insta ao Xunta de Galicia a demandar da Administración Xeral do Estado que inclúa a parada en Vilagarcía de Arousa no seu servizo diario de tren Alvia que a partir do luns 14 de xuño sairá da estación de Vigo-Urzaiz ás 8.55 horas con destino a Madrid-Chamartín”

Santiago de Compostela, 8 de xuño 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/06/2021 13:32:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/06/2021 13:35:51

Diego Calvo Pouso na data 08/06/2021 13:36:08

Teresa Egerique Mosquera na data 08/06/2021 13:36:25

María Felisa Rodríguez Carrera na data 08/06/2021 13:51:40

María Guadalupe Murillo Solís na data 08/06/2021 13:51:47

María Corina Porro Martínez na data 08/06/2021 13:52:02

Paula Prado del Río na data 08/06/2021 13:52:30

Borja Vereza Fraiz na data 08/06/2021 13:52:44

Carmen María Pomar Tojo na data 08/06/2021 13:53:20

Ramón Carballo Páez na data 08/06/2021 13:53:28

José Manuel Balseiro Orol na data 08/06/2021 13:53:55

María Sol Díaz Mouteira na data 08/06/2021 13:54:04

Marta Nóvoa Iglesias na data 08/06/2021 13:54:38

Raquel Arias Rodríguez na data 08/06/2021 13:54:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Rubén Lorenzo Gómez na data 08/06/2021 13:55:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPGxpMc9EJcB5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, e deputados **Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a valoración da Xunta de Galiza acerca do cumprimento da lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento e a Xunta se posicionen canto antes sobre o cumprimento da lei 2/2014 e o funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, persoas trans, bisexuais e intersexuais de Galiza foi pola altura unha medida avanzada con respecto a outras comunidades do estado, a pesar de que xa daquela ten recibido críticas por considerarse escasa. Desde o comezo da súa aplicación, soamente se ten remitido un informe de aplicación desta lei ao Parlamento de Galiza, no que se analizan as actividades desenvolvidas desde a Xunta de Galiza neste eido ata xuño de 2018.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis tarde, mediante o decreto 131/2018 creouse e regulamentouse o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, que non foi constituído ata xuño de 2019. Organizacións LGBT de todo o país teñen manifestado en diferentes ocasións certo escepticismo e o temor de que este órgano viñese a funcionar como un “órgano pantasma”. Temores que non resultaron desencamiñados dada a escaseza de xuntanzas que se ten dado do dito organismo desde a súa creación ata a actualidade.

Tristemente e a pesar destas ferramentas, seguimos constatando que a LGBTfobia aínda non foi erradicada da nosa sociedade. Informes actuais como o publicado polo Observatorio Coruñés contra a LGBTfobia alertan das denuncias recibidas en relación a acoso, agresións verbais, agresións físicas, ataques contra o patrimonio, así como difusión e publicidade de pseudoterapias que anuncian a posibilidade de mudar a orientación sexual das persoas. Aínda que a maior parte destes incidentes se produciron na vía pública, tamén teñen importancia os sucedidos no fogar ou a través das redes sociais. Tamén é importante sinalar as denuncias feitas por agresións dentro da Administración pública, que aínda que se reduciron a respecto do informe do ano previo, continúan a darse en Galiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Dar cumprimento á totalidade do recollido na lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, persoas trans, bisexuais e intersexuais de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Potenciar o funcionamento do Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, con máis atribucións e capacidade executiva.

3. Elaborar plans de formacións para todo o cadro de persoal da Administración en temática LGBT, co fin de poder erradicar actuacións LGBTfóbicas coma as que se teñen denunciado.”

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/06/2021 09:38:00

Noa Presas Bergantiños na data 09/06/2021 09:38:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 09/06/2021 09:38:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/06/2021 09:38:31

Olalla Rodil Fernández na data 09/06/2021 09:38:40



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Elena Candia López, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, José Manuel Rey Varela, Ana Belén García Vidal, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Guadalupe Murillo Solís, José Manuel Balseiro Orol, e Marta Nóvoa Iglesias**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

Durante os últimos 40 anos, España viviu a máis longa época de crecemento, progreso e paz da súa historia, gracias ao esforzo conxunto que a sociedade e todas as forzas políticas realizaron durante a transición. Unha realidade que reflexou notablemente en Galicia, que iniciou unha etapa de desenvolvemento e prosperidade sen precedentes.

Por estas razóns, a sociedade galega no seu conxunto manifesta habitualmente a súa vontade de manter a unidade, a solidariedade interterritorial e a redistribución interspersal en España, que son as bases do Estado das Autonomías que establece a nosa Carta Magna, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia.

En outubro de 2017, diversos partidos e membros do Goberno de Cataluña organizaron un referendo ilegal co obxectivo de atacar esta unidade territorial e separar esta comunidade autónoma do resto de España. Ademais, proclamaron de forma ilegal a independencia, constituíron unha suposta república catalá e utilizaron recursos públicos para tal fin.

Unha operación que, ademais de ser contraria á Constitución, puxo en risco as bases da nosa convivencia democrática e do Estado de Benestar no que Galicia ten prosperado coma nunca antes na súa historia contemporánea.

Dous anos despois os impulsores destes actos foron condenados polo Tribunal Supremo a penas que oscilaban entre os 9 e os 13 anos de prisión así como a penas



de inhabilitación. O alto tribunal considerou probado que as devanditas persoas cometeran delitos de sedición e/ou malversación.

No momento de coñecerse a sentenza, o Presidente Sánchez "garantía tanto á cidadanía catalá como ao conxunto da cidadanía española que esa sentenza íase cumprir na súa totalidade" posto que "ninguén está por encima da lei" mentres que outros membros do seu goberno defendían que as penas impostas debían cumprirse integramente.

Pero tanto Sánchez como o seu goberno seguían necesitando os votos dos partidos independentistas cataláns para manterse no poder; unha necesidade que se fixo máis perentoria tras as eleccións xerais celebradas en novembro de 2019 nas que o PSOE perdeu case 800.000 votos e 3 escanos respecto ás celebradas no mes de abril do mesmo ano.

Esa necesidade pode verse detrás da decisión do goberno de realizar unha modificación do delito de sedición, incluída dentro unha reforma máis ampla do Código penal, que supoñería unha rebaixa das penas aos condenados polo 1-O.

Unha reforma que como explicou en setembro de 2020 o actual Ministro de Política Territorial e Función Pública, Miquel Iceta, era necesario abordar porque "é importante que o Goberno demostre que quere ir resolvendo temas concretos" (dito en referencia á situación dos condenados polo 1-O).

Agora, en 2021, o Presidente Sánchez e o seu goberno non esconden a súa vontade de indultar a uns condenados que non só non mostraron ningún arrepentimento, senón que deixaron claro (tanto no xuízo, ao exercer o seu dereito á última palabra, como en declaracións posteriores) que teñen intención de reincidir nos delitos cometidos.

Ademais, tanto a Fiscalía como o Tribunal Supremo opóñense ao indulto.

O alto tribunal, nun demoledor e clarísimo informe aprobado por unanimidade dos seus membros, explica que o que pretenden o Presidente Sánchez e o seu goberno é retorcer a natureza do indulto e cuestionar "o lexítimo exercicio da función xurisdiccional".

É dicir, o goberno está a poñer en dúbida, do mesmo xeito que o fan os líderes independentistas, o funcionamento da xustiza española, co que iso significa de ataque a un poder do Estado cuxa independencia constitúe un pilar fundamental da nosa democracia.



Por último, destacar que o Tribunal Supremo deixa en evidencia a verdadeira intención do Goberno ao defender o indulto, que non é outra que a súa mera supervivencia política, ao lembrar que "algúns dos que aspiran ao beneficio do dereito de graza son precisamente líderes políticos dos partidos que, neste momento, garanten a estabilidade do Goberno chamado ao exercicio do dereito de graza".

Por todo o exposto, e fronte á fundada sospeita de que non nos atopamos ante un indulto senón ante un pago político. E desde a convicción de que a paz social e a democracia só se poden acadar desde o máximo respecto ao Estado de Dereito que a nosa Constitución garante, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia:

1. Expresa o seu respaldo absoluto á Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico como garantes do estado de dereito e da democracia no noso país.
2. Manifesta o seu apoio ao labor que realizan todos os días os diferentes tribunais de xustiza, con especial mención ao Tribunal Supremo, de maneira independente, responsable e sometidos unicamente ao imperio da lei como establece o artigo 117 da Constitución Española.
3. Insta o Goberno de España a respectar as decisións dos xuíces, non utilizando a figura do indulto con fins partidistas, para beneficiar a aqueles que vulneraron a Constitución e cometeron múltiples delitos nos que, como manifestaron publicamente, pretenden reincidir.”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/06/2021 13:21:34

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/06/2021 13:21:56

Diego Calvo Pouso na data 10/06/2021 13:22:13

María Elena Candia López na data 10/06/2021 13:22:28

Paula Prado del Río na data 10/06/2021 13:22:44

María Sol Díaz Mouteira na data 10/06/2021 13:23:03

José Alberto Pazos Couñago na data 10/06/2021 13:23:18

Noelia Pérez López na data 10/06/2021 13:23:29

José Manuel Rey Varela na data 10/06/2021 13:23:43

Ana Belén García Vidal na data 10/06/2021 13:23:59

Borja Vereza Fraiz na data 10/06/2021 13:24:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Antonio Armada Pérez na data 10/06/2021 13:24:26

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/06/2021 13:24:43

José Manuel Balseiro Orol na data 10/06/2021 13:25:07

Marta Nóvoa Iglesias na data 10/06/2021 13:25:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, solicita que se incorpore unha corrección de erros nas iniciativas con números de rexistro **17.164** e **17.165** co seguinte contido:

No punto 3, da parte resolutiva, onde di “*Insta o Goberno de España a respectar as decisións dos xuíces, (...)*” debe dicir “*Insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que respecte as decisións dos xuíces, (...)*”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/06/2021 14:33:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/06/2021 14:33:26

Diego Calvo Pouso na data 10/06/2021 14:33:46

María Elena Candia López na data 10/06/2021 14:33:55

Paula Prado del Río na data 10/06/2021 14:34:06

María Sol Díaz Mouteira na data 10/06/2021 14:34:16

José Alberto Pazos Couñago na data 10/06/2021 14:34:57

Noelia Pérez López na data 10/06/2021 14:35:07

José Manuel Rey Varela na data 10/06/2021 14:35:23

Ana Belén García Vidal na data 10/06/2021 14:35:32

Borja Vereá Fraiz na data 10/06/2021 14:35:39

José Antonio Armada Pérez na data 10/06/2021 14:35:50

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/06/2021 14:36:28

José Manuel Balseiro Orol na data 10/06/2021 14:36:54

Marta Nóvoa Iglesias na data 10/06/2021 14:37:08



Á A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Elena Candia López, Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, María Elena Suárez Sarmiento, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Guadalupe Murillo Solís, José Manuel Balseiro Orol e Marta Nóvoa Iglesias** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 5ª** de Sanidade, Política Social e Emprego, polo **trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

Durante os últimos 40 anos, España viviu a máis longa época de crecemento, progreso e paz da súa historia, gracias ao esforzo conxunto que a sociedade e todas as forzas políticas realizaron durante a transición. Unha realidade que reflexou notablemente en Galicia, que iniciou unha etapa de desenvolvemento e prosperidade sen precedentes. Por estas razóns, a sociedade galega no seu conxunto manifesta habitualmente a súa vontade de manter a unidade, a solidariedade interterritorial e a redistribución interspersal en España, que son as bases do Estado das Autonomías que establece a nosa Carta Magna, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia.

En outubro de 2017, diversos partidos e membros do Goberno de Cataluña organizaron un referendo ilegal co obxectivo de atacar esta unidade territorial e separar esta comunidade autónoma do resto de España. Ademais, proclamaron de forma ilegal a independencia, constituíron unha suposta república catalá e utilizaron recursos públicos para tal fin.

Unha operación que, ademais de ser contraria á Constitución, puxo en risco as bases da nosa convivencia democrática e do Estado de Benestar no que Galicia ten prosperado coma nunca antes na súa historia contemporánea.



Dous anos despois os impulsores destes actos foron condenados polo Tribunal Supremo a penas que oscilaban entre os 9 e os 13 anos de prisión así como a pende inhabilitación. O alto tribunal considerou probado que as devanditas persoas cometeran delitos de sedición e/ou malversación.

No momento de coñecerse a sentenza, o Presidente Sánchez "garantía tanto á cidadanía catalá como ao conxunto da cidadanía española que esa sentenza íase cumprir na súa totalidade" posto que "ninguén está por encima da lei" mentres que outros membros do seu goberno defendían que as penas impostas debían cumprirse integramente.

Pero tanto Sánchez como o seu goberno seguían necesitando os votos dos partidos independentistas cataláns para manterse no poder; unha necesidade que se fixo máis perentoria tras as eleccións xerais celebradas en novembro de 2019 nas que o PSOE perdeu case 800.000 votos e 3 escanos respecto ás celebradas no mes de abril do mesmo ano.

Esa necesidade pode verse detrás da decisión do goberno de realizar unha modificación do delito de sedición, incluída dentro unha reforma máis amplía do Código penal, que supoñería unha rebaixa das penas aos condenados polo 1-O.

Unha reforma que como explicou en setembro de 2020 o actual Ministro de Política Territorial e Función Pública, Miquel Iceta, era necesario abordar porque "é importante que o Goberno demostre que quere ir resolvendo temas concretos" (dito en referencia á situación dos condenados polo 1-O).

Agora, en 2021, o Presidente Sánchez e o seu goberno non esconden a súa vontade de indultar a uns condenados que non só non mostraron ningún arrepentimento, senón que deixaron claro (tanto no xuízo, ao exercer o seu dereito á última palabra, como en declaracións posteriores) que teñen intención de reincidir nos delitos cometidos.

Ademais, tanto a Fiscalía como o Tribunal Supremo opóñense ao indulto.

O alto tribunal, nun demoledor e clarísimo informe aprobado por unanimidade dos seus membros, explica que o que pretenden o Presidente Sánchez e o seu goberno é retorcer a natureza do indulto e cuestionar "o lexítimo exercicio da función xurisdiccional".

É dicir, o goberno está a poñer en dúbida, do mesmo xeito que o fan os líderes independentistas, o funcionamento da xustiza española, co que iso significa de ataque a un poder do Estado cuxa independencia constitúe un pilar fundamental da nosa democracia.



Por último, destacar que o Tribunal Supremo deixa en evidencia a verdadeira intención do Goberno ao defender o indulto, que non é outra que a súa mera supervivencia política, ao lembrar que "algúns dos que aspiran ao beneficio do dereito de graza son precisamente líderes políticos dos partidos que, neste momento, garanten a estabilidade do Goberno chamado ao exercicio do dereito de graza".

Por todo o exposto, e fronte á fundada sospeita de que non nos atopamos ante un indulto senón ante un pago político. E desde a convicción de que a paz social e a democracia só se poden acadar desde o máximo respecto ao Estado de Dereito que a nosa Constitución garante, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia:

1. Expresa o seu respaldo absoluto á Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico como garantes do estado de dereito e da democracia no noso país.
2. Manifesta o seu apoio ao labor que realizan todos os días os diferentes tribunais de xustiza, con especial mención ao Tribunal Supremo, de maneira independente, responsable e sometidos unicamente ao imperio da lei como establece o artigo 117 da Constitución Española.
3. Insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que respecte as decisións dos xuíces, non utilizando a figura do indulto con fins partidistas, para beneficiar a aqueles que vulneraron a Constitución e cometeron múltiples delitos nos que, como manifestaron publicamente, pretenden reincidir.”

Santiago de Compostela, 10 de xuño do 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/06/2021 16:04:40

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/06/2021 16:04:57

Diego Calvo Pouso na data 10/06/2021 16:05:09

María Elena Candia López na data 10/06/2021 16:05:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Paula Prado del Río na data 10/06/2021 16:05:40

María Corina Porro Martínez na data 10/06/2021 16:05:53

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/06/2021 16:06:34

José Alberto Pazos Couñago na data 10/06/2021 16:07:35

Noelia Pérez López na data 10/06/2021 16:07:47

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 10/06/2021 16:09:00

María Elena Suárez Sarmiento na data 10/06/2021 16:09:11

María Sol Díaz Mouteira na data 10/06/2021 16:09:37

José Antonio Armada Pérez na data 10/06/2021 16:09:54

José Manuel Balseiro Orol na data 10/06/2021 16:10:11

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/06/2021 16:11:02

Marta Nóvoa Iglesias na data 10/06/2021 16:11:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre o peche de camas hospitalarias e redución da actividade hospitalaria durante os meses de verán na Área Sanitaria de Vigo e derivación a Povisa.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento e a Xunta se posicionen canto antes sobre o peche de camas e a redución da actividade hospitalaria nos meses de verán na Área Sanitaria de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos ás portas do verán e asistimos de novo ao anuncio do peche de camas por parte do Sergas, é unha constante que ano tras ano se repite pola decidida vontade do Partido Popular de seguir recortando a sanidade pública.

Vemos, polo tanto, como a Xunta persiste na súa política de redución da actividade nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza a pesares das listas de espera que se viron enormemente incrementadas pola paralización ou relentización da actividade durante a pandemia. Temos que lembrar que en 2020 a actividade veuse moi reducida, o ano rematou con 8.500 intervencións cirúrxicas menos que no 2019.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Seguindo esta liña a Xerencia da Área Sanitaria de Vigo ven de comunicar que durante os meses de verán van a proceder ao peche de 75 camas no Hospital Álvaro Cunqueiro e 60 no Meixoeiro, ás que hai que sumar as 120 que están continuamente inactivas neste último. 255 camas entre os dous hospitais inoperativas.

O peche de camas, ter os quirófanos baixo mínimos, a diminución de consultas e de probas diagnósticas ten moi graves consecuencias no eido asistencial. Esta decisión vai significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias tanto hospitalarias como nos PACS.

Ao tempo que se dá a coñecer a información do peche de camas na Área Sanitaria de Vigo, que leva parella o redución da actividade hospitalaria en xeral, a Consellería de Sanidade negocia cos propietarios do Hospital Povisa, Ribera Salud, a empresa da multinacional Centene Corporación, un contrato de varios millóns de euros para que opere a lista de espera da Área Sanitaria de Vigo.

É inaceptábel que o Sergas na vez de adicar estes recursos á sanidade pública para dar resposta ás necesidades sanitarias, opte por deixala baixo mínimos mentres destina millóns de euros a unha multinacional para facer unha actividade que se pode e debe realizar nos hospitais públicos.

Resulta sorprendente que ano tras ano se paralice a actividade durante o verán nos hospitais públicos mentres nos hospitais privados non se produce ese peche de recursos.

Hai que lembrar que Povisa é un grande receptor de diñeiro público a través do concerto de máis de 80 millóns de euros anuais, supón arredor do 40% da totalidade da actividade sanitaria que o Sergas concerta con entidades privadas, para que xestione a



asistencia sanitaria de 140 mil persoas da Área Sanitaria de Vigo. A pesar disto rematou 2020 con 2.911 persoas en lista de espera cirúrxica e con tempos superiores aos hospitais do Sergas. A pesar desta situación, o Sergas na vez de esixirlle responsabilidades, decida premiar a este hospital, aumentar aínda máis a súa financiación, cun máis cartos.

As decisións do Partido Popular en materia de sanidade non son inocentes, ao final sempre está a sanidade privada e o negocio.

É claro o obxectivo da Xunta de deixar unha sanidade pública esnaquizada en mans das multinacionais que son as que pretenden manexar os nosos recursos, tanto económicos como asistenciais, e obter substanciosos beneficios a costa da saúde dos cidadáns.

O período do verán, que en xeral supón menos presión de determinadas patoloxías, tiña que ser unha oportunidade para incrementar o número de cirurxías e probas diagnósticas para acortar as listas de espera que padecemos, tanto a histórica que arrastramos como a ocasionada pola diminución de actividade durante a pandemia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Destinar a contía do convenio que o Sergas ten previsto destinar ao Hospital Povisa para rebaixar as listas de espera da Área Sanitaria de Vigo, a dotala de recursos, e realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

peche de camas, nin rebaixar a actividade cirúrxica nin de probas diagnósticas nos centros hospitalarios do Sergas.

2.- Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas na Área Sanitaria, camas, quirófanos, probas diagnósticas...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, sen ser usados nos centros públicos.

3.- Presentar no Parlamento Galego, no prazo dun mes, un informe coas derivacións realizadas polo Sergas na Área Sanitaria de Vigo a centros privados nos últimos cinco anos, desagregadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas.

4.- Esixirlle ao Hospital Povisa un Plan para a eliminación das súas listas de espera no referido á poboación que ten asignada polo concerto asinado co Sergas.

Realizar unha auditoría das contas e da xestión de Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas da que se derive un informe detallado no que conste:

a) Rateo profesionais/doentes, profesionais por servizos e planta, permanencia nos mesmos, situación laboral, mobilidade horaria e entre servizos, número de contratos con redución de xordana con detalle por categoría profesional.

b) Información desagregada do gasto que destina a atender a doentes públicos e a privados. O número e distribución de camas do hospital destinadas a atención pública e privadas. Persoal destinado a prestar a asistencia sanitaria pública e privada, horarios e servizos.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021

Asdo.: Montserrat Prado Cores
Alexandra Fernández Gómez
Carme González Iglesias
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2021 12:27:32

Alexandra Fernández Gómez na data 14/06/2021 12:27:41

María do Carme González Iglesias na data 14/06/2021 12:27:50

Iria Carreira Pazos na data 14/06/2021 12:27:57

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2021 12:28:06



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera, Daniel Vega Pérez, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Borja Verea Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Encarna Amigo Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O pasado martes, 25 de maio, o conselleiro do Medio Rural comparecía no Parlamento de Galicia para dar conta do estado das negociacións sobre o deseño e aplicación da Política Agraria Común –coloquialmente coñecida por todos polas súas siglas PAC– para o vindeiro período de execución 2023-2027.

Unha comparecencia na que se fixo unha petición de consenso da que é fundamental partir, de cara á defensa dos intereses de agricultores e gandeiros galegos, nos vindeiros debates e negociacións para a configuración da futura PAC. Neste sentido, este consenso foi mantido, como se puido observar na práctica, coas organizacións agrarias e cooperativas galegas, así como na posición conxunta acordada polas comunidades da Cornixa cantábrica –Asturias, Cantabria, País Vasco, e a nosa propia, Galicia–, reflectida nun documento subscrito por todas elas, acordo histórico que foi feito público recollendo as demandas destas Comunidades Autónomas ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), co obxecto de que se tiveran en conta as características e particularidades propias das mesmas.

Ao respecto, é preciso continuar avanzando nas negociacións e, para iso, Galicia debe partir dun consenso, que se materialice non só coas restantes comunidades da España húmida, senón tamén cos grupos parlamentarios, xa que neste punto os nosos intereses son os mesmos, os intereses do sector agropecuario galego. Polo tanto, propoñemos manter a posición construtiva e de colaboración institucional que tivo a Xunta de Galicia no transcurso das negociacións respecto do Goberno central, pero coa máxima firmeza na defensa das especificidades e intereses do noso sector agrario,



como son unha maioría de explotacións de tamaño pequeno ou mediano, de carácter profesional, pero eminentemente familiar e unha clara orientación produtiva cara a sectores gandeiros como o lácteo e o cárnico, que nos diferencia, e moito, doutras zonas de España, partindo para iso dun posicionamento conxunto do Goberno e grupos parlamentarios.

Esta postura común susténtase na evidencia de que existen unha serie de cuestións , no tocante ao primeiro piar (aproximadamente 170 millóns de euros correspondentes aos pagamentos directos da PAC cada ano), que constitúen intereses esenciais do sector en Galicia, tales como:

- A necesidade de que o MAPA nos faga coñecedores do contido concreto da súa proposta sobre a delimitación e os importes das novas rexións da PAC que se van aplicar na axuda básica, en particular daquelas nas que estarían as explotacións galegas, posto que, sen esta información é imposible facer ningún cálculo nin valoración das propostas formuladas polo Ministerio acerca do deseño da futura PAC.
- No que se refire á superficie con dereito a cobro da axuda básica á renda dos agricultores, Galicia parte dunha superficie con dereitos de pago moi inferior á media española. Demandamos que se corrixa este desequilibrio antes de ampliar esta superficie, como propón o MAPA, a novos cultivos de viñedos, froitos e hortalizas, localizados, fundamentalmente, nas Comunidades Autónomas do sueste español. Así mesmo, tamén demandamos que se facilite a entrada de superficies e sistemas produtivos de pastoreo.
- Con respecto ás axudas asociadas, a posición de Galicia é a de que se manteñan para os sectores de vacún de leite, vacún de carne e ovino-caprino, cunha dotación polo menos similar ao período 2014-2020. Para iso, deberanse destinar a esas axudas o 13% dos fondos dispoñibles para axudas directas do primeiro piar (+2% para cultivos proteicos).
- Ante a posición de apertura dun programa sectorial para a oliveira tradicional, que contará cun 0,62% dos fondos, Galicia demanda un programa similar para a recuperación dos soutos tradicionais ou que se inclúa o castaño nas axudas asociadas para froitos de cáscara.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



- Sobre o *capping* ou límite de axudas, é preciso que o MAPA precise a fórmula que vai utilizar para aplicalo e o destino dos fondos resultantes, tamén a metodoloxía para o cálculo e asignación do pago redistributivo, así como datos sobre os resultados que se derivarían nas diferentes “rexións PAC”.

De forma adicional, deféndese a inclusión dos seguintes puntos no deseño da aplicación da PAC 2023-2027 en España:

- Aplicación no *capping* e a *degresividade* das máximas porcentaxes de redución das axudas aos maiores perceptores que permita o regulamento finalmente aprobado.
- Para a aplicación deses mecanismos non deben deducirse os custos laborais, coa única excepción das explotacións asociativas, nin tampouco os pagos a empresas externas (servizos externos contratados).
- Damos por suposto que, en canto ao destino dos fondos, o *capping* e a *degresividade* vanse aplicar a nivel nacional e non dentro de cada “rexión PAC”.
- O pago redistributivo debe contar cunha dotación orzamentaria ambiciosa, aplicarse a nivel nacional, non dentro de cada “rexión PAC”, e priorizar aos agricultores profesionais (de pequena e mediana dimensión en relación á media española).

Neste sentido, consideramos que debера haber un maior pago ás primeiras hectáreas co obxecto de beneficiar as pequenas e medianas explotacións, e dentro delas aos agricultores e gandeiros cunha dependencia significativa dos ingresos agrarios, dando prioridade sobre todo aos agricultores profesionais.

- Sobre a definición de “agricultor xenuíno”, en canto que destinatario das axudas do primeiro piar da PAC e dalgunhas do segundo piar, esta debe basearse nunha porcentaxe mínima dos ingresos agrarios sobre os totais, que propoñemos no 30% (se ben podería aceptarse o 25% que propón o MAPA), incluíndo tamén as persoas afiliadas á Seguridade Social como traballadores por conta propia no sector agrario.
- Sobre os ecoesquemas:
 - Apoiamos que se destine a estas axudas o 20% do montante dispoñible para pagos directos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



- Porén, constatamos con preocupación que nos ecoesquemas propostos polo MAPA denótase un marcado carácter mediterráneo, abordando problemáticas e realidades produtivas principalmente do centro e do sur peninsulares, quedando a España húmida moito máis desatendida.
- Por iso, é preciso engadir outros ecoesquemas adicionais, nos que se contemplan as realidades da Cornixa cantábrica, e introducir, de modo transversal:
 - ✓ Aplicar en todos os ecoesquemas nos que sexa pertinente un complemento vinculado á prevención de incendios.
 - ✓ Estender o complemento previsto para as superficies en Rede Natura ás zonas con limitacións naturais.
 - ✓ Introducir en todos eles unha modulación da axuda por estratos de tamaño.
- En relación á converxencia intrarrexional da axuda básica á renda, temos que manernos na demanda dunha converxencia progresiva e gradual. Ademais, posicionámonos en contra dunha tarifa plana por hectárea, pretensión doutras CCAA do centro e sur peninsular. E demandamos que a contía da axuda básica por hectárea nas diferentes “rexións PAC” teña en conta as diferentes realidades existentes, no plano agronómico e socioeconómico, en especial o emprego agrario xerado por unidade de superficie.

Estamos fronte a unha cuestión transcendental que beneficia a preto de 26.000 galegos e galegas cada ano cunha contía que se elevaba, no pasado 2020, aos 205 millóns de euros de axudas directas ás explotacións, 170 millóns correspondentes aos pagamentos directos do primeiro piar da PAC e 35 millóns de euros de medidas de desenvolvemento rural (ademais do apoio a diferentes tipos de investimentos esenciais para o noso medio rural, dentro do segundo piar da PAC), polo que este consenso, máis ca nunca, é vital.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que na negociación da PAC 2023-2027 ante o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación defenda a seguinte postura:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



- 1.- Con carácter previo ao peche das negociacións deberá demandarse ao Goberno central que se traslade á Xunta de Galicia todos os datos necesarios para poder determinar a afectación aos agricultores e gandeiros galegos do modelo que se propón polo MAPA. En especial, é imprescindible que o MAPA nos faga coñecedores de todos os datos da súa proposta sobre a delimitación, as superficies e os importes da axuda básica nas novas rexións PAC, en particular daquelas nas que estarían as explotacións galegas.
- 2.- A definición de agricultor xenuíno, como perceptor das axudas do primeiro piar da PAC e dalgunhas do segundo piar, debe basearse no requisito de que unha porcentaxe significativa dos seus ingresos totais (como mínimo o 25%) sexan ingresos procedentes da actividade agraria, admitindo tamén como agricultor xenuíno a aquel que se atope dado de alta na seguridade social como traballador por conta propia no réxime agrario.
- 3.- No relativo ao debate sobre a superficie con dereito a cobro das axudas da PAC, non é admisible a apertura a novos cultivos, viñedo, froitas e hortalizas, localizados maioritariamente no sudeste español, sen antes regularizar o déficit de superficie admisible con dereitos que ten Galicia respecto da media nacional.
- 4.- Demandamos que a contía da axuda básica por hectárea nas diferentes “rexións PAC” teña en conta as diferentes realidades existentes, no plano agronómico e socioeconómico, en especial o emprego agrario xerado por unidade de superficie.
- 5.- Deben asignarse ás axudas asociadas o máximo de fondos que permita o regulamento europeo (13% + 2% cultivos proteicos) e manter como mínimo para os sectores de vacún de leite, vacún de carne e ovino-caprino unha dotación similar ao período 2014-2020, incluíndo ademais o castaño nas axudas asociadas para froitos de cáscara.
- 6.- Demandamos unha aplicación intensa do pago redistributivo en canto á porcentaxe de fondos que se destinen ao mesmo. O pago redistributivo deberá aplicarse considerando a superficie media por explotación a nivel nacional e non

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



dentro de cada “*rexión PAC*”. Sobre esa base, deberá haber un maior pago ás primeiras hectáreas co obxecto de beneficiar as pequenas e medianas explotacións, en especial aquelas de agricultores e gandeiros cunha dependencia significativa dos ingresos agrarios, dando prioridade sobre todo aos de carácter profesional.

- 7.- En canto ao límite das axudas por explotación (capping) e a degresividade, defendemos a súa aplicación nas máximas porcentaxes de redución das axudas aos maiores perceptores que permita o regulamento europeo finalmente aprobado. Para a aplicación deses mecanismos non deben deducirse os custos laborais, coa única excepción das explotacións asociativas, nin tampouco os pagos a empresas externas (servizos externos contratados). O destino dos fondos derivados do capping e a degresividade deberá aplicarse a nivel nacional e non dentro de cada “*rexión PAC*”.
- 8.- Defendemos a introdución de **novos** ecoesquemas e a modificación dos que propón o MAPA, para que respondan á realidade da agricultura e gandería galegas, de xeito particular os que favorezan a extensificación da gandería e a recuperación dos sistemas agroforestais. Os ecoesquemas propostos polo MAPA deberán adaptarse ás características da agricultura e gandería galegas, introducindo de forma transversal as seguintes características:
- Aplicar en todos os ecoesquemas nos que sexa pertinente un complemento vinculado á prevención de incendios.
 - Estender o complemento previsto para as superficies en Rede Natura ás zonas con limitacións naturais.
 - Introducir en todos eles unha modulación da axuda por estratos de tamaño”.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/06/2021 13:22:25

María Elena Candia López na data 14/06/2021 13:22:46

José Antonio Armada Pérez na data 14/06/2021 13:23:04

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/06/2021 13:23:21

Raquel Arias Rodríguez na data 14/06/2021 13:23:32

Ramón Carballo Páez na data 14/06/2021 13:24:08

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/06/2021 13:24:27

Daniel Vega Pérez na data 14/06/2021 13:24:36

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/06/2021 13:24:57

Paula Prado del Río na data 14/06/2021 13:25:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Borja Vereza Fraiz na data 14/06/2021 13:25:31

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/06/2021 13:25:50

Ovidio Rodeiro Tato na data 14/06/2021 13:26:09

Cristina Sanz Arias na data 14/06/2021 13:26:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/06/2021 13:26:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ao peche de camas hospitalarias e baixada na actividade de quirófanos, probas diagnóstica e consultas durante os meses de verán.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes diante do peche de camas hospitalarias e a baixada na actividade de quirófanos, probas diagnóstica e consultas durante os meses de verán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos ás portas do verán e asistimos de novo ao anuncio do peche de camas por parte do Sergas, é unha constante que ano tras ano se repite pola decidida vontade do Partido Popular de seguir recortando a sanidade pública.

Vemos polo tanto como a Xunta persiste na súa política de redución da actividade nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza a pesares das listas de espera que se viron enormemente incrementadas pola paralización ou ralentización da actividade durante a pandemia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O peche de camas, ter os quirófanos baixo mínimos, a diminución de consultas e de probas diagnósticas ten moi graves consecuencias no eido asistencial. Esta decisión significa unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias tanto hospitalarias como nos PACS.

A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados e aumento das xa avultadas listas de espera.

O sistema sanitario público galego ten un número moi deficiente de camas hospitalarias. Galiza ten 3.14 camas por cada 1000 habitantes. Estamos á cola do Estado en número de camas hospitalarias, e por suposto moi lonxe do que establece a Organización Mundial da Saúde, entre 8 e 10 por cada mil habitantes. Nos 10 anos de Goberno do PP perdéronse máis do 7%, 449.

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

Un país coas listas de espera brutais como as que hai no Sergas, e máis cos efectos demoledores da pandemia na falta de atención, non pode permitirse o luxo de estar baixo mínimos durante todo o verán.

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Pechar camas, ter baixo mínimos quirófanos, equipos de diagnóstico e persoal non é inocuo, ten contraindicacións e efectos secundarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O período do verán, que en xeral supón menos presión de determinadas patoloxías, podería ser unha oportunidade para incrementar o número de cirurxías e probas diagnósticas para acortar as listas de espera que padecemos, tanto a histórica que arrastramos como a ocasionada pola diminución de actividade durante a pandemia.

Resulta sorprendente que ano tras ano se paralice a actividade durante o verán nos hospitais públicos mentres nos hospitais privados non se produce ese peche de recursos.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Non pechar unidades de hospitalización durante o verán, e a realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao peche de camas, diminución de actividade nos quirófanos e probas diagnósticas nos centros hospitalarios do Sergas.

-Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos, probas diagnósticas...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, sen ser usados nos centros públicos.

-Facer públicas de inmediato as listas de espera globais (tanto as priorizadas, como as non estruturais que están nos buzóns) de intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas e consultas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Presentar no Parlamento galego a estratexia para rebaixar as listas de espera, especialmente aumentadas coa pandemia pola Covid 19.

-Presentar no Parlamento galego, o informe en base ao cal a Consellería de Sanidade fai a planificación da atención sanitaria no verán (listas de espera, persoal dispoñíbel para ser contratado, repercusión nas listas de espera do parón dos catro meses...).

-Presentar no Parlamento galego, a menor brevidade, un informe coas contratacións realizadas nos centros hospitalarios para substituír ao persoal nas catro meses de verán, desagregadas por centro, mes ou quincena, e por categorías profesionais.

-Presentar no Parlamento galego, no prazo dun mes, un informe coas derivacións realizadas polo Sergas á centros privados nos últimos cinco anos, desagregadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2021 17:00:02

Iria Carreira Pazos na data 14/06/2021 17:00:10

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2021 17:00:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a ampliación da rede de Puntos de Encontro Familiar e a actualización da normativa que os regula especialmente nos casos de violencia machista.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie ao respecto coa maior celeridade tendo en conta que se trata dunha medida que afecta aos dereitos da infancia.

Exposición de motivos

En Galiza existe na actualidade unha rede de Puntos de Encontro Familiar (PEF) conformada por sete centros situados nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Compostela). Un número claramente insuficiente porque deixa sen servizo de proximidade a moitas comarcas do país obrigando as persoas usuarias dos mesmos, especialmente crianzas, a percorrer máis de cen quilómetros nalgúns casos para acceder a el.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente a Xunta de Galiza licitou a construción dun novo Punto de Encontro Familiar no Concello de Ribeira que dará servizo á comarca da Barbanza. Porén, sendo un avance, o certo é que resulta imprescindible ir máis alá e garantir este servizo noutras comarcas.

De acordo coa normativa que os regula, nomeadamente o Decreto 94/2014, do 3 de xullo os Puntos de Encontro Familiar son un “servizo que facilita, preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procura a seguridade e o benestar das e dos menores, favorece a relación coas súas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas”

Neste senso, “os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflictivo”.

Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo esencial para o conxunto da poboación mais xogan un papel aínda máis relevante nos casos de violencia machista polo que é urxente revisar os procedementos de intervención e os protocolos que rexen nos centros para garantir a máxima protección das crianzas e das nais que se atopen ou poidan atopar nesta situación.

A violencia vicaria é unha forma máis de violencia machista. O Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego preocupado por esta cuestión impulsou unha proposición de lei encamiñada ao recoñecemento legal deste tipo de violencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exercida contra as mulleres a través das súas fillas/os e outras persoas próximas, porén, á par que se modifica o marco legislativo é necesario impulsar tamén outras medidas que permitan actuar na prevención, detección e intervención nestes casos.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Ampliar a rede de Puntos de Encontro Familiar (PEF) a través do impulso de novos centros públicos nas comarcas de:

- A Mariña
- Terra de Lemos
- Valdeorras
- Verín
- O Morrazo
- O Salnés
- A Costa da Morte

2. Elaborar un protocolo que permita a valoración de risco nos Puntos de Encontro Familiar fronte situacións de violencia machista así como deseñar canles de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunicación e colaboración inter-institucionais que garantan a protección das e dos menores e das súas nais.

3. Introducir as modificacións regulamentarias oportunas para unificar e harmonizar os criterios de intervención nos Puntos de Encontro Familiar así como introducir os mecanismos necesarios de seguimento e avaliación que garantan unha atención acorde ás necesidades das familias e, especialmente, das crianzas e mulleres en situación de violencia machista.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do GP do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 14/06/2021 18:07:05

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2021 18:07:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2021 18:07:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a restitución do Castro Cociñadoiro (Arteixo-A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2004, a Autoridade Portuaria da Coruña convocou o concurso para a adxudicación das obras de construción das Novas Instalacións Portuarias en Punta Langosteira.

En xaneiro de 2005 iniciouse a escavación do castro. Coa chegada do verán de 2005, máis concretamente o 7 de xullo, o proceso estaba concluído e o 100% do sitio arqueolóxico estaba á vista ou liberalizada a zona do castro de Punta de Muros como consta na páxina web do porto exterior de Arteixo-A Coruña.

O xacemento do castro de Cociñadoiro ou Punta de Muros (Arteixo, A Coruña), localizado nun punto estratéxico, xusto antes da chegada ao golfo Ártabro desde o sur, hoxe en día atópase destruído como consecuencia da construción do complexo portuario de Punta Lagosteira.

Trátase dun caso excepcional, tanto pola súa función como pola súa cronoloxía, ao contar cunha datación que nos permite situalo como un dos castros máis antigos do noroeste peninsular. A súa fase de construción estímase na transición do século X ao IX





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a.C., aínda que o seu momento de máxima ocupación e actividade non se desenvolvería até os séculos VIII e VII a.C., permanecendo activo até o seu primeiro abandono no paso da Primeira á Segunda Idade de Ferro.

A Autoridade Portuaria organizaba visitas guiadas ás obras do Porto Exterior da Coruña durante varios anos para amosarlle aos cidadáns o proxecto mais nunca as organizaron durante a escavación do castro. A escavación levouse a cabo con sumo ocultismo, pois, durante todo o proceso, non se comunicou nada á comunidade local, nin á científica nin aos medios, sobre o que alí se atopou. Todo se mantivo en silencio, malia coñecerse perfectamente a relevancia do espazo.

Os responsables da Autoridade Portuaria, canda a Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura, tomaron a decisión de facer desaparecer o xacemento, de costas aos cidadáns, lexítimos propietarios e financiadores da escavación do sitio arqueolóxico, tanto da comunidade local de Arteixo como do resto do país.

Uns anos máis tarde, en 2009, e nos límites expropiados polo Porto Exterior a 200 metros do castro de Rañobre, sacaron á luz unha zona de 30 metros lineais que parecía corresponderse cunhas construcións funerarias de época tardorromana.

A veciñanza, e máis en concreto a asociación de veciños de Rañobre, arrincaron o compromiso da Autoridade Portuaria de analizar exhaustivamente os restos atopados e estudar as liñas a seguir para a súa conservación, recuperando os seus achados, valorando a súa exposición igual que se faría co Castro Cociñadoiro, promesas incumpridas até hoxe pola Autoridade Portuaria e por Fomento co pobo de Arteixo e Galiza.

Moitas son as dúbidas e a falta de coñecemento que hai sobre estas tumbas tardorromanas atopadas no entorno do Porto Exterior de Arteixo-A Coruña. A



ocultación por parte da administración do Estado segue a ser a única certeza que podemos saber.

Estatutariamente, Galiza asume como tarefa principal, a través das súas institucións democráticas, a defensa da súa identidade, e os poderes públicos galegos están na obriga de remover os obstáculos que dificulten a participación dos individuos e dos grupos na vida cultural galega.

Neste marco, o Estatuto de Autonomía de Galiza asumiu, no seu artigo 27.18, a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese do noso país.

Recolle a Lei de patrimonio cultural de Galiza unha serie de disposicións xerais que definen o patrimonio cultural desde unha perspectiva ligada ao seu uso e disfrute pola cidadanía, concibíndoo como un instrumento de cohesión social e desenvolvemento sostible que dá soporte, como elemento integrador, á identidade do noso pobo.

Establece ademais o ámbito de competencias, como xa vimos, e o réxime de colaboración interadministrativa, fomentando a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e promoción do patrimonio cultural de galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza demandar do goberno do Estado o cumprimento do compromiso de construción do Centro de Interpretación do Castro Cociñadoiro de Arteixo (A Coruña) para aloxar os materiais arqueolóxicos aparecidos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no xacemento durante as obras do porto exterior de Punta Langosteira e que xa debera estar construído en 2012.”

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/06/2021 10:21:20

Daniel Castro García na data 04/06/2021 10:21:32

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/06/2021 10:21:43



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A pandemia elevou a conexión a Internet á categoría de servizo básico, así como a electricidade, e accións tan cotiás como o teletraballo ou facer unha videochamada son unha odisea nunha boa parte das zonas rurais da nosa comunidade.

Uns 10.000 veciños das parroquias de Gondomar sofren un servizo precario, cun máximo de 3 megabytes de velocidade, por iso os socialistas demandamos un acceso digno á rede en todo o territorio municipal. A razón é o atraso no despregue de fibra óptica nas parroquias, que aínda está atascado dous anos despois do seu inicio.

Orange, R e Vodafone cobren o centro urbano e áreas específicas de Morgadáns e Vincios. Pero o principal tronco de alimentación da rede rural que Movistar se encarga de estender –tras recibir 100 millóns de euros da Xunta e a banda ancha do Estado prevé chegar a poboacións de menos de 300 habitantes– chegará desde A Ramallosa e nese punto aínda está bloqueado. A falta de acordo entre a empresa e os propietarios para colocar os postes e o cableado, fan que continúe o retraso na conectividade das parroquias de Gondomar.

A situación deixa á práctica totalidade dos residentes desta vila con conexións precarias, xa que a máis de 3,5 quilómetros do centro urbano é practicamente imposible conectarse a internet.

As persoas usuarias das parroquias de Borreiros, Donas, Mañufe, Peitieiros, Couso, Morgadáns, Chaín e Vilaza optan por alternativas como routers 4G, radio ou satélite, que ofrecen conexións residuais saturadas



O problema agrávase en zonas remotas ás que nin sequera chegou o ADSL. Os veciños usan sistemas de radio ou satélite que apenas chegan a 1 megabyte e imposibilitan sequera enviar un correo electrónico.

O Grupo Parlamentario Socialista cualifica este atraso de intolerable. Por iso, esiximos á Xunta de Galicia que controle o cumprimento dos contratos que adxudica ás operadoras encargadas do acceso á conectividade.

A Plataforma Gondomar Fibra Xa! presentou o día 27 de maio ante a Delegación da Xunta de Galicia en Vigo as 1.610 sinaturas recollidas no municipio para esixir ás administracións que fagan cumprir os compromisos de execución dun servizo de internet de calidade que permita desenvolver no municipio de Gondomar as condicións doutras áreas e que obriguen ás empresas a cumprir o establecido no contrato.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, concretamente á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a:

1. Controlar os contratos de despregue de fibra óptica que adxudica ás operadoras que cobren os concellos de toda Galicia.
2. Controlar os contratos de despregue de fibra óptica que adxudica ás operadoras que cobren o Concello de Gondomar.

Pazo do Parlamento, 4 de xuño de 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/06/2021 11:47:35

Martín Seco García na data 04/06/2021 11:47:41

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/06/2021 11:47:51



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

Cada vez que se producen incendios o Partido Popular e o Goberno galego volven a incidir no de sempre en criminalizar á cidadanía falando dos moitos pirómanos e incendiarios que ao seu entender proliferan libremente polos montes de Galicia, igual que fixeron tantas veces cando as cousas se volvían en contra apelando a un suposto terrorismo incendiario, argumento que foi desmontado dun xeito contundente e repetidas veces pola Fiscalía de Galicia.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema de orde pública, aínda que ben sabemos que é preciso manter os esforzos neste eido e na persecución do delito. O problema dos incendios en Galicia é o abandono absoluto no que está o territorio, deste mundo rural desmantelado que o Partido Popular e o Goberno galego decidiu esquecer e seguen a facer logo de gobernar a Xunta de Galicia durante a maior parte da súa existencia.

O problema dos incendios en Galicia son ese medio millón de hectáreas aptas para aproveitar sostiblemente de forma multifuncional, que na actualidade non son produtivas. O que desgraciadamente acontece e que arden todos os anos, o problema é a falla de relevo poboacional e eses dez mil galegos e galegas que abandonan de media o seu país todos os anos.

Esa é realmente a causa dos lumes en Galicia, e por iso temos aquí, en tan só un 6 % do territorio español, preto do 30 % de todos os incendios e grandes incendios que se producen en España, e por iso a cuarta parte da superficie que ardeu o ano pasado en España ardeu na provincia de Ourense, que representa unicamente o 1,4 % da superficie total do Estado; e por iso 8 dos 17 grandes incendios que houbo no 2020 ocorreron en Ourense; e por iso o lume que arrasou unha vez máis o Parque Natural do Xurés foi o terceiro máis grande de España.

É necesario, por unha banda, consolidar e mellorar a eficacia do dispositivo contra incendios forestais. Temos que darlle apoio material, pero en tal caso



debería atender o Goberno galego ás achegas que se fixeron no Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, a resultas da vaga de lumes que sufriu en Galicia en Outubro do 2017.

E por esa mesma razón a Xunta de Galicia debería atender as conclusións e recomendacións que con motivo do anterior ditame fixo o grupo de expertos en incendios forestais, e que recolleron nun documento que foi entregado no Parlamento no verán do 2019.

É obvio que moitas das melloras que propoñían aínda non foron implementadas nin asumidas polo Goberno galego, todo reduciuse a creación dunha Dirección Xeral, no que non se tratou dun reparto axeitado dos medios de loita existentes na Comunidade Autónoma conforme a situación actual, nin se analizou por parte da Administración dos reforzos que sexan necesarios e a súa distribución territorial, se axuste verdadeiramente á incidencia dos lumes nesas comarcas e distritos, e aos poucos alentadores escenarios que nos augura o cambio climático.

No documento xeral elaborado polo grupo de traballo presentáronse varias táboas sobre a distribución ideal das brigadas, tanto en canto ao seu número como ao seu despregue territorial e temporal. A tal fin elaborouse un modelo mediante a aplicación dun algoritmo, en función da superficie de cada distrito e da incidencia dos lumes (número de incendios e superficies afectadas), empregando para isto o histórico dos lumes dos últimos dez anos.

Nas táboas presentadas evidénciase claramente unha forte distorsión ou descompensación no reparto actual das brigadas respecto do modelo proposto, uns desaxustes que debería ter en conta a Consellería do Medio Rural á hora de definir e distribuír o operativo.

Así por exemplo, na provincia de Ourense, e malia presentar o 41 % dos lumes e o 59 % da superficie total queimada en Galicia nos últimos 10 anos, o reparto de brigadas proposto pola Xunta de Galicia atribúelle a esta provincia unicamente o 30 % das brigadas existentes, porén, e segundo o modelo, debería corresponderlle o 43 %, e a esta provincia xunto coa de Pontevedra os dous terzos das brigadas, cun incremento porcentual similar ao anterior.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que de conformidade co disposto no Documento de respostas ás cuestións recollidas no Ditame da Comisión parlamentaria sobre incendios forestais, punto 2, se proceda ao reparto dos medios de loita existentes na Comunidade Autónoma, os reforzos que sexan necesarios e a súa distribución territorial, axustándose verdadeiramente á incidencia dos lumes nesas comarcas e distritos, e aos poucos alentadores escenarios que nos augura cambio climático, tal como recomendou o grupo de expertos.

Pazo do Parlamento, 4 de xuño do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/06/2021 12:47:43

Martín Seco García na data 04/06/2021 12:47:51

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/06/2021 12:48:00



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación da Atención Primaria vén sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos. A pandemia provocada pola COVID sinalou, especificamente, a relevancia da primaria no conxunto do sistema sanitario, evidenciado na necesidade de que fosen os profesionais deste nivel asistencial os que afrontasen un volume de demanda moi elevado por parte da cidadanía.

Lonxe de ser resoltos os problemas enquistados dende hai anos na Atención Primaria (falta de profesionais, organización dos centros, presenza da primaria nos órganos de dirección, coordinación entre a dirección do sistema sanitaria e profesionais...), a pandemia intensificou estes problemas e fíxoos de necesaria e urxente resolución. Medidas como o inicio dun estudo serolóxico autonómico, sen consultar nin coordinar cos profesionais de primaria e existindo un estudo realizado xa polo Goberno de España, antes de dotar de medios de protección aos propios profesionais ou a negativa a realizar contratacións extraordinarias necesarias para dotar ao sistema de primaria dos medios axeitados puxeron de manifesto que, a pesares de todo, non existen avances para a mellora deste nivel asistencial.

Non en tanto as políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de



prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

A pesar diso, nos últimos 10 anos Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo. Os últimos anos, a partir da chegada do goberno de Pedro Sánchez, foron concedidas a Galicia o maior número de prazas MIR da historia, tamén no específico de medicina de familia e pediatría.

Ante este problema a Dirección do Sergas vén de ofrecer uns acordos de xestión que marcan obxectivos moi discutidos polos profesionais, e que perpetúan a tendencia de encamiñar ao sistema de primaria a funcionar como procesadores de pacientes e non a traballar de maneira real na implantación dun verdadeiro sistema comunitario e con atención de proximidade.

As solucións laborais que o goberno da Xunta de Galicia vai debullando e soltando como globos-sonda encamiñan tamén a situación á evidencia de non comprender a realidade que se vive nos centros de saúde, como a idea proposta por Núñez Feijoo sobre a creación de profesionais nos centros de saúde dedicados só ás urxencias (o que alteraría o sistema estable de hai moito tempo coordinado cos PAC e a súa función de atención a urxencias).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dialogar cos representantes dos traballadores/as do Sergas e os colectivos representativos de profesionais de Atención Primaria para afrontar as posibles modificacións estruturais do sistema, en especial no que ten que ver coa implantación dunha posible figura do profesional facultativo de atención ás urxencias médicos nas quendas de mañá nos centros de saúde rompendo o esquema previo de coordinación Centro de Saúde – PAC.

Pazo do Parlamento, 7 de xuño do 2021





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/06/2021 08:11:23

Marina Ortega Otero na data 07/06/2021 08:11:29

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/06/2021 08:11:39





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1928 e 1939 as concesionarias mineiras das Minas “San Finx”, en Lousame, construíron sobre a canle do río San Fins dúas presas de decantación de lodos mineiros, seguindo o método de ‘presas de colas fluviais’ (riverine tailings), habituais nas minas coloniais británicas da primeira metade do século pasado. Adquirida a mina polo Banco Pastor en 1940, as presas de residuos mineiros continuaron sendo utilizadas pola explotación, como evidencian os plans anuais de labores presentados ata o ano 2000, no que a explotación se abandona por completo e se deixa de presentar estes documentos preceptivos. A falla dunha das comportas da presa maior, de 14 metros de altura e 50 de lonxitude, causou o que na altura se deu en chamar a “catástrofe de 1960”.

En 1940 o enxeñeiro de minas Manuel Peón Martínez publica unha “Memoria descriptiva de la explotación de las minas de estaño y wolfram de San Finx” que describe as presas de residuos mineiros do seguinte xeito no apartado denominado “sistema de clarificación”:

“La clarificación de las aguas turbias procedentes del lavado de mineral, se efectúa por el procedimiento de decantación. En los años 1.924 y 1925 se construyeron tres estanques de decantación para recoger la grava y arena estériles del lavado, que





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lleva las aguas en suspensión al objeto de que estas aguas vertiesen en el río debidamente clarificadas. Más tarde, en 1.928, se construye un muro-presa de 4 metros de altura, cerrando transversalmente una cañada y constituyendo un envalse [sic] de 4,200 metros cúbicos de capacidad, como complemento del sistema de clarificación y es donde se decantan las arenas que no fueron retenidas en los depósitos anteriores.

Con el fin de completar éste sistema de clarificación, se proyectó y construyó últimamente, en 1939 otro depósito de decantación de aguas, aprovechando una garganta natural del terreno y formando con azud una presa en la que las aguas sufren una suficiente pérdida de velocidad y la decantación se lleva a cabo con los resultados convenientes, que son los de que las aguas sean utilizadas en los diversos usos públicos. El volumen del embalse es de 8.400 metros cúbicos. Este depósito recoge las arenas y lodos —sobre todo estos últimos— que escapan de los anteriores estanques de decantación, con lo cual y en virtud del respetable volumen de dicha balsa, las aguas, al quedar casi en reposo, permiten favorablemente la acción sedimentaria de los materiales en suspensión en un gran recorrido y durante el tiempo suficiente para conseguir la clarificación, ya que siendo el volumen de aguas a clarificar de 34 metros cúbicos hora, se tarda unos 10 días en llenar el embalse (...) Será preciso hacer la limpieza cada cuatro años y de esa forma conseguimos la total captación de las arenas e impurezas de las aguas dejando éstas en buenas condiciones para el uso público.”

O “muro-presa” construído en 1928 é o que, en documentación posterior incluída no expediente do Grupo Mineiro San Finx, se denomina como “presa n.º 1” ou “presa menor”; mentres que o construído en 1939 é o que se ven denominando “presa n.º 2” ou “presa maior”.

Nos anos 80, e para evitar o paso de augas e area contaminadas, taponáronse as comportas da presa. Así se detallaba no Plan Anual de Labores para o ano 1983, no que





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se inclúe un “Informe del Director Facultativo” no que este manifesta que: *“Se ha cerrado la compuerta que existía en una presa en el río y que origina un gran embalse para decantación de partículas en suspensión procedentes de nuestro lavadero y que ocasionaban algún daño a la agricultura ribereña aguas abajo”*.

Poucos anos máis tarde, o estado de deterioro destas instalacións de residuos mineiros fan que se abran Dilixencias de Investigación Penal 851/88 e Procedemento Abreviado 43/1992 sobre Delito Ecolóxico nos Xulgados de Noia. Xa nun informe de 1988 da 611ª da Comandancia da Garda Civil constátase como: *“Aun cuando es cierto que durante el tiempo que el agua permanece en el embalse puede producirse la decantación de las materias que transporta en suspensión, es opinión de los informantes que el agua cuando sale del mismo lo hace todavía contaminada (...)”*. Nas mesmas dilixencias figura un informe asinado en 12 de setembro de 1991 polo enxeñeiro da Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes D. Ramón Giménez de Azcárate que indica: *“En su día se construyó una presa en el cauce del río con el fin, entre otros, de favorecer la decantación de las partículas sólidas provenientes de los arrastres en su vaso y evitar el enturbiamiento de las aguas. Actualmente, dicha presa se encuentra colmatada con lo que se anula su capacidad de depuración.”*

Esta presa e outra máis pequena situada augas arriba aparecen no apartado “Balsas y presas de residuos” dos Plans de Labores para os anos 1996, 1997, 1998, 1999 e 2000. Precisamente no Plan de Labores de 1997 aparecen reflectidos os traballos realizados para retirar parte dos residuos acumulados na presa menor (ou presa n.º 1). As instalacións de residuos mineiros volven a aparecer no “Inventario, Reconocimiento y Evaluación de Riesgos de balsas mineras y escombreras de la Comunidad Autónoma Gallega” de 1999, que inclúe un “Inventario de Balsas y Escombreras de la Comunidad Autónoma de Galicia”. A pesar destes antecedentes, cando en 2009 a Dirección Xeral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Enerxía e Minas aproba un novo proxecto de explotación e plan de restauración para a mina, estas instalacións son deixadas fóra do ámbito da explotación, pretendendo eximir ilegalmente á empresa concesionaria das súas responsabilidades sobre as mesmas.

En marzo de 2017, a nova empresa concesionaria, Tungsten San Finx S.L., filial do Grupo Sacyr, recoñeceu que as presas presentan un importante grado de deterioro, aínda que poucos meses antes dicía que estaban en bo estado. A falla crítica destas instalacións de residuos mineiros implicaría liberar ao medio unha cantidade moi importante de substancias perigosas, que poderían forzar o peche dos bancos marisqueiros da ría de Muros-Noia durante anos. Así o confirma un informe sobre as presas de residuos mineiros elaborado por Augas en Galicia en 2017, que indicaba que a máis grande das presas, que protagonizara o trágico incidente da “catástrofe de 1960”, ano no que rebentaron as súas comportas inundando toda a veiga augas abaixo, *“encóntrase practicamente colmatado, e ao estar situado augas abaixo e ter unha maior altura, o arrastre dos materiais podería producir un importante impacto ambiental coa eventual rotura da presa”*. Todo o anterior supón unha evidente vulneración da normativa en materia de xestión de residuos mineiros.

En 2019 o hidrólogo experto en presas de residuos mineiros Steven H. Emerman alertaba sobre os signos dun proceso de licuefacción interna que presenta a maior das presas, no que as partículas dos líquidos que retén a presa comezan a substituír as partículas sólidas da estrutura de formigón, visíbeis a modo de filtracións tinxidas pola presenza de metais pesados. Nunha visita efectuada este mesmo mes púidose comprobar como o tabique que contén a comporta inferior da presa presenta signos de falla, xerando un caudal continuo. O colapso das comportas ou da propia presa causaría unha importante contaminación considerando o volume de lodos almacenados.



Esta situación pon de manifesto o enorme risco que representa a inacción na restauración desta zona, polo que cómpre levar a cabo canto antes as accións pertinentes para proceder á restauración do espazo natural afectado pola actividade mineira, de modo a non repetir a “catástrofe de 1960” co colapso dunha das comportas. A rotura da presa, a 5 km da ría de Noia, suporía o peor dos escenarios e podería producir un impacto ambiental moito maior, como constata Augas de Galicia. Non caben, polo tanto, máis escusas, para que a administración non tome cartas no asunto.

Tras diversas denuncias e a apertura dun “Expediente de averiguación da titularidade das presas” por parte de Augas de Galicia, que concluíu que se trata de presas de residuos mineiros, diversos funcionarios e autoridades da Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais emitiron informes e documentos públicos entre 2017 e 2019 afirmando que as presas serían “irrefutablemente”, nun primeiro lugar, de carácter hidroeléctrico, e máis tarde, de servizo para un pequeno muíño de millo. Así, contra toda lóxica ou criterio racional á vista dos numerosos antecedentes administrativos, históricos e xudiciais que evidencia a natureza de instalacións de residuos mineiros destas presas, en 18/02/2020 ordénaselle mediante orde verbal a unha enxeñeira técnica de minas do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña realizar un informe no que se afirma: *“puede concluirse que probablemente el conjunto se trata de algún tipo de aprovechamiento HIDRÁULICO, tanto por la disposición (distancias y diferencias de cota) como por la tipología de los diferentes elementos descritos”*, en referencia a un pequeno muíño fariñeiro.

Todo o anterior dáse ademais en ausencia dunha avaliación de impacto ambiental da actividade mineira, que resulta necesario á vista do informe de 04/03/2020 da funcionaria enxeñeira de minas con funcións facultativas responsable da supervisión do Grupo Mineiro San Finx no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura territorial da Coruña, no que se indica:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Polo tempo transcorrido e os labores realizados, entendo que o proxecto aprobado xa está superado e que para continuar coa explotación nos niveis inferiores, dadas as características, a envergadura, a natureza e as repercusións da actividade (susceptible de xerar augas ácidas e liberar ións metálicos que poden afectar ao medio natural), non é suficiente aprobar os sucesivos traballos de explotación a través dos plans de labores anuais, pois a dita aprobación carecería de validez segundo o artigo 9 da Lei 21/2013. É polo que, para continuar coa actividade, é necesario que se teña aprobado un proxecto de explotación completo, avaliado ambientalmente e con todas as autorizacións necesarias para a súa efectiva execución.”

Concluindo coa recomendación á Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais para que: *“Ordene suspender temporalmente a actividade polo prazo dun ano para os efectos de regularizar esta explotación, requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo cunha boa calidade técnica, ao que se xunte a solicitude de inicio da tramitación da avaliación de impacto ambiental (ou, no seu caso, achegando o informe do órgano ambiental da súa non necesidade), así como os outros requisitos esixidos pola Lei 3/2008 na maneira nela establecida, incluíndo a revisión do plan de restauración conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.”*

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Exixir, en cumprimento da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, á concesionaria mineira a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais e que, no caso de omisión, retardo, resistencia ou obstrución, iniciar subsidiariamente a execución destas medidas con cargo ao patrimonio de Tungsten San Finx S.L., dos seus administradores, propietarios, xerentes, director facultativo e demais responsables subsidiarios.

2. Dar cumprimento ao programa de intervencións propostas por Augas de Galicia no seu informe sobre a titularidade das presas de residuos mineiros, en particular procedendo á retirada dos residuos mineiros acumulados nas dúas presas de residuos así como á restauración ambiental do leito degradado e a demolición das presas.

3. Suspende temporalmente a actividade do Grupo Mineiro San Finx para os efectos de regularizar esta explotación, requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo cunha boa calidade técnica, ao que se xunte a solicitude de inicio da tramitación da avaliación de impacto ambiental así como os outros requisitos esixidos pola Lei 3/2008, de ordenación da minería de Galiza, na maneira nela establecida, incluíndo a revisión do plan de restauración conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, todo iso atendendo ao informe do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura territorial da Coruña de 04/03/2020.”

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2021





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 07/06/2021 09:51:56

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2021 09:52:07



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia reforzou este ano a súa aposta polos programas de voluntariado, tempo libre e educación non formal que teñen todos eles un impacto directo sobre a formación en valores da mocidade galega. Con este obxectivo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado consolida un presuposto de 17,6 millóns de euros.

Varias iniciativas dirixidas á mocidade neste contexto de pandemia, como unha programación de lecer educativo e a ampliación do Plan de formación online para mocidade e voluntariado.

O pasado mes de decembro de 2020 a conselleira de Política Social presentou as novidades do Carné Xove:



- A primeira delas é que o Carné Xove será gratuito, indefinido e accesible ao 100% das mozas e mozos galegos de entre 12 e 30 anos. Isto é arredor de 400.000 persoas. De feito, xa está chegando aos fogares galegos e nos vindeiros meses completárase o envío ao 100% da mocidade da Comunidade.
- En segundo lugar, poñeráse en marcha unha aplicación móbil que permitirá ter acceso a descontos e promocións xeolocalizados;
- E en terceiro lugar, a Consellería de Política Social asinou un convenio de colaboración coa Federación de Jóvenes Empresarios para impulsar o comercio local, que permitirá que os usuarios do Carné Xove poidan ter acceso a descontos nas empresas adheridas.

Con estas vantaxes, o Goberno galego busca facer o Carné Xove máis accesible, adaptado aos novos tempos e eliminar atrancos para a súa obtención.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“ O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar incorporando máis vantaxes ao Carné Xove para seguir promovendo entre as novas xeracións descontos no ámbito cultural, no aloxamento, nos transportes, no comercio ou no ensino”.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/06/2021 10:31:17

José Alberto Pazos Couñago na data 07/06/2021 10:31:45

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/06/2021 10:31:56

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/06/2021 10:32:14

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 07/06/2021 10:32:31

Noelia Pérez López na data 07/06/2021 10:32:42

María Corina Porro Martínez na data 07/06/2021 10:32:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Elena Suárez Sarmiento na data 07/06/2021 10:33:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4^a.

O concello coruñés de Val do Dubra posúe dous centros educativos públicos, o CPI de Bembibre e o CEIP Plurilingüe Xacinto Amigo Lera, o primeiro emprazado na vila que leva o seu nome e o segundo en Portomouro.

Ambos os dous centros presentan deficiencias provocadas polo desgaste lóxico da súa actividade ao longo dos anos, para o que son precisas obras de mellora nas súas instalacións que transcenden as accións de mantemento que o Concello ten encomendadas.

Recentemente, a Xunta de Galicia anunciou que o colexio de Bembibre se incluíría no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica de Galicia, con proxectos para mellorar a eficiencia enerxética dos edificios e eliminar o fibrocemento, mais parece non ter nada previsto para o CEIP Xacinto Amigo Lera, que ten deficiencias moi semellantes.

En concreto, o centro de Portomouro presenta un serio problema de humidades, con goteiras en aulas, ximnasio e patio, unha situación que se ve agravada pola antigüidade das fiestras e persianas. A esas accións de mellora da eficiencia enerxética debería sumarse tamén una actuación de reforma integral dos baños, que se atopan nun estado moi deficiente.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar obras de eficiencia enerxética e mellora de espazos no CEIP Plurilingüe Xacinto Amigo Lera, no concello de Val do Dubra.

Pazo do Parlamento, 4 de xuño de 2021





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 04/06/2021 13:56:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/06/2021 13:56:39

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/06/2021 13:56:55



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de Motivos:

Os fondos de recuperación Next Generation que a Unión Europea pon á disposición dos países membros para contrarrestar os efectos negativos provocados pola covid-19 son unha oportunidade única para promover a recuperación e impulsar a economía nun contexto de crise xeneralizada.

Este paquete de estímulo sen precedentes na historia da Unión Europea contribuirá a mitigar o impacto económico e social da pandemia sanitaria e contribuír a que as economías e sociedades europeas sexan máis sostibles e resilientes e estean mellor preparadas para os retos e as oportunidades das transicións ecolóxica e dixital.

Pero o que se concibe como unha oportunidade pode converterse en España nunha fonte de agravios comparativos e discriminación a tenor da ausencia de claridade e transparencia sobre os criterios que o Goberno central está a empregar para a selección e inclusión de proxectos que optan a financiarse con estes fondos no eido, por exemplo, da mobilidade e do transporte. Os criterios sobre o reparto destes fondos non só non son claros, senón que parecen guiarse pola arbitrariedade máis que polo interese xeral. Ademais, parecen centrarse nas grandes poboacións na vez de atender ás necesidades da zona rural.

Polo exposto, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario presentar esta proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a demandar do Goberno español que concrete os criterios de selección e reparto que está a aplicar para proceder á selección dos proxectos que serán financiados con cargo aos fondos europeos de



recuperación Next Generation no ámbito da mobilidade sostible, a dixitalización do transporte e as comunicacións”.

Santiago de Compostela, 7 de xuño 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/06/2021 11:25:50

Diego Calvo Pouso na data 07/06/2021 11:26:04

Carmen María Pomar Tojo na data 07/06/2021 11:26:18

Ramón Carballo Páez na data 07/06/2021 11:28:40

José Manuel Balseiro Orol na data 07/06/2021 11:29:00

María Sol Díaz Mouteira na data 07/06/2021 11:29:12

Marta Nóvoa Iglesias na data 07/06/2021 11:29:34

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/06/2021 11:29:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Galicia é un referente a nivel eólico. Na actualidade, na nosa Comunidade hai 180 parques en funcionamento que suman unha potencia instalada próxima aos 4.000MW, coa previsión de desenvolver 450MW ao ano ata 2030. Neste sentido, o sector eólico resulta estratéxico dentro da aposta galega polas enerxías renovables e a transición ecolóxica, ademais dunha oportunidade para crear emprego e xerar riqueza.

De feito, segundo datos da Asociación Eólica de Galicia, a enerxía eólica representa a principal fonte de xeración eléctrica no territorio galego, achegando o 35% do noso mix enerxético.

Ademais, esta actividade evita a emisión de 5,4 millóns de toneladas de CO₂ – contribuíndo ao obxectivo de neutralidade climática no 2050 – ao mesmo tempo que xera máis de 7.000 postos de traballos directos e indirectos e contribúe ao Produto Interior Bruto galego con máis de 580 millóns de euros.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Xunta de Galicia debe, polo tanto, seguir ofrecendo a súa máxima colaboración para que se aproveiten as oportunidades que xurdan neste ámbito, sempre e cando os proxectos que se presenten cumpran coas directrices fixadas tanto no eido medioambiental, como no eido sectorial e técnico, exercendo a máxima transparencia coa cidadanía e velando pola compatibilidade con outros sectores económicos.

Con este obxectivo, precisamente, Galicia conta cun plan sectorial eólico que define as Áreas de Desenvolvemento Eólico (ADE) onde poden colocarse aeroxeneradores, e a Lei 9/2021 de Simplificación Administrativa e de Apoio á Reactivación Económica aprobada fai uns meses no Parlamento de Galicia, reforza a prohibición de implantar parques fóra das áreas incluídas no Plan Sectorial Eólico, a excepción de proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social e posúan unha función vertebradora no territorio.

Con este instrumento normativo xa foron informados negativamente 36 proxectos que tramita o Goberno central na Comunidade, que suman unha potencia total de 2.693,8 MW.

Por outra banda, cómpre recordar que desde 2009 en Galicia non se permite a autorización de proxectos eólicos nos espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais para formar parte da Rede Natura 2000 (agás as repotenciacións), prohibición que foi referendada en 2014, coa aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000, sinalando expresamente como actividade prohibida a implantación de novos parques eólicos nestas zonas.

Polo tanto, a Xunta de Galicia ten solicitado que a información ambiental publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica no ámbito da zonificación ambiental para



enerxías renovables eólica e fotovoltaica sexa clara e que non induza a erro, pois na zona de sensibilidade máxima na que está incluída Rede Natura, infórmase aos promotores que os eólicos non están recomendados, cando os proxectos nestas áreas están prohibidos.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que:

1. Non proceda á tramitación e autorización dos proxectos eólicos da súa competencia que supoñan a implantación fora das áreas definidas polo plan Sectorial eólico vixente en Galicia, de acordo co regulado na Disposición final sexta da Lei 9/2021, de 25 de febreiro, tampouco daqueles que se atopen en Rede Natura, en virtude do establecido no artigo 31 da Lei 8/2009 e no artigo 60.3.d).2º) do Anexo II do Decreto 37/2014.
2. Proceda a modificar a información do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto demográfico coa fin de proporcionar información clara e veraz sobre a instalación de proxectos eólicos en diversas zonas protexidas avaladas pola lexislación ambiental e sectorial galega.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



3. Proceda a solicitar ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto demográfico á modificación do Real Decreto Lei 23/2020 do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, aos efectos de ampliar os prazos de tramitación dos proxectos eólicos para evitar a presión xerada polo Goberno co establecemento dunhas datas moi axustadas e prexuízos económicos importantes no caso de non cumprirse, o que está a provocar unha solicitude desmesurada de parques sen a suficiente información con grave impacto no desenvolvemento con garantías do traballo administrativo por parte dos órganos sectoriais e ambiental da Comunidade Autónoma”.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/06/2021 11:49:07

Marta Nóvoa Iglesias na data 07/06/2021 11:50:30

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/06/2021 11:50:45

Borja Vereá Fraiz na data 07/06/2021 11:51:02

José Antonio Armada Pérez na data 07/06/2021 11:51:23

Ovidio Rodeiro Tato na data 07/06/2021 11:51:41

Cristina Sanz Arias na data 07/06/2021 11:51:57

Sandra Vázquez Domínguez na data 07/06/2021 11:52:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos



daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introducción
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

- 3.1. Financiamento local.
 - 3.1.3. Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.
 - 3.1.4. Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño de 2020, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e se establece o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás. Estas medidas están contempladas dentro do punto 4.2 do dito plan:

- 4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais



- 4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento
- 4.2.3 Medidas sociais
- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas
- 4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, novamente todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X Lexislatura e comezo desta XI a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que teñen incrementado as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñen achegado o financiamento necesario para poder desenvolverlas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Enviar ao Parlamento galego, no segundo semestre do ano 2021, un proxecto de lei, consensado coa Fegamp, que regule a participación dos concellos nos ingresos da Comunidade autónoma de Galicia.

2ª) Acordar coa Fegamp, neste exercicio 2021, os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais que garantan a igualdade de acceso mediante convocatorias públicas ás que poidan concorrer todos os concellos galegos.





Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/06/2021 14:22:47

Pablo Arangüena Fernández na data 07/06/2021 14:23:05

Paloma Castro Rey na data 07/06/2021 14:23:24

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/06/2021 14:23:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O II Acordo Goberno-Sindicatos para a Mellora do Emprego Público e as Condicións de Traballo (BOE do 26.03.2018), aprobou un incremento retributivo para o persoal ao servizo do sector público para os anos 2018, 2019 e 2020, o cal, no que corresponde ao exercicio 2020, non se está aplicando aos traballadores e traballadoras que pertencen ás Autoridades Portuarias da Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo, de igual maneira que ao resto de traballadoras e traballadores do sector público portuario estatal.

Con data 15 de xuño de 2019, publicouse no BOE a Resolución do 13 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se rexistra e publica o III Convenio Colectivo de Portos do Estado e Autoridades Portuarias, o cal é de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2026. A pesar diso, as traballadoras e traballadores das Autoridades Portuarias de A Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo, do mesmo xeito que o resto do sistema público portuario estatal, tampouco percibiron, a día de hoxe, as porcentaxes adicionais de produtividade e de desenvolvemento correspondentes aos anos 2019, 2020 e 2021 que se derivan da aplicación do convenio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O motivo da falla de pagamentos aos traballadores e traballadoras é o incumprimento dos acordos mencionados, sendo responsábel a Comisión Interministerial de Retribucións (CECIR), órgano dependente do goberno do Estado. Este incumprimento impide así mesmo afrontar a negociación dos Acordos de Empresa das Autoridades Portuarias de A Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo no seu aspecto económico, tal e como establece o Texto Refundido da Lei de Portos e Mariña Mercante (artigo 48.3).

O incumprimento do acordado atenta de forma directa contra o dereito á negociación colectiva como instrumento básico para a mellora das condicións laborais, así como ao carácter vinculante dos acordos e convenios colectivos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a solicitar do goberno do Estado:

1. O respecto á negociación colectiva como instrumento básico para a regulación e mellora das condicións laborais no ámbito dos Portos do Estado e Autoridades Portuarias, e en consecuencia o respecto ao carácter vinculante dos acordos e convenios colectivos validamente adoptados como son o II Acordo Goberno-Sindicatos para a Mellora do Emprego Público e as Condicións de Traballo (BOE do 26.03.18.) e o III Convenio Colectivo de Portos do Estado e Autoridade Portuarias (BOE 15.06.19.).

2. Que inste á Secretaría de Estado de Facenda e á Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións (CECIR) a autorizar e proceder sen máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demora ao abono das cantidades económicas pendentes, derivadas tanto do acordado no III Convenio Colectivo, como o incremento salarial do 2,3% determinado para 2020 para o conxunto das traballadoras e traballadores.

3. Que inste a Portos do Estado para asignar os recursos correspondentes a cada Autoridade Portuaria para permitir o desenvolvemento da negociación colectiva nas Autoridades Portuarias de A Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Marín e Vigo (artigo 4 do convenio colectivo).”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 08/06/2021 10:00:23

María do Carme González Iglesias na data 08/06/2021 10:00:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 08/06/2021 10:00:49

Ana Pontón Mondelo na data 08/06/2021 10:00:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2017 aprobouse no Parlamento Español o Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, culminando en decembro dese ano coa implicación das administracións públicas.

A raíz dese pacto e en base ás súas medidas levouse adiante o estudo "Mujeres víctimas de violencia de género en el mundo rural" foi realizado pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (FADEMUR), e publicado en outubro do 2020, a cargo da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero que tamén publicou un segundo informe, este co título de "Mujeres mayores de 65 años víctimas de violencia de género" realizado pola Cruz Vermella co apoio da Universidade Carlos III de Madrid.

No primeiro séguese a seguinte metodoloxía:

- O universo deste estudo son 1.711.011 mulleres das cales 180.025 son galegas
- 167 enquisas a mulleres en municipios de menos de 20000 habitantes
- 333 enquisas a profesionais que atenden a vítimas de violencia de xénero





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-23 entrevistas en profundidade a mulleres vítimas de violencia de xénero

As CCAA que participaron son: Andalucía, Aragón, Castela-León, Castela-A Mancha, Extremadura, Galiza e a Rioxa.

Na Galiza fixeron 18 enquisas a mulleres, descoñecemos o número de enquisas a profesionais e entrevistas a 3 das 23 mulleres entrevistadas en profundidade.

O segundo estudo:

- usa a base de datos ATENPRO na que hai 428 mulleres rexistradas de 65 ou máis anos.

-245 enquisas por CA quedando excluídas as CCAA do País Vasco, A Rioxa e a cidade de Ceuta por non contar con mulleres maiores de 65 anos no rexistro.

-As comunidades de Andalucía e Valencia son as que máis peso teñen nas enquisas, o 21 e 20% respectivamente.

De ambos poden tirarse datos aterradores que poden recoller a realidade estatal, pero como se pode demostrar polas cifras manexadas non teñen porque reflectir a realidade galega.

Está claro que Galiza é un caso singular no estado español pola súa peculiar distribución demográfica, e porque conta cun número de entidades de poboación superior ao total do resto do estado español.

É posible que poidamos discutir se na Galiza a referencia do rural está nos municipios inferiores a 20.000 habitantes, como serían Vilalba, Monforte ou Viveiro, ou se como referencia se deberían poñer o límite de habitantes nos 10000 ou por baixo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco parece que a mostra galega en ambos estudos sirva para trasladar os datos á Galiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a atender a situación das mulleres que vivindo no rural sofren violencia de xénero e para isto:

1. Prestarase especial atención ás peculiaridades da violencia de xénero sobre as mulleres no rural galego. Para isto diferenciará os casos en estatísticas propias.
2. Teranse en conta situacións como a maior presión social e familiar sobre as vítimas.
3. Daráselle recoñecemento á situación de illamento e probablemente de dependencia económica da muller para a implementación de medidas precisas.
4. Farase un estudo en profundidade da realidade rural con respecto á violencia de xénero
5. Trala análise dos datos achegados polo estudo deseñaranse e implementaranse as medidas de proximidade precisas para dar asistencia efectiva as mulleres vítimas no rural
6. Realizaranse campañas específicas de prevención e denuncia
7. Crearanse puntos de atención de proximidade en centros de referencia para concellos mancomunados a tal efecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Diseñaranse de xeito inmediato políticas específicas para evitar a revitimización das mulleres vítimas por vivir no rural.

9. Reavaliaranse de xeito constante a efectividade das medidas implementadas.

10. O goberno da Xunta manterá unha actitude proactiva a prol da eliminación da violencia de xénero, no rural tamén.”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/06/2021 11:42:27

María González Albert na data 08/06/2021 11:42:36

Olalla Rodil Fernández na data 08/06/2021 11:42:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a situación de precariedade á que a Xunta de Galiza ten sometida a Oficina Agraria Comarcal da A Rúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Oficina Agraria Comarcal situada no concello da Rúa atende a unha ampla superficie territorial sendo a oficina de referencia para boa parte dos concellos da comarca de Valdeorras e atendendo a unha boa parte da cidadanía desta parte do oriente ourensán vinculada principalmente ao sector vitivinícola.

É Valdeorras unha comarca na que o sector agrario ten unha importancia fundamental e na que a tradición do sector do viño fai que case o 100% da poboación teña que acudir nalgún momento do ano á Oficina Agraria.

Nos últimos anos esta oficina, que cumpre cun servizo público fundamental, está a sofrer un progresivo proceso de deterioro e abandono debido principalmente á falta de persoal necesario para atender a unha poboación con intereses no agro case na súa totalidade e que, ao tempo, ten un envellecemento importante e que precisa da prestación dun servizo público de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro do contexto actual, ao tempo, vese cada vez máis necesario o asesoramento público, dotando de medios materiais e recursos humanos suficientes ás oficinas agrarias comarcais. É preciso un compromiso de apoio técnico obxectivo dende a administración pública, cunha dotación de servizos axeitada que posibilite que as oficinas desenvolvan as súas competencias completas e incluso poidan amplialas en beneficio do rural.

No caso da oficina da Rúa, antes dotada cun cadro de persoal de 3 persoas que vai xa anos se viu reducido a só 2, esta carencia do persoal necesario fai que o servizo que se presta na actualidade sexa moi deficiente, con continuos peches nos últimos anos e con horarios que non se corresponden coas que ten que manter unha oficina de servizo público tendo a conta ademais que a única técnica coa que conta a oficina ten que visitar explotacións de xeito continuado dentro do seu horario laboral.

Neste momento a situación agravouse e ante a baixa laboral das dúas traballadoras da oficina esta leva pechada ao público máis de dúas semanas obrigando á cidadanía (ou cando menos á que dispón de medios de desprazamento propios) a desprazarse até a oficina comarcal do Barco de Valdeorras que xa é deficitaria de por si e que agora non é quen de absorber toda a carga de traballo.

En todo este tempo a Xunta de Galiza non foi quen de cubrir as baixas laborais desas dúas traballadoras ao tempo que se adican a facer propaganda e presentan iniciativas neste Parlamento para “impulsar e desenvolver o Plano de Mellora de atención no rural mediante a dinamización e modernización das Oficinas Agrarias Comarcais, garantindo que manteñan as súas funcións de dinamización e de asesoramento aos gandeiros e agricultores dotándoas dos medios materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Tomar as medidas urxentes precisas para cubrir as baixas laborais das traballadoras da Oficina Agraria da Rúa e reabrir o servizo ao público en condicións dignas.

2. Adoptar as medidas precisas a curto e medio prazo para que non se volva dar a situación actual na que a Oficia Agraria da Rúa leva pechada 2 semanas e para garantir a calidade do servizo público nunha comarca de gran produción vitivinícola como é a de Valdeorras.”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 08/06/2021 12:39:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/06/2021 12:39:39

María del Carmen Aira Díaz na data 08/06/2021 12:39:48

Ana Pontón Mondelo na data 08/06/2021 12:39:57



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Galicia asiste con preocupación ao desenvolvemento das negociacións que, no marco da Organización Mundial do Comercio (OMC) están a darse sobre medidas para a eliminación de subvencións á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDNR) e á prohibición de determinadas formas de subvencións á pesca que supostamente contribúen á sobrecapacidade e á sobrepesca.

O 11 de maio de 2021, o Presidente das negociacións sobre as subvencións á pesca, Embaixador Santiago Wills (Colombia), presentou un novo proxecto de texto destinado a achegar aos Membros a un acordo antes da reunión de Ministros do 15 de xullo.

Neste sentido, a tenor do artigo 5 do borrador presentado, consideraríase que contribúen á sobrecapacidade ou sobrepesca, por tanto estarían prohibidas, as subvencións “á compra ou a cubrir os custos de combustible, xeo ou cebos”.

Galicia rexeita a eliminación xeneralizada do combustible bonificado para a frota pesqueira que propón este borrador da OMC, debido a que pon en risco a sustentabilidade e o futuro do sector pesqueiro galego. Entendemos que se trata dunha medida cando menos inxusta, xa que cargaría de novo un esforzo sobre a frota da UE e da galega, que están demostrando practicar unha pesca responsable e sustentable en todos os mares nos que desenvolve a súa actividade sobre un equilibrio dos termos ambientais, sociais e económicos e cun alto estándar de aplicación de requisitos nestes terreos, tal e como lle establece a normativa europea, a máis esixente en materia de sustentabilidade a nivel global.

Desde o convencemento de que poden adoptarse outras medidas para mellorar a eficiencia enerxética e atallar a sobrepesca, a sobrecapacidade e as prácticas irresponsables de determinadas frots sen prexudicar a aquelas que actúan de forma responsable, Galicia está a promover outras accións para a mellora da eficiencia enerxética e a descarbonización do sector, tales como a inclusión do sector marítimo-pesqueiro na vía do uso do hidróxeno.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandar diante da UE e da OMC unha defensa pechada para frear a proposta de prohibir as subvencións á compra ou a cubrir os custos de combustible, cuxo obxectivo é a defensa da igualdade global da actividade marítimo-pesqueira e da competitividade e sustentabilidade da nosa frota”.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/06/2021 13:33:00

Teresa Egerique Mosquera na data 08/06/2021 13:33:21

José Manuel Balseiro Orol na data 08/06/2021 13:33:34

Ana Belén García Vidal na data 08/06/2021 13:33:52

Manuel Santos Costa na data 08/06/2021 13:34:05

José Alberto Pazos Couñago na data 08/06/2021 13:34:13

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/06/2021 13:34:27

Daniel Vega Pérez na data 08/06/2021 13:34:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputada e das súas deputadas, **Julio Torrado Quintela, Leticia Gallego Sanromán e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

Nos recentes días foi coñecido que a cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro estará inoperativa durante un prazo estimado de 2 meses, por ser necesario afrontar obras de reparación tras detectarse problemas apenas 5 anos despois da súa posta en funcionamento. Esta situación pon en cuestión a calidade da construción da infraestrutura, que dende o primeiro momento estivo sinalada por parte de traballadores/as e colectivos sociais que alertaban de que estes problemas chegarían.

As obras da cociña, ademais, provocan a necesidade de resolver o procedemento para subministrar comidas no propio hospital. Este foi solventado pola empresa concesionaria organizando a chegada de comida en catering dende Zaragoza, a 845 km por estrada. Esta circunstancia provoca estupor no colectivo de traballadores/as e nos pacientes do hospital, sendo complicado asumir que se poderá manter unha calidade aceptable e asumible nas condicións necesarias para un hospital.

A Xunta de Galicia, lonxe de condicionar que as circunstancias de resolución do problema sexan mellores (construción dunha cociña alternativa ou condicionar a utilizar unha empresa instalada no entorno, por exemplo) non ten amosado, ata o de agora, ningún interese pola situación nin preocupación pola posible merma da calidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:



“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Encargar e facer público un informe de avaliación do estado da construcións e mantemento da infraestrutura, do Hospital Álvaro Cunqueiro, valorando posibles melloras que serán necesarias nos vindeiros tempos.”
2. Negociar coa empresa concesionaria unha solución máis axeitada ao problema da inoperatividade da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro, garantindo a mellor calidade posible cunha utilización dunha cociña alternativa próxima ou coa utilización dun servizo de comida subministrado por unha empresa galega con instalacións o máis próximas posible.”

Pazo do Parlamento, 08 de xuño de 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Leticia Gallego Sanromán
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2021 16:34:44

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/06/2021 16:34:55

Marina Ortega Otero na data 08/06/2021 16:36:52

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/06/2021 16:37:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre o incumprimento do acordo parlamentario para dotar ao Concello da Rúa dunha motobomba para a extinción de lumes así como das actuacións que ten de tomar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 26 de maio de 2018 (vai xa 3 anos) o BNG acadaba por unanimidade un acordo na Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes. Porén, a día de hoxe continúa incumprido malia que no verán de 2018 a Xunta de Galiza seguiu adxudicando medios a diferentes concellos sen clarificar cales eran os seus criterios de distribución.

Con posterioridade a aquel acordo unánime deste Parlamento o BNG volveu traer a cuestión á mesma comisión ante a inacción da Xunta e o seu incumprimento flagrante dos acordos parlamentares. Estámonos a situar no 4 de xullo de 2019. Naquel momento a deputada do Bloque Nacionalista Galego dona Noa Presas Bergantiños formulou esta cuestión ante o daquela director xeral de Defensa do Monte, don Tomás Fernández- Couto Juanas que mantivo a actitude de inacción, agravio e incumprimento de acordos do goberno da Xunta de Galiza ante o Concello da Rúa.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora, case 2 anos despois, o Partido Popular, de novo no goberno da Xunta de Galiza, continúa a incumprir de xeito escandaloso os seus propios acordos parlamentares nunha situación que é de todo punto de vista inaceptábel.

É por estes motivos que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta esta iniciativa remarcando que o Concello da Rúa mantivera durante case dúas décadas os convenios de motobomba coa Xunta de Galiza e que o termo municipal se atopa nunha posición central e ben comunicada dentro do distrito XIII o que, en tempos pasados, ten feito que a súa motobomba participara de tarefas de extinción en practicamente todo o territorio do distrito forestal.

Naquel momento (2018) o BNG pedía para A Rúa unha motobomba que fose apta para o seu uso intensivo e a día de hoxe as necesidades continúan a ser as mesmas. Hoxe a demanda é a mesma e entendemos que o concello da Rúa, polas súas especiais circunstancias, debe de ser beneficiario daquela ou de calquera outra motobomba dispoñíbel no servizo que, sendo apta para o seu uso, non estea sendo operativa a día de hoxe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a cumprir cos acordos parlamentares e dotar ao Concello da Rúa dunha motobomba para o seu uso en labores de extinción de incendios forestais.”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 08/06/2021 16:39:34

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/06/2021 16:39:38

María del Carmen Aira Díaz na data 08/06/2021 16:39:48

Ana Pontón Mondelo na data 08/06/2021 16:39:59



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Galicia é o país dos petróglifos, e o concello de Campo Lameiro, en Pontevedra é onde se atopa a maior concentración de petróglifos da Idade de Bronce.

Nun radio de apenas tres quilómetros atópanse un conxunto de 12 gravados, atopamos exemplos como os petróglifos da Rotea de Mendo representan figuras de cervos, e na Pedra da Boullosa contéplanse escenas de pastoreo, unha figura humana e unha serpe de gran tamaño.

O parque arqueolóxico de arte rupestre de Campo Lameiro, entre as parroquias de Paredes e Praderrei, foi inaugurado en 2011, e está formado por dous recursos complementarios.

Dunha banda, o Centro de Interpretación e Documentación, que se configura como un corpo alongado, completamente cuberto por lousas de pedra, concibido como centro de referencia para a investigación e conservación dos petróglifos e como un espazo para o ocio intelixente.

Un segundo recurso é unha extraordinaria paisaxe cultural, de case 22 hectáreas de extensión, na que se observa un importante conxunto de petróglifos.

Ademais o parque de Campo Lameiro inclúe a recreación dun pequeno poboado de hai uns 4.000 anos, integrado por varias cabanas, estruturas de almacenamento e cercados para os animais construídos cos mesmos materiais que no pasado.

Ofrécense actividades como tiro con arco cara a figuras de cervos ou xabarís, talleres de manualidades con ferramentas prehistóricas, ourivaría, olería, cestería, ... co fin de poder reproducir a forma de vida prehistórica.

Dende a apertura deste parque a xestión está externalizada, cun contrato en vigor neste momento ata decembro de 2021, e cunha achega da Consellería de Cultura e Turismo de 433.6583 euros, por 3 anos.



Entre as súas funcións que aparecen neste contrato, están a xestión técnica, económica e sociocultural do parque, a difusión da importancia dos petróglifos, a organización das visitas e a vixilancia do recinto.

Pero entendemos que a conservación do espazo e sobre todo dos bens de patrimonio cultural que alí se atopan e competencia do Goberno da Xunta, e polo tanto, a pesar de verse reducida nestes dous últimos anos a actividade turística, por mor da pandemia, isto non pode ser motivo para non manter a conservación deste espazo, que forma parte do patrimonio cultural galego, e que neste momento se atopa moi deteriorado, con exemplos claros de desleixo como a situación na que se atopa este poboado.

A actividade turística comeza a repuntar novamente tralo éxito da vacinación e o centro de arte rupestre de Campo Lameiro ten que estar acondicionado para recibir aos visitantes, sen que estes poidan sufrir riscos e de forman que poidan desfrutar nun espazo natural coidado, da riqueza arqueolóxica deste territorio.

Aínda que a xestión deste espazo atópese externalizada é responsabilidade do Goberno da Xunta o mantemento do noso patrimonio histórico e o paso do tempo e a falla de coidado pode causar un grave problema irreparable nestes bens.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Realizar un informe no que se determine unha valoración da situación na que se atopa o centro de arte rupestre de Campo Lameiro.
2. Que tralo resultado deste informe leve a cabo as actuacións de conservación e mantemento necesarias co fin de garantir o perfecto estado tanto dos petróglifos como das construcións do poboado prehistórico.

Pazo do Parlamento, 8 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:





Paloma Castro Rey na data 08/06/2021 16:33:28

Noa Susana Díaz Varela na data 08/06/2021 16:33:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/06/2021 16:33:54

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/06/2021 16:34:09



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O último borrador do texto de negociación sobre subvencións á pesca presentada pola Presidencia do Grupo de Negociación sobre normas da Organización Mundial do Comercio (OMC), de data 11 de maio de 2021, inclúe o estado das negociacións en asuntos como disciplinas para eliminar as subvencións á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada: prohibición de subvencións á pesca de poboacións sobreexplotadas: e prohibición de determinadas subvencións que poden contribuír á sobre capacidade e á sobre pesca.

Ao sector e ao propio Ministerio de Pesca preocúpalle que a OMC queira aprobar unha proposta que leva 20 anos negociando e que pretende retirar certas formas de subvención á pesca como é a bonificación ao gasóleo. CEPESCA e a Federación Nacional de Confrarías amosaron a súa preocupación pola retirada das exencións de impostos e bonificacións ao combustible.

Sen o combustible bonificado, agora a 45 céntimos o litro, a frota galega podería ver ameazada a súa viabilidade porque podería custar o dobre. No caso do gasóleo, o seu custe pode chegar a superar o 40 % dos custes de explotación na pesca. No caso dos arrastreiros pode chegar a un 50 %, e que si se eliminan estas exencións, podería pasar a representar o 75 % de ditos custes.

Esta proposta non parte só da Organización Mundial do Comercio senón que tamén o Comité Europeo da Rexións solicita a eliminación das subvencións do combustible á pesca.

Certo é que esta idea de retirada de axudas ao gasóleo na pesca non é nova, e que de momento o que formula a OMC e o CdR son propostas, pero a verdade é que o panorama é bastante incerto e ademais non se coñece a postura que vai defender a Comisión Europea.

Ante esta situación de que as axudas ao combustible se atopan entre as susceptibles de prohibirse e ante o descoñecemento sobre cal vai ser a posición da Comisión Europea, o Goberno de España, xunto con Francia presentou, no



último Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, unha proposta conxunta para pedirlle á Comisión Europea que informe sobre a posición que vai defender sobre as axudas públicas no sector da pesca. O Goberno central pídelles á Comisión Europea que coordine cos Estados membros a posición negociadora sobre as axudas á pesca ante a OMC.

Por iso a deputada e o deputado que asinan presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que manifeste publicamente o seu rexeitamento á proposta da Organización Mundial do Consumo sobre a eliminación das subvencións do combustible á pesca.

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/06/2021 17:42:27

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2021 17:42:43

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/06/2021 17:42:55



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz, solicita a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros nos documentos con números de rexistro: 17076, 17077, 17078, 17079 e 17080.

Onde di: “... Organización Mundial de Consumo ...”, debe dicir: “... Organización Mundial do Comercio ...”

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/06/2021 14:06:22

Julio Torrado Quintela na data 09/06/2021 14:06:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/06/2021 14:06:48



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O hospital da Mariña, sito en Burela, é o hospital de referencia da zona norte da provincia de Lugo e atende a unha poboación de máis de 70.000 habitantes que se incrementa de xeito exponencial na época de vacacións.

No hospital da Mariña hai cinco prazas de radioloxía, sen embargo a día de hoxe o Hospital só conta con tres radiólogos. No hospital da Mariña dende hai moito tempo existen dúas prazas de radiólogos sen cubrir, despois da xubilación dunha das profesionais e o traslado doutra facultativa.

Unha das consecuencias desta falla de facultativos é que un gran número de mulleres da Mariña lucense están sendo derivadas cara ao Hula se as mamografías do cribado do cancro de mama necesitan unha atención ou valoración especial a xuízo dos profesionais. Isto provoca, non hai que pasalo por alto, moita inquedaanza por ter que pasar por situacións complexas e de certa angustia lonxe do seu hospital e dos seus profesionais de referencia. Isto ocorre tamén para a realización de probas complementarias, como ecografías, que ata agora se viñan facendo no hospital da Mariña, como así vén de denunciar a Plataforma Sanitaria da Mariña.

A non cobertura destas prazas é unha mostra máis da degradación constante e do desmantelamento da sanidade pública na comarca da Mariña por parte da Xunta de Galicia, como xa o denunciamos hai pouco tempo tamén co servizo de cardioloxía.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que de xeito urxente se repoña o servizo de radioloxía do hospital da Mariña, cubrindo as dúas prazas de radiólogos que a día de hoxe están vacantes, con persoal estable e garantindo a atención no propio hospital.

Pazo do Parlamento, 8 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/06/2021 19:02:45

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2021 19:02:58

Marina Ortega Otero na data 08/06/2021 19:03:06

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/06/2021 19:03:18



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4^a.

A Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia asegura no seu preámbulo que os arquivos constitúen servizos de máxima relevancia nunha sociedade democrática pois a través deles se asegura a reunión, conservación e consulta dos documentos que integran o patrimonio documental dun pobo nas súas diversas expresións. En efecto, os arquivos son instrumentos que garanten a pervivencia da nosa memoria colectiva, social e institucional, á vez que aseguran unha mellor e maior gobernabilidade.

Partindo da súa esencialidade, e coas competencias únicas da Xunta de Galicia nesta materia, sorprende o estado dos arquivos públicos de Galicia, que se atopan nunha total precariedade tanto en materia de persoal como de espazos e recursos consecuencia da ausencia dunha política arquivística a medio e longo prazo e que ten como resultado a perda inxente de documentación, co que periga non só o noso patrimonio senón tamén a posta en marcha de maneira eficaz da Administración electrónica.

Proba desta desidia é a ausencia do plan de arquivos ao que a disposición transitoria segunda da lei mencionada obrigaba a ter aprobada no prazo dun ano desde a entrada en vigor da norma lexislativa (2014), coa fin de avaliar as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia. En recente comparecencia parlamentaria, o secretario xeral de Cultura anunciaba que estaban traballando nun plan de arquivos da Xunta de Galicia para “resolver as carencias existentes”, pero non sabemos se con esa afirmación se refería aos arquivos da Xunta de Galicia ou -tal e como obriga a lei- ao Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

Aínda sen coñecer os detalles e marco de actuación, ese plan debería xa incluír as perspectivas feministas e/ou de xénero, totalmente ausentes nas unidades da rede do sistema de arquivos de Galicia e tamén nos plans de formación, como apuntan as arquivistas Dolores Pereira, Olimpia López e Mariám Mariño no *Informe sobre os arquivos públicos en Galicia. Unha perspectiva de xénero e feminista*. Partindo de que os e as profesionais da arquivística son axentes que participan na



configuración dunha memoria social conscientemente construída, nese estudo consideran imprescindible que ese proceso de cambio cara á inclusión das mulleres na nosa memoria documental sexa tamén asumido polas administracións, algo que suporía situar Galicia nunha posición pioneira no conxunto do Estado.

Por todo o exposto, no Día Internacional dos Arquivos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. En cumprimento da Lei de arquivos e documentos de Galicia presentar, antes de que remate o ano, un Plan de Arquivos de Galicia que, con dotación orzamentaria, desenvolva un verdadeiro proxecto estruturado para a configuración, organización, integración, servizo e difusión dos arquivos de Galicia e propoña accións inmediatas para os que precisen accións urxentes.
2. Incluír no Plan de Arquivos de Galicia a perspectiva de xénero dende todas as ópticas posibles: definición de marcadores *ad hoc* nas ferramentas de busca e difusión do patrimonio documental e nos instrumentos técnicos de organización e descrición de fondos documentais, utilización de linguaxe non sexista...
3. Convocatoria urxente de prazas de arquivistas para dotar dos suficientes recursos os arquivos e rematar coa precariedade laboral que existe neles.
4. Incluír nos vindeiros orzamentos de Galicia unha partida suficiente para solucionar o problema de espazos físicos.
5. Creación e dotación urxente dos arquivos centrais das consellarías, pezas fundamentais na engrenaxe do sistema.
6. Abordar a política de selección documental desde criterios profesionais sólidos, que eviten a destrución case indiscriminada de documentos en procesos apresurados que privan a memoria de fontes primarias.
7. Establecer, de acordo coa Fegamp, unha liña de axudas específica dirixida á contratación de persoal cualificado para traballar nos arquivos municipais, un servizo que pode ser prestado de maneira individual ou mancomunada.

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 09/06/2021 13:10:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/06/2021 13:11:04

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/06/2021 13:11:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre as medidas a tomar diante do peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión do Partido Popular de construír o Novo Hospital de Vigo polo modelo chamado eufemisticamente, Colaboración Público Privada, non só converteu á concesionaria na responsábel do proxecto de construción senón que supuxo cederlle á mesma a explotación e a xestión de moitos dos servizos do Hospital. Converteuse en propietaria do Hospital durante os 20 anos da concesión, e toma decisións relevantes.

O Sergas deixou en mans da empresa a xestión de servizos esenciais como a limpeza, lavandería, cociña ou mantemento, sen establecer absolutamente ningún mecanismo de control, de garantía de como se teñen que prestar eses servizos.

Vimos de coñecer un exemplo desta situación, A CIG ven de denunciar que o Sergas toma a decisión de pechar a cociña do hospital durante polo menos dous meses porque o chan da mesma e as paredes precisa dunha reparación importante por deficiencias estruturais e por mala calidade dos materiais empregados na construción. Estas deficiencias maniféstanse tan só tras seis anos de funcionamento. Segundo a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mesma denuncia a decisión obrigará a traer a comida preparada en camiões dende Zaragoza, que é onde ten a sede central a empresa que presta o servizo.

Denuncian tamén que a decisión foi tomada sen informar, nin da decisión, nin das consecuencias para a calidade do servizo que ten que prestar ás persoas doentes hospitalizadas.

O Sergas debe explicar como é posíbel que en tan só seis anos exista xa un deterioro que obligue a un peche da cociña, que responsabilidades lle vai a esixir á empresa concesionaria. Hai que lembrar que á empresa págaselle directamente 73,4 millóns de euros ao ano dos fondos públicos, dos que 42,5 millóns son para devolver o custo da construción e 30,9 millóns pola xestión de servizos como a limpeza, o mantemento ou a lavandería, ao que hai que sumarlle os beneficios por explotacións comerciais como o aparcadoiro, a cafetería, as televisións das habitacións ou as máquinas de vending.

No BNG mantemos que os chamados modelos “de colaboración público-privada” e a xestión da sanidade por empresas privadas levan consigo un maior gasto, unha mingua na calidade asistencial que recibe a poboación, perda de postos de traballo, maior precariedade. Ademais de opacidade, falta de transparencia no control da xestión da sanidade e perda de dereitos para a poboación e calidade asistencial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza declara, como resolución, a súa defensa da sanidade pública galega, gratuíta, universal e de calidade, e mostra a súa posición contraria a que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

grandes empresas, fondos de investimento e multinacionais sexan as propietarias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e mercantilizen e especulen coa sanidade da Área Sanitaria de Vigo, e polo tanto insta ao Goberno galego a:

1. Tomar todas as medidas precisas para garantir que o peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro non afecte á calidade da alimentación que se lle ofrece ás persoas ingresadas nos hospitais de Vigo.

2. Esixirlle á concesionaria responsabilidades polas deficiencias existentes na cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro tan só seis anos despois da súa posta en funcionamento.

3. Realizar unha auditoría da xestión realizada pola Sociedad Concesionaria do Novo Hospital de Vigo dos servizos que ten concesionada a súa xestión.

4. Realizar todas as actuacións precisas para rescatar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para que se converta no hospital público que sempre debeu ser e que a área sanitaria de Vigo precisa.”

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2021

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/06/2021 14:09:23

Alexandra Fernández Gómez na data 09/06/2021 14:09:32

María do Carme González Iglesias na data 09/06/2021 14:09:43

Iria Carreira Pazos na data 09/06/2021 14:09:51

Olalla Rodil Fernández na data 09/06/2021 14:10:01





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Alexandra Fernández Gómez e Carme González Iglesias**, e deputados **Daniel Pérez López e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de febreiro varias praias da ría da Arousa, da ría de Pontevedra, da ría de Vigo, da ría de Noia e da de Camariñas víronse gravemente danadas polas intensas choivas que caeron sobre todo no litoral galego. Zonas como Rianxo, Cabo de Cruz, Carril, Vilagarcía, Pontevedra, Poio, Arcade, Cesantes, Redondela, Vilaboa, Noia e Camariñas quedaron considerabelmente afectadas polos sucesivos temporais.

Todas as confrarías concernidas coincidiron en subliñar que os grandes aportes de auga doce recibidos provocaron unha baixada importante da salinidade da auga do mar e, no referido ás de Arousa, tamén se incidía directamente como contribución a esa baixa salinidade o exceso de auga doce procedente da presa de Portodemouros (Vila de Cruces e Arzúa). Unha presa que carece de comportas e funciona un sistema de rebose que xa ten causado problemas na ría noutras ocasións.

No caso dos Lombos do Ulla morreu o 100% do berberecho e entre o 80 e o 90% da ameixa xapónica. Na praia de Compostela recolleron máis de 500 kg. de marisco morto e os biólogos da Xunta de Galiza certificaron a morte do 100% da ameixa babosa prantada había un ano e o 80% da xapónica e do berberecho. Na ría de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pontevedra, a mortalidade afectou significativamente á ameixa xapónica, sobre todo no banco de Praceres e nas zonas máis baixas dos bancos. Na ría de Vigo chegou a contabilizarse máis dun 60% de ameixa morta.

En definitiva, produciuse unha situación que provocou o peche da maioría dos bancos e mantivo inactivos durante días a centos de mariscadores e mariscadoras e, ademais da moltaldade, as confrarías prevían que a produción que se salvou tería dificultades para medrar e problemas para reproducirse e, en moitos casos, consideraban moi difícil sobrevivir o resto da campaña co que quedou.

A todo isto sumábase a problemática xeral que xa tiña provocado a pandemia no relacionado coa comercialización deste tipo de produtos e a consecuente merma nos ingresos dos traballadores e traballadoras do mar.

Profesionais que tampouco naquelas circunstancias contaron co respaldo da Consellería do Mar. As declaración da propia conselleira non contribuíron a mitigar a verdadeira angustia que vivían e remitíanse aos técnicos que “traballan no seguimento das zonas nas que se rexistrou baixa salinidade da auga e desprazamento de marisco cara as praias como consecuencia do mal tempo” e a insistir en que se podía recorrer ás convocatorias das axudas ordinarias que se realizan anualmente.

Ditas axudas foron convocadas o 5 de febreiro para a rexeneración dos bancos marisqueiros cunha dotación dun millón de euros e cun importe máximo subvencionábel de 75.000 euros. Para adquisición de semente para repoboar os bancos marisqueiros con perda de produción destináronse 300.000 euros, cun importe máximo subvencionábel de 15.000 euros. E para proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños dirixíronse 980.000 euros,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos que unha boa parte destinábanse non á rexeneración nin á repoboación senón á compensación aos mariscadores e mariscadoras pola recollida activa de lixo mariño.

Diante dunha pregunta deste Grupo parlamentario na sesión plenaria do pasado 9 de marzo, a conselleira non avanzou máis vías nin posibilidades para que os profesionais puideran afrontar as consecuencias do impacto dos temporais e da baixa salinidade das augas nos bancos marisqueiros. Volveu a insistir en que debía agardarse á avaliación completa dos técnicos e aos informes das confrarías para estudar o incremento das axudas.

Despois de máis de tres meses, as mariscadoras e mariscadores non dan levantado cabeza, seguen a botar de menos un apoio real da Administración e critican a inexistencia de axudas extraordinarias para afrontar un día a día no que apenas teñen traballo. Os seus ingresos diminuíron e as súas expectativas de cara ao verán non son boas. As confrarías tamén se están a ver gravemente afectadas e nalgúns casos xa contemplan prescindir de traballadores aos que se lles fai imposible continuar remunerando.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Dar conta detallada e exhaustivamente das conclusións da avaliación levada a cabo polos técnicos da Consellería do Mar sobre o impacto das inclemencias meteorolóxicas do mes de febreiro nos recursos das concesións marisqueiras das rías





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galegas, nomeadamente na da ría da Arousa, na de Pontevedra, na de Vigo, na de Noia e na de Camariñas.

2. Dar conta das conclusións dos informes remitidos polas confrarías desas zonas á Consellería do Mar.

3. Dar conta das actuacións que, partindo das conclusión da avaliación feita polos técnicos da Consellería do Mar e das obtidas polos informes elaborados polas propias confrarías, vai levar a cabo a Xunta de Galiza para a rexeneración dos bancos marisqueiros afectados e para paliar a merma de ingresos dos mariscadores e mariscadoras e das propias confrarías.

4. Convocar axudas extraordinarias que permitan a recuperación dos bancos marisqueiros a medio prazo.

5. Convocar axudas extraordinarias que permitan aos mariscadores, mariscadoras e confrarías afectadas atenuar a redución de ingresos á que se viron sometidos e que aínda padecen.”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Daniel Pérez López

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 10/06/2021 09:46:59

María do Carme González Iglesias na data 10/06/2021 09:47:12

Alexandra Fernández Gómez na data 10/06/2021 09:47:21

Daniel Pérez López na data 10/06/2021 09:47:31

Xosé Luis Bará Torres na data 10/06/2021 09:47:42



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O fortalecemento da atención primaria faise se cabe máis necesario na situación que estamos a atravesar derivada da pandemia xerada pola covid-19. Non obstante, estamos a ver que o Goberno popular da Xunta de Galicia opta na provincia de Lugo polos peches de centros de saúde ou pola non cobertura das baixas dos profesionais sanitarios de atención primaria.

En xaneiro de 2020 o Sergas anunciaba que o Centro de Saúde de Burela tamén abriría e se pasarían consultas polas tardes a partir do mes de febreiro, en horario de 14:00 a 21:00 horas de luns a venres e para iso contrataríanse tres novos profesionais: un médico de familia, un profesional de enfermería e unha persoa de servizos xerais. Pero a realidade é que a día de hoxe a axenda do médico de tarde está pechada ata finais de ano e os seus pacientes terán citas polas mañás e co médico que lles toque ese día.

Esta semana no centro de saúde só hai 3 médicos, porque unido á non cobertura do profesional da quenda de tarde, súmaselle agora que dous profesionais se atopan en Incapacidade Temporal e outro de permiso por asuntos propios. Polo tanto, hai tres médicos para atender aos máis de 10.000 veciños e veciñas de Burela. Ás críticas dos veciños e veciñas que se queixan de que non conseguen cita na quenda de tarde, situación que xa vimos denunciando dende o PSdeG dende principios de ano, súmanse agora tamén as queixas dos sanitarios que din chegar a unha situación límite esta semana, xa que dos 7 médicos adscritos a este centro de saúde só están en activo, agora mesmo, 3. Os profesionais sanitarios levan denunciando e reclamando melloras perante as autoridades da Área sanitaria Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos, por considerar que nestas condicións é imposible prestar unha atención médica de calidade aos pacientes. Reclamacións que caeron en saco baleiro.



No eido da enfermería a situación tamén é moi preocupante. No centro de saúde de Burela existen dúas enfermeiras con praza e dous substitutos, no cadro de persoal, pero dous destes profesionais atópanse de baixa médica e só se lles cubre en días soltos. Estes profesionais en activo neste servizo teñen unha carga tremenda de traballo: moitos domicilios, test covid-19, vacinas a domicilio etc.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, de xeito urxente, se repoña o servizo de medicina e enfermería do centro de saúde de Burela, cubrindo todas as prazas que a día de hoxe se atopan vacantes con persoal estable, que permita prestar unha atención de calidade aos doentes deste centro de saúde.

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/06/2021 17:36:35

Julio Torrado Quintela na data 09/06/2021 17:36:47

Marina Ortega Otero na data 09/06/2021 17:36:57



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Goberno municipal de Baiona tras realizar unha análise coas técnicas de turismo para coñecer as previsións de ocupación do municipio durante os meses de verán chegaron á conclusión de que será do 95 %, por este motivo reivindicamos aumentar os facultativos do centro de saúde desta vila no verán.

Ante a previsión desta gran demanda dos servizos sanitarios o persoal do centro de saúde ve inviable a atención a todas aquelas persoas que non residan no municipio. O alcalde mostra a súa preocupación ante esta situación e esixe á Consellería de Sanidade “que asuma a responsabilidade de dar cobertura a esta zona para atender a unha poboación que se multiplica no verán como consecuencia do turismo. Esta situación require dunha solución inminente”. A Administración municipal de Baiona reclama un servizo de plena restitución dos servizos de atención primaria e de máis persoal e recursos para o centro de saúde baionés e para o PAC de A Xunqueira.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en



áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación e ante o aumento desta durante a época estival, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.

O Grupo Parlamentario Socialista e o Goberno local baionés comparten a preocupación e o malestar existente polas deficiencias do funcionamento do Sergas e a negación da Xunta de Galicia da existencia de problemas en xeral, e máis en concreto no centro de saúde de Baiona e no propio PAC da Xunqueira, que son os casos coñecidos directamente no Val Miñor e obxecto de reiteradas queixas e denuncias por parte dos usuarios e usuarias, e profesionais dos propios centros sanitarios.

O Grupo Parlamentario Socialista esixe á Consellería de Sanidade a cobertura necesaria para dar servizo ao Centro de Saúde de Baiona e ao PAC da Xunqueira que dá servizo ao Val Miñor polo importante aumento de persoas usuarias que atraerá ata estes servizos sanitarios a tempada estival.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar de persoal sanitario suficiente nos meses de verán no Centro de Saúde de Baiona ante o aumento da poboación nesa tempada na vila.
2. Dar cobertura necesaria de facultativos para ter servizo no PAC da Xunqueira nos meses de verán.
3. Recuperar progresivamente a atención presencial nos centros de saúde, garantindo as medidas de prevención oportunas.



4. Poñer a disposición dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas.

Pazo do Parlamento, 10 de xuño do 2021

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/06/2021 10:55:46

Julio Torrado Quintela na data 10/06/2021 10:55:52

Marina Ortega Otero na data 10/06/2021 10:56:01

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/06/2021 10:56:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A principios de novembro de 2020 na Comisión 7ª do Parlamento de Galicia aprobábase o seguinte texto da proposición non de lei que presentabamos dende o Grupo Parlamentario Socialista:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a seguir traballando para:

1º. Poñer en marcha un plan de xestión do xabaril para controlar e estabilizar a súa poboación, consensado cos sectores afectados e implicados.

2º. Poñer en marcha un fondo de corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pagamento das axudas por danos, e de medidas preventivas.

3º. Establecer un plan de indemnización dos danos causados polo xabaril nos terreos agrícolas e de axudas para as medidas preventivas para evitar estes danos (rozas perimetrais).

4º. Solucionar o colapso do teléfono 012 de atención e información á cidadanía, que está a impedir que as persoas afectadas polos danos dos xabarís nos cultivos poidan solicitar as axudas dentro do prazo de 72 horas que marca a normativa da Consellería de Medio Ambiente e dar solucións ás persoas afectadas polo dito colapso que non puideron tramitar as axudas polo motivo citado.

5º. Extremar o control biosanitario nas fronteiras para evitar a chegada de partidas de carne de porco que puidesen vir contaminadas co virus (PPA), ademais de elaborar un plan de continxencia ante a posibilidade de que aparecese un caso en Galicia.

Transcorridos 7 meses, o Goberno galego esqueceu a iniciativa aprobada por unanimidade dos grupos con representación no Parlamento de Galicia e segue sen tomar medidas cun problema que está fóra de control.



O malestar polos cuantiosos danos desta especie nas terras de cultivo é grande, cada vez máis urxente a necesidade de que a Xunta de Galicia se involucre e impulse dunha vez por todas unha xestión efectiva desta especie, xa que en paralelo ao abandono do rural e o decaemento da actividade agrogandeira a poboación desta especie animal foise apoderando do territorio e entrando en conflito coas actividades do sector primario e mesmo coa circulación viaria. Os danos xerados en praderías e cultivos (como a pataca, millo forraxeiro e fundamentalmente do país e outros cereais) aos que nos últimos anos se lle engadiron as desfeitas no viñado de varias denominacións de orixe son os efectos máis salientables da difícil convivencia entre estes animais e as actividades agrogandeiras que en determinados casos e zonas provocan tal impacto negativo que mesmo comprometen a pervivencia do traballo no sector.

A presenza do xabaril, ponse xa de manifesto ata en zonas urbanas como manifestan multitude de alcaldes que denuncian os danos que este mamífero xera nas súas zonas verdes e a inseguridade que orixina na súa poboación. O xabaril, no tema de tráfico, tamén ampliou o seu radio de actuación ata ser, a día de hoxe, unha das principais causas da sinistralidade viaria, ata o 5 de setembro de 2019 producíronse 1.805 accidentes de tráfico relacionados con este mamífero, máis de sete ao día. En 2019 os danos orixinados nos cultivos de horta e forraxe, especialmente no millo do país, foron moi elevados, causando que algúns gandeiros abandonasen o millo por outras alternativas ou simplemente por non plantalo.

O desleixo da Administración autonómica fixo que desde o ano 2016 ata o 2019, outra vez coincidindo coa convocatoria de eleccións o Goberno galego renunciase a convocar as axudas polos danos ocasionados polo xabaril en cultivos agrícolas e visualizar o esperpento da Consellería coas cartas enviadas a poucos días das eleccións anunciando a aprobación de axudas económicas para a prevención de danos causados por lobos e xabarís que foran denegadas no mes de xuño e todo sen indicar orzamento nin prazos para levalo a cabo.

Por outra banda, os cidadáns que teñen necesidade de recorrer ao servizo do teléfono 012 para iniciar trámites administrativos, estanse a atopar con que o sistema os pon en espera ata que transcorre o tempo máximo e a chamada se cancela, tendo que volver a se repetir as chamadas de xeito infrutuoso.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a cumprir con urxencia o acordo da Comisión 7ª do Parlamento do mes de novembro de 2020 que incluía:

- a) Poñer en marcha un plan de xestión do xabaril para controlar e estabilizar a súa poboación, consensuada cos sectores afectados e implicados.
- b) Poñer en marcha un fondo de corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago das axudas por danos, e de medidas preventivas.
- c) Establecer un plan de indemnización dos danos causados polo xabaril nos terreos agrícolas e de axudas para as medidas preventivas para evitar estes danos (rozas perimetrais).

Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/06/2021 11:28:04

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/06/2021 11:28:18

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/06/2021 11:28:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e deputadas **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Numerosas comarcas do noso país están a sufrir unha enorme presión pola solicitude e tramitación de proxectos de parques eólicas e liñas eléctricas de evacuación e conexión. Trátase dunha auténtica avalancha e dunha situación descoñecida en cantidade, intensidade, prazos de tramitación, o que está xerando unha crecente alarma social e un contexto de tensión, angustia e gran preocupación nas comunidades locais afectadas por esta auténtica “invasión” eólica. Moitos colectivos teñen que enfrontarse a un grande número de proxectos tramitados simultaneamente e de ter que facelo cunhas regras de xogo que favorecen de maneira descarada os intereses das promotoras.

Cómpre tamén ter en conta novos factores que acompañan este proceso de intensificación dos usos industriais do rural galego, que teñen que ver fundamentalmente con dous elementos:

a) o desenvolvemento tecnolóxico, o que supón un forte incremento das dimensións das infraestruturas e do seu impacto no territorio (sobre todo tendo en conta que a distancia mínima a núcleos habitados é de 500m)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) a implantación dos proxectos non só en espazos de monte senón tamén en zonas residenciais e en áreas de marcado interese agrario e gandeiro, o que xera unha conflitividade que até unha época recente estaba solapada. Un dos aspectos desta conflitividade ten que ver coas implicacións e impactos das poligonais nos usos e no valor do solo.

Por outra parte, o plan eólico promovido pola Xunta, modificado sucesivamente con cambios normativos pensados para favorecer os intereses das empresas promotoras e xerar indefensión nas comunidades afectadas, ten un claro compoñente de espolio e unha clara vocación extractiva e produtivista. Como consecuencia deste deseño, deixa fortes impactos negativos no territorio e moi escasas rendas, o que leva consigo que mesmo os concellos con maior intensidade de implantación destes proxectos teñan unha evolución económica e demográfica claramente negativa. O que quere dicir que os supostos ingresos derivados dos impostos municipais e do canon eólico non están contribuíndo á dinamización deses territorios e en moitos casos estase producindo o efecto contrario, pola incidencia negativa da intensificación, do monocultivo e do monopolio.

Unha das características da nova fase de desenvolvemento eólico, iniciada a partir do ano 2019 e intensificada ao abeiro das directrices estatais e europeas, é o intento de acaparamento de terras de alto valor ambiental, social e agrogandeiro, como está a ocorrer nas comarcas de Ordes, Xallas, Deza ou Tabeirós-Montes. Aos efectos negativos no patrimonio natural e cultural, engádese nestes casos unha forte afectación a actividades económicas esenciais e a usos residenciais, polo emprazamento dos parques nas inmediacións de granxas e de zonas habitadas.

Un dos exemplos máis claros desta intensificación, avalancha, presión e intento de ocupación masiva de terras témola na Terra de Montes no ámbito dos concellos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Forcarei, A Estrada e Cerdedo-Cotobade, no que están en diferentes fases de tramitación os seguintes parques eólicos (que se suman aos 254 muiños xa instalados principalmente nas serras do Candán e do Cando, incluídas na Rede Natura e ameazadas por futuros proxectos de reopotenciación):

-PE CAMPO DAS ROSAS, Naturgy

8 aerogeradores de 3,45 MW e 163 m total 27,6 MW

Aféctalle á Estrada (parroquias de Souto e Codeseda), Cerdedo (Quireza e Castro), Campo Lameiro (San Isidro e Morillas)

-PORTO VIDROS, Naturgy, 3 aerogeradores de 163 m e 3,45 MW, total de 10,35 MW

Parroquias afectadas Cerdedo, Corredoira e Pedre (antigo concello de Cerdedo)

-ROSA DOS VENTOS: 3 aerogeradores de 163 m

Wind Power Rosa dos Ventos (Greenalia?)

Afecta a Souto (A Estrada), Castro (Cerdedo), Couso (Campo Lameiro) e Cuntis

-TOURIÑÁN III-2 8 aerogeradores de 160 m e 3 MW, total 24 MW

Afecta a Souto (A Estrada), Castro (Cerdedo), Couso (Campo Lameiro) e Cuntis.

-OUTEIRO GRANDE

AV Outeiro Rubio S.L (Enel Green Power). 6 aerogeradores (3 MW, 150 m).
PT: 18 MW





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A Estrada (Olives, Pardemarín)

-Forcarei (Meavía)

Evacuación L Alta Tensión cara Silleda: Conexión P.Touriñán- Outeiro Grande-
Monte Festeiros – Carboeiro

- MONTE FESTEIROS

AV Monte Festeiros SLU (Enel Green Power?). 16 no proxecto pero 24
aeroxeradores no Rexistro Eólico de Galicia. (150 m). PT: 48 MW

-Silleda (Graba e Xestoso)

- Forcarei (Aciveiro e Pereira)

Evacuación L Alta Tensión cara Silleda: Conexión P.Touriñán- Outeiro Grande-
Monte Festeiros – Carboeiro

- PEDRA LONGA

Pedra Longa S.L (Greenalia). 3 aeroxeradores (5.6 MW, 180 m) P.T: 16.8 MW

-A Estrada (Liripio, Codeseda e Sabucedo)

-Forcarei (Quintillán, Castrelo e Forcarei)

-Cerdedo (Tomonde)

Evacuación L Alta Tensión 132 k Beariz : Tramontana- P.Longa- Cabanelas-As
Penizas- Paraño

- CABANELAS





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Greenalia, 4 aeroxeradores (160 m.) P.T: 18 MW

-A Estrada (Liripio, Codeseda, Sabucedo)

-Forcarei (Quintillán e Castrelo)

Evacuación L Alta Tensión 132 k Beariz: Tramontana- P.Longa- Cabanelas-As
Penizas- Paraño

- AS PENIZAS

Greenalia. 8 (proxecto)-9 (no Rexistro Eólico) aeroxeradores (4.2 MW). PT:33.6
MW

-Cerdedo (Tomonde e Loureiro)

-Forcarei (Castrelo)

Evacuación L Alta Tensión 132 k Beariz : Tramontana- P.Longa- Cabanelas-As
Penizas- Paraño

-TRAMONTANA

Tramitación estatal

Greenalia, 13 aeroxeradores (5.6 MW, 180 m). PT: 72.8 MW

-Silleda (Xestoso)

-Forcarei (Meavía, Pereira, Quintillán, Aciveiro)

Evacuación L Alta Tensión 132 K Beariz: Tramontana-As Penizas- Paraño





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-SIROCCO

Tramitación estatal

Greenalia, 11 aerogeradores de 5,6 megavatios, total 61,6 MW

Cerdedo-Cotobade: parroquias de Corredoira, Carballedo, San Xurxo e Santa María de Sacos

A maiores destes parques eólicos, que suman 85 muíños e 341 MW, hai que ter en conta as inmensas afeccións das poligonais e os impactos doutras infraestruturas como as subestacións, as canalizacións, as pistas de acceso, as gabias, as explanacións da fase construtiva... así como as liñas eléctricas, que teñen unha forte afectación en zonas habitadas, como é o caso das seguintes liñas de alta tensión

LAT PORTOVIDROS-CAMPO DAS ROSAS

LAT TRAMONTANA- AS PENIZAS

LAT AS PENIZAS-BEARIZ

E aínda temos que engadir novos proxectos que están en fase inicial e do que aínda non hai información no rexistro eólico de Galiza como

- Ampliación As Penizas
- Borreiro (SET)
- SUÍDO II (SET)
- Campos Vellos (SET)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais das afeccións ambientais, paisaxísticas, ao patrimonio cultural, sociais, económicas, algúns destes parques e infraestruturas asociadas poñen en risco proxectos singulares da comarca de Terra de Montes como a Rapa das Bestas, festa declarada de Interese Internacional, ou o Observatorio Astronómico de Forcarei.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Aplicar os principios de precaución e prevención recollidos na lexislación ambiental e en consecuencia suspender a tramitación dos proxectos de parques eólicos previstos na comarca da Terra de Montes pola súa ocupación intensiva do territorio, o impacto en hábitats e especies de interese prioritario, a afectación a zonas habitadas e a interferencia en actividades económicas esenciais.
2. Proceder a realizar unha avaliación ambiental conxunta de todos os parques previstos na Terra de Montes e das súas infraestruturas asociadas.
3. Encargar a Augas de Galicia unha avaliación conxunta dos impactos na rede hídrica e nas augas superficiais e subterráneas, así como a realización dos conseguintes estudos hidrolóxicos e hidroxeolóxicos.
4. Encargar ao Instituto de Estudos do Territorio un informe sobre o impacto paisaxístico e o cumprimento da normativa sobre paisaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Realizar un estudo sobre o impacto económico dos parques no valor das terras, nos usos residenciais, no potencial turístico e en actividades do sector agrogandeiro.

6. Adoptar as medidas necesarias para a protección e conservación do patrimonio cultural e nomeadamente para salvagardar a Rapa das Bestas de Sabucedo, festa declarada de Interese Turístico Internacional. E recabar un informe ao respecto da Dirección Xeral de Turismo.

7. Adoptar as medidas necesarias para impedir a afectación polos parques ao Observatorio Astronómico de Forcarei.

8. Proceder á elaboración participativa e consensuada dun novo marco legal e dun novo plan sectorial, para garantir un desenvolvemento eólico con participación pública, socialmente xusto e respectuoso co medio natural e rural.”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/06/2021 13:35:55

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2021 13:36:03

Alexandra Fernández Gómez na data 10/06/2021 13:36:12

Xosé Luis Bará Torres na data 10/06/2021 13:36:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de deixar de costear con cartos públicos a atención relixiosa no Sergas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesares de que o Estado español e polo tanto Galiza recoñécense aconfesionais, o Servizo Galego de Saúde mantén cregos con salario a cargo da Administración pública, ademais de espazos propios nos hospitais reservados ao culto, en exclusiva á igrexa católica. Esta circunstancia, non parece acorde a ese principio de aconfesionalidade nin eticamente asumíbel, nun contexto no que o Partido Popular tenlle realizado á sanidade pública galega enormes recortes e o persoal ten sufrido eliminación de prazas e non substitucións que repercutiron enormemente na calidade da asistencia prestada.

No orzamento da Xunta para o ano 2021 hai consignados un total de 52 capeláns, 41 a xornada completa e 11 a media xornada, cunhas retribucións que ascenden a 706.997,42 €. Na área de A Coruña-Cee 6, Lugo a Mariña e Monforte 6, Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras 7, Pontevedra o Salnés 6, Vigo 7, Santiago a Barbanza 7 e Ferrol 2.

Un número e contías que non deixou de medrar toda vez que no 2013 o número era de 41, cunhas retribucións de 531.384€.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto vimos de coñecer unha resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, TSXG, na que consideran que a relación que manteñen os “capeláns” no Sergas sexa laboral e que en ningún caso pode considerarse persoal laboral do Sergas.

Consideran que a “actividade pastoral” que realizan estes capeláns é allea totalmente ao Sergas, que nin coincide coa propia do Sergas, nin este pode impartir ordes e directrices na súa execución, e que a prestación que derivan da asistencia relixiosa son alleas á competencia da Administración e polo tanto a súa fixación corresponde de forma exclusiva ás autoridades eclesiásticas, pois en outro caso estaríase infrinxindo o principio de laicidade do Estado.

Esta resolución do TSXG é clarificadora, e reafirma a posición de demanda de que con cartos públicos se estea costeando un servizo que debe quedar no ámbito privado. Consideramos que a Xunta de Galiza non debe seguir mantendo os privilexios da Igrexa Católica na Sanidade Pública, incluídos a satisfacción de salarios dos capeláns, contradicindo a aconfesionalidade e liberdade de culto e crenzas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Efectivizar o principio de laicidade e aconfesionalidade, recollido no noso ordenamento xurídico, e polo tanto deixe de costear con cartos públicos a “atención pastoral” da igrexa católica dentro do Sergas, xa que é un servizo que debe quedar no ámbito privado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Realizar todas as actuacións precisas para deixar de pagar as nóminas dos 52 capeláns que reciben retribucións do Sergas.

3. Destinar os 706.997,42€ da retribución aos capeláns á contratación de persoal sanitario.

4. Deixe de reservarse nos centros sanitarios espazos propios para o culto relixioso.”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2021 16:23:21

Iria Carreira Pazos na data 10/06/2021 16:23:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 10/06/2021 16:23:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita a seguinte corrección de erros nos documentos con números de rexistro 17177 e 17178

Onde dí:

Na parte expositiva, no parágrafo terceiro, “Neste contexto vimos de coñecer unha resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, TSXG, na que *consideran...*”

Na parte expositiva, no parágrafo quinto, “Esta resolución do TSXG é clarificadora, e reafirma a posición de *demanda de...*”

Debe dicir:

Na parte expositiva, no parágrafo terceiro, “Neste contexto vimos de coñecer unha resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, TSXG, na que *rexeitan...*”

Na parte expositiva, no parágrafo quinto, “Esta resolución do TSXG é clarificadora, e reafirma a posición de *denuncia do BNG de...*”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2021 12:36:35

Iria Carreira Pazos na data 11/06/2021 12:36:47

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2021 12:36:56



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a listaxe de persoas que integran o Programa de Asignación de Recursos (PAR).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza reducíronse de maneira notábel nos últimos anos as listaxes de agarda nos procesos de tramitación e valoración do grao de dependencia.

Porén, o feito de contar coa valoración non significa que unha persoa dependente acceda ao servizo que precisa e ao que ten dereito. Neste senso, en 2020 no noso país situábanse en 67.467 as persoas con dereito recoñecido a prestación por dependencia das que 6.923 non estaban ao finalizar ese ano atendidas.

No marco da normativa en materia de dependencia a Xunta de Galiza e, no concreto, a Consellaría de Política Social, conta co Programa de Asignación de Recursos (PAR), unha sorte de listaxe de agarda na que se atopan aquelas persoas que, por exemplo, tendo recoñecido formalmente o dereito a unha praza de residencia nun centro público non poden acceder a el por falta de prazas.

Malia que a Xunta de Galiza utiliza como argumento nos sucesivos pregos de licitación para a concertación de prazas na privada o número de persoas que agardan no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PAR por este recurso público, descoñécese o número exacto de persoas que o compoñen así como o tempo de espera medio que permanecen nel.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a remitir cada seis meses ao Parlamento de Galiza o Programa de Asignación de Recursos.”

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2021 16:43:34

Iria Carreira Pazos na data 10/06/2021 16:43:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 10/06/2021 16:43:50



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Segundo o prestixioso índice europeo de calidade de goberno elaborado pola Universidade de Gotemburgo, Galicia é a decimocuarta comunidade entre as dezasete do Estado en calidade de goberno, moi por debaixo da media estatal, o cal dá idea da aguda necesidade de mellora dunha administración que con demasiada frecuencia entorpece en lugar de dinamizar, sobre todo considerando que España, en conxunto, está lonxe de países veciños como Portugal e aínda máis lonxe doutros como Francia, por non falar dos países nórdicos que ocupan as primeiras posicións en calidade de goberno no noso ámbito europeo. A Administración autonómica xestiona inxentes recursos humanos, técnicos e financeiros, sendo o instrumento principal das políticas públicas en Galicia, de cuxo axeitado funcionamento dependen en gran medida o presente e o futuro do noso país, o seu éxito ou o seu fracaso.

Os fondos *Next Generation* apostan pola dixitalización e modernización das administracións, pero dificilmente pode haber dixitalización nin modernización sen un cambio progresivo da cultura directiva e organizativa no noso eido público, que debe partir da complicidade e cooperación do conxunto dos traballadores públicos.

Baseándonos no anterior, dende o PSdeG consideramos moi importante e urxente abordar un proceso de modernización e transformación da Administración para facela moito menos burocrática, opaca e ineficiente, superando a propaganda e autocomplacencia na que leva instalado o Goberno de Galicia desde hai unha década, reiteradamente desmentida non só por indicadores como o antes referido senón pola realidade dunha administración con tintes decimonónicos en pleno século XXI.

Curiosamente, moi pouco tempo despois de coñecerse a escasa puntuación de Galicia no índice arriba referido, a Xunta emitiu unha nota de prensa sinalando que “A Xunta aproba o primeiro programa de integridade institucional para avanzar na transparencia e na eficiencia da Administración autonómica”, no cal presúmese de ser a primeira administración en facelo pero que consiste nun



conxunto de vaguedades carente de contido, na liña do tan publicitado programa de impulso democrático do ano 2015, que o Goberno de Galicia sacou da manga ante a presión mediática dos numerosos casos de corrupción asociados ao PP naquel tempo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que deseñe, contando coa participación da sociedade civil, das forzas políticas e do conxunto dos axentes económicos e sociais, un plan de modernización e mellora da Administración autonómica sobre a base dos seguintes eixos:

- a) Mellorar a avaliación dos obxectivos, medios e resultados da administración autonómica implantando un verdadeiro proceso de control de xestión da administración pública que teña como obxectivo incrementar a súa eficiencia, efectividade e resiliencia.
- b) Aumentar a calidade dos servizos prestados pola Administración, mellorando a implantación da administración electrónica e a coordinación entre administracións e simplificando os servizos públicos para facelos máis flexibles e accesibles para a cidadanía, desde a consideración da diferenza de posibilidades no acceso e uso das novas tecnoloxías entre o mundo rural e o urbana e entre a cidadanía en xeral.
- c) Mellorar significativamente a transparencia e aumentar a participación cidadá en asuntos referidos á Administración para que a sociedade colabore e se implique na mellora dos servizos públicos e na propia gobernanza.

Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:





Pablo Arangüena Fernández na data 10/06/2021 18:00:33

Paloma Castro Rey na data 10/06/2021 18:00:47

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/06/2021 18:00:56



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de rexeitar considerar que os curas que desempeñan a súa actividade no Sergas sexan considerados persoal sanitario. Este rexeitamento vai na liña do que numerosos colectivos veñen trasladando dende hai anos, considerando que a inclusión dos sacerdotes no persoal do Sergas non ten sentido e non se corresponde coas funcións que deben desempeñar os distintos profesionais que o sistema sanitario debe ter no seu plantel.

Dende hai anos o Grupo Parlamentario Socialista vén defendendo no Parlamento de Galicia que esta situación é unha anomalía, incorporando iniciativas a debate e presentando emendas aos orzamentos autonómicos de maneira continuada todos os anos. Tanto as iniciativas, que formulaban a retirada deste persoal como parte do cadro do Sergas por non ser persoal propio do sistema, como as emendas aos orzamentos que pretendían darlle forma a esta proposta, foron rexeitadas polo voto en contra do Grupo Popular, maioritario na Cámara. Nos últimos orzamentos aprobados a Xunta de Galicia financia a presenza de sacerdotes no Sergas cunha cantidade en torno aos 700.000 que financia 52 sacerdotes, a maior parte deles a tempo completo. Esta cantidade podería ser reorientada a contratar profesionais asistenciais doutro tipo, que son extremadamente necesarios no sistema.

A maiores da cuestión orzamentaria, o goberno da Xunta de Galicia non foi quen de argumentar nin explicar en ningún momento as preguntas feitas polo Grupo Socialista, sobre a condición laboral baixo a que son contratados, a selección do persoal, os espazos que ocupan e as funcións que teñen asignadas no plano funcional do sistema.

O pronunciamento do TSXG vén de dar a razón á posición do Grupo Socialista e evidenciar que esta anomalía non ten sentido, e que a presenza de sacerdotes no Sergas é un feito fora do aceptable en termos legais, ademais de selo tamén en termos asistenciais.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a terminar coa financiación de sacerdotes no Sergas, reorientando esa partida á contratación de persoal verdadeiramente asistencial que poida reforzar o cadro de persoal de profesionais sanitarios do Sergas.

Pazo do Parlamento, 10 de xuño do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/06/2021 18:11:56

Marina Ortega Otero na data 10/06/2021 18:12:02

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/06/2021 18:12:12



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

